



Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1959)

Damián Porto Rico

Algúns conceptos previos

Cómpre comenzar facendo unha sucinta aclaración de conceptos: en ocasións prodúcese confusión entre termos como *capelanía*, *capela*, *ermida* e *oratorio*. Este último, seguindo a terminoloxía canónica é un lugar, relativamente pequeno, destinado á oración, ao culto a Deus e á celebración da misa, non erixido en orixe para utilidade común de todos os fieis, a diferenza das ermidas e igrexas¹. Pode ser *público*, *privado* ou *semipúblico* e asimiláremolo de cotío e no sucesivo ás ermidas por unha sinxela razón de comodidade de conceptos.

Moitas veces tamén se lles chama capela aos oratorios ou ás ermidas, aínda que o termo capela designa con máis propiedade os compartimentos que se erixen nos altares secundarios das igrexas. Empregaremos pois, no sucesivo, a verba ermida para referirnos a edificacións exentas da igrexa parroquial –aínda tratándose en ocasións propiamente de oratorios– e deixaremos o termo capela para aquelas que non teñan esta cualidade. Encol delas é de sumo interese o elenco de

1 Vid. Ferreres, Juan B. *Instituciones canónicas con arreglo al Novísimo Código de Pío X, promulgado por Benedicto XV y a las prescripciones de la disciplina español y de la América Latina*. Barcelona: Subirana, 1920. Vol. II, Tít. X, páxs. 41 e ss.

imaxes de Francisco Azurmendi recollido no número 6 deste mesmo anuario baixo o título “Capelas e Santuarios do concello da Estrada”.

Tocante ás capelanías, trátase de entidades xurídicas consistentes no dereito a percibir os froitos de determinados bens e na obriga ou oficio espiritual consistente, polo común, en celebrar determinado número de misas a intención do fundador. Son, pois, fundacións vinculares perpetuas que levan anexa unha carga en forma de misas que deberán aplicarse en determinado altar, igrexa, capela ou ermida.

As capelanías poden estar erexidas a perpetuidade por decreto do bispo, de forma que os bens quedan espiritualizados (esto é, pasan a dominio da Igrexa) e a capelanía pasa a denominarse *eclesiástica* ou *colativa*, constituíndo un verdadeiro beneficio que serve de título de ordeación e que o bispo debe conferir, aínda que a presentación se faga polo padroeiro. Nesta caste de capelanías non se adquire a posesión polo feito da presentación ou nomeamento, senón pola colación e institución que confire o bispo. Cando se institúen a favor de consanguíneos chámanse *capelanías de sangue*.

As que non precisan da autoridade eclesiástica para a súa institución reciben o nome de *capelanías mercenarias*. Non sirven como título de ordeación e consisten, sinxelamente, nunha fundación perpetua co gravame de celebrar –ou mandar celebrar– misas nos altares, capelas ou igrexas designadas polo fundador. Coñécese tamén co nome de *capelanías laicais*, *legados píos*, *aniversarios*, *memorias de misas* ou *padroados reais de legos* porque poden télas os laicos (varóns ou mulleres) sen máis obrigas que mandar celebrar as misas e esixir recibo delas ao sacerdote que o faga. Chámanse ás veces *cumprideiras* porque se confiren a presbíteros ou legos coa obriga de facer cumprir as cargas celebrando as misas e co dereito de administrar os bens delas. Os padroeiros poden mudar de capelán cando queiran, de aí outra súa denominación: *amovibles ad nutum*.

Por último, reciben o nome de *capelanías xentilicias* aquelas nas que o dereito de padroado está exercido por unha familia designada polo fundador. O padroeiro é sempre lego.

Chegados ata aquí debemos aclarar que entendemos por *padroado*, conforme aos canonistas, o conxunto de dereitos útiles, honoríficos e onerosos que competen a alguén nunha igrexa fundada, edificada, dotada ou reparada por el ou polos seus antergos co consentimento do bispo. O padroado referido ás persoas pode ser *activo* (consistente na facultade de presentar a unha persoa para un beneficio eclesiástico) ou *pasivo* (o dereito mesmo a ser presentado). No eido das capelanías o padroado pódese dividir en *eclesiástico*, *laical* ou *mixto*, conforme á natureza dos bens afectos a el. É *hereditario* se pasa aos herdeiros conforme á vontade do posuidor; *familiar* ou *de sangue* se unicamente compete a unha familia; *xentilicio* se entran na familia as pólas colaterais; *lineal* se concorre toda a liña e, caso de extinguirse, pasa á outra...

En canto ás *fundacións*, trátase quizais do termo máis complexo e ambiguo, xa que tanto as ermidas como as capelanías participan deste concepto, derivado da capacidade dos que poden dipoñer libremente dos seus bens mediante testamentos ou doazóns. Así, reciben o nome de fundacións pías os bens temporais dados en calquera forma a unha persoa moral na Igrexa coa carga perpetua, ou por longo tempo, de que coas súas rendas anuais se digan misas, ou se leven a efecto outras funcións eclesiásticas determinadas ou se fagan obras de piedade ou caridade².

A tarefa máis complicada á que se encontra obrigado calquera estudo sobre as fundacións e as obras pías é a de definilas, como ben puxo de manifesto o profesor Domingo González Lopo, gran coñecedor deste campo. Aínda que a primeira vista poidera parecer empresa doada, non o é tanto, debido á circunstancia de que baixo este nome xenérico ou o de fundacións, encérrase unha realidade moi complexa, como vimos de comprobar. Porque obra pía é toda aquela creación piadosa que a devoción dun fiel institúe, ben ao

2 Código de Dereito Canónico de 1917, cn. 1544. Sobre a fundación de obras pías é de obrigada consulta González Lopo, D. *Un aspecto de la mentalidad religiosa gallega de los siglos XVII y XVIII: La fundación de Obras Pías*. En *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González* (tomo I). Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade, 1987.

longo da súa vida, ou no momento final da mesma. Sen embargo aplícase particularmente este título a aquelas que nacen coa intención de que teñan unha permanencia no tempo. A partir daquí as posibilidades son case infinitas, dependendo, non só das intencións do fundador senón tamén da súa imaxinación e, sobre todo, das súas posibilidades económicas.

O mesmo González Lopo establece unha clasificación xenérica das obras pías/fundacións, que poden ser:

- a) De culto: dotación de lámpadas para iluminar ao Santísimo Sacramento ou algunha imaxe, novenas, creación de xubileos e misións, etc.
- b) De beneficencia: Son aquelas que crean esmolos ou actos de caridade: dotación de orfas, escolas, vestir pobres, esmolos, etc.
- c) De misas: Son as fundacións máis frecuentes e normalmente ningunha das anteriores nace sen ir acompañada destas.

Todas as figuras anteriores supoñían moitas das veces a amortización ou vinculación de bens que quedaban así fóra dos circuitos comerciais. Acontecía o mesmo cos morgados e vínculos familiares. Todas estas figuras caeron baixo os anceios desamortizadores dos gobernos que, baixo o epíteto de ilustrados, tenderon a limitar a caída de propiedades nesta sorte de mans mortas: Carlos III prohibiu fundar morgados e perpetuar o alleamento de bens raíces sen contar con real licenza³. Carlos IV outorgou facultade aos posuidores de morgados, vínculos e padroados de legos para allear os bens das súas dotacións, colocando o produto na Real Caixa de Amortización ao rédito do 3%. E por real cédula de 19 de setembro de 1799 dispuxo, aínda que os bens das capelanías non podían con anterioridade allearse nin desmembrarse, o alleamento de todos os bens pertencentes a obras pías, memorias, padroados de legos, cofradías... Os efectos de moitas destas disposicións foron suspendidos por decreto de 16 de novembro de 1808.

3 Por decreto de 8 de abril e cédula do Consello de 14 de maio de 1789.

O lexislativamente profuso século XIX semellou asestar outro golpe a estas figuras co decreto de Cortes de 27 de setembro de 1820, publicado como lei o 11 dese outubro: quedaron suprimidos os morgados, fideicomisos, padroados e calquera outro xeito de vinculacións de bens, xuros ou foros, restituídos desde entón á caste de libres. Ninguén no sucesivo podería, nin sequera por vía de mellora, fundar morgados, capelanías, padroados, obras pías ou calquera tipo de vencello de bens nin prohibir o seu alleamento. As igrexas, mosteiros, confradías, casas de ensino, hospicios e hospitais e todos os outros establecementos eclesiásticos —que durante séculos detentaran en exclusiva a precaria asistencia sanitaria ou educativa— quedaron privados de adquirir bens e de impoñer ou mercar capitais a censo.

Mais debemos ter en conta que as disposicións anteriores foron completamente anuladas pola cédula de 11 de marzo de 1824, mediante a que se declararon nulos e sen efecto todos os actos do goberno anterior, repoñéndose os morgados e vínculos ao seu estado en 7 de marzo de 1820. E o decreto de 30 de agosto de 1836 restableceu outra vez as leis de desvinculación.

O 19 de agosto de 1841 fíxose pública a lei sobre capelanías colativas, que tamén tivo que ser matizada en diversas ocasións —e mesmo derogada— dada a dificultade de desvincular bens que servían como título de ordeación. O seu primeiro artigo dispoñía, por exemplo, que os bens das capelanías colativas ao desfrute do que estaban chamadas determinadas familias deberían adxudicarse como de libre disposición aos individuos delas nos que concorrese a circunstancia de preferente parentesco. Porén non comprendía esta lei a outras fundacións de carácter puramente piadoso ou benéfico.

Logo de publicado o Concordato de 1851 como lei, xurdiu a dúbida de se podía considerarse derogada a lei de capelanías: o artigo 39 dispoñía que se adoptasen as medidas precisas para facer cumprir as cargas delas, o 41 recoñecía á Igrexa o dereito de adquirir propiedades por medio de calquera título lexítimo e o 45 derogaba cantas disposicións se opuxeran a esto. Aínda que por real decreto de 30

de abril de 1852 se considerou derogada o Tribunal Supremo de Xustiza manifestouse do parecer contrario á derogación. Mais o obxecto deste traballo non é, como imos ver, penetrar nas disquisicións dos xuristas nin en apreciacións lexislativas que serán obxecto dun estudo máis fondo que agardamos vexa pronto a luz.

Metodoloxicamente imos desbotar do noso traballo as fundacións de misas, perpetuas ou por unha vez (que mediante as últimas vontades establecían a cotío os testadores para que se dixesen logo da súa morte) por ser un feito común, sumamente estendido e imposible de cuantificar en períodos longos para todas as parroquias estradenses: cadaquén según as súas posibilidades estatuía misas hipotecadas sobre algún dos seus bens (leiras ou outros bens raíces) e que debía pagar o levador desas posesións. No XVIII é unha tipoloxía moi común nos arquivos parroquiais a formada polas escrituras de allanamento, mediante as que os sucesores e/ou levadores de bens vencellados a esas cargas se comprometían ao seu cumprimento, moitas veces xa esquecido. A lamentable perda de moitos libros dos arquivos parroquiais, cando non da totalidade dos seus fondos para a investigación pública (caso dos arquivos de San Miguel e Santa Mariña de Barcala) dificulta en gran medida o acceso a unha información completa de períodos amplos sobre estas fundacións de misas ou mesmo sobre os allanamentos a elas referidos.

Centrarémonos pois nas fundacións de maior calado: ermidas, capelanías e obras de piedade.

Aínda que o rango cronolóxico deste traballo se sitúa, según o seu título, entre 1567 e 1959 (datas extremas da fundación da capela de San Antón de Padua en Oca de Abaixo e da bolsa no Seminario Conciliar de Santiago polo párroco de Remesar Francisco Arias), cóstanos que se pode remontar a historia das fundacións nas parroquias estradenses ata o século XIII (posible fundación dun montepío en Santo André de Veá) e que aínda hoxe é posible continuar desenvolvendo figuras desta caste no eido eclesiástico.

Inventario de ermidas, fundacións e obras pías das terras do actual concello da estrada

San Paio de Figueroa (hoxe San Paio da Estrada) e San Pedro de Toedo

O cardeal del Hoyo fala da primeira das fundacións das que temos noticia na parroquia de Figueroa –unha das máis antigas ás que podemos retrotraernos nesta pescuda– na súa obra de 1607:

“Hay en esta felegresía una hermita de Santi Spiritus. Mandó Juan Gonçalez de Figueroa, su fundador, según dicen se dixese en ella una misa cada semana y para ello mejoró a dos hijos en tercio y quinto, pero dicen que no han aceptado la herencia y así no se cumple el mandato del fundador”.

Sen dúbida é a mesma á que se alude anos máis tarde, cando na visita do arceprelado de Vea de 1746 se fala en San Paio de Figueroa dunha ermida “*del Spiritu Santo, en la que Juan González Figueroa por el testamento nuncupativo, con que murió, corroborado por la Justicia Ordinaria en el mes de Febrero del año de 1589 ante Francisco Núñez escribano fundó 2 misas semanarias, hipotecando para ellas diferentes bienes, con la obligación de tenerla bien reparada, y con los ornatos necesarios los poseedores de ellos, que actualmente lo son Don Joseph Bermúdez de Sangro, y otros*”. Estaba por entón “*mui indecente y sin ornatos*” e nas visitas parroquiais previas déranse diversas providencias para subsanar este feito, que non tiveran efecto; porén mandouse que non se celebrase “*dentro, ni a la parte de afuera de dicha Ermita [...], fixando Zédula en la Puerta de ella para que ningún Sacerdote lo haga*”. Neste Xoán González de Figueroa e na súa dona, Inés Álvarez Bermúdez de Castro, semella que se cimentan as orixes dos Bermúdez de Castro e Sangro, que chegado o século XVIII dominaban boa parte da bisbarra, colocando aos seus descendentes menos favorecidos en curatos próximos (Callobre e Ouzande). Foron donos e artífices do hoxe malparado pazo de Figueroa (en Figueroa de Arriba) e desde 1728 pertencíanalles o 6º oficio de rexedor perpetuo dos 22 que compoñían o concello de Compostela.

Na mesma visita arciprestal de 1746 cítase entre as fundacións da parroquia, un colateral ao lado do Evanxeo coa capelanía advocación de Nosa Señora dos Remedios “*en el que Gabriel Rodríguez y Marquesa Calveiro por su codicilo otorgado en el año de [1]598 mandaron se hiciese una Capilla y en ella se pusiese la imagen de los Remedios, y que asimismo se dijese tres misas rezadas, y una cantada en el día de Natividad [...] para lo que hipotecó el Prado de Lavandeira*”. As misas estaban a cargo dos herdeiros de don Xoán Antón da Pena, que eran os padroeiros nesas datas do XVIII, nas que se afirma que “*en dicho Colateral sólo hay una pintura en la misma pared sin más adorno*”.

Obviamente esta fundación estaba establecida na primeira das igrexas da Estrada, a que foi destruída en circunstancias un tanto escuras en 1851, nunha mostra do que poderíamos calificar como “protoespeculación” municipal. Desde xuño de 1859 funcionaba a nova igrexa a pesares de que aínda non contaba con cemiterio, nin adro, nin baldosas no templo, nin altares colaterais... Sería rematada a obra conforme aos planos e presupostos do arquitecto Xosé María Ortiz e, como todas as anteriores, pasou a formar parte da abondosísima arte e arquitectura extinguidas no noso concello.

Mais a inutilización temporal do templo parroquial estradense permítiu sacar todo o rendemento á que posiblemente fose a derradeira ermida fundada na vila estradense, hoxe tamén arquitectura extinguida ao igual que a vella igrexa. Referímonos á capela da Virxe Pelegrina, construción de 1841 que se disputaban o cura de Ouzande, ínclito señor Fontenla, e os fregueses de Ouzande, Guimarei e Figueroa. Se non queda clara a súa paternidade, si a súa finalidade, redundando unha vez máis na nova dirección comercial da nacente vila, “*en orden á la necesidad y utilidad de erijir capilla en la población de la Estrada, á fin de que puedan cumplir el santo precepto de la misa los detenidos en aquella carcel y los muchos concurrentes á la feria y mercado que mensual y semanalmente hay en aquel lugar*”⁴.

4 F. X. 1261.

A nova estrutura que se proxectaba para a recién declarada vila non tardou en se manifestar, acadando incluso a desmembración de lugares das freguesías limítrofes no seu afán por facer xurdir un novo centro económico acorde aos postulados económicos das postrimerías do XIX. Eso se desprende doutra epístola do ecónomo de San Paio de Figueroa, Francisco Couto Eirín, ao arcebispo o 28 de febreiro de 1876⁵:

“Excmo Señor.

La Villa de la Estrada se compone de los antiguos lugares del mismo nombre, y de los de Bayuca y de Bedelle pertenecientes a las parroquias de San Pelayo de Figueroa, San Lorenzo de Ouzande y San Julian de Guimarey.

Con motivo de haberse establecido en aquel punto las capitales del Juzgado y Ayuntamiento del propio nombre, la poblacion aumentó, y las aldeas citadas vinieron a formar el pueblo urbano, declarado Villa hace años.

Estas circunstancias, y la de haberse incendiado la Yglesia de Figueroa, dieron motivo a que se trasladase a la Estrada, como tubo efecto con la decedida proteccion de su patrono el Exmo Señor Marqués de Santa Cruz, y el auxilio de todos los vecinos de la Villa.

La Yglesia de Guimarey se halla muy distante, y la de Ouzande quedó agregada á la de San Pelayo [...], por cuya razon el Emmo Señor Cardenal Arzobispo antecesor de S. E. se dignó acordar en el espediente de arreglo parroquial unir toda la Villa de la Estrada con sus barrios de Bayuca y Bedelle a la parroquia citada de San Pelayo”.

O Arcebispo aceptou, unindo no eclesiástico o xa unido polo civil: os lugares de Bedelle e Baiuca a San Paio da Estrada. Non conformándose, semella que pretendeu incluso suprimir a igrexa de Ouzande, según carta que lle dirixiron os veciños desta:

“en el dia de ayer, domingo 20 de los corrientes se sorprendieron y alarmaron, al ver que el sonido de las campanas de su Yglesia, [...] no les convocaba á oír misa á pesar de celebrarse ese dia la funcion de la Sma Virgen del Carmen.

Averiguado el motivo quedaron aterrados [...], al saber, que de orden de V. E. Rm^a se cerrara esta Yglesia [...].

Dicen que V. E. suprime la Yglesia de Ousande para dejar á las dos parroquias la Yglesia de la Capital. No puede ser Emmo Señor por las consideraciones que van á tener el honor de hacer presente [...].

1^a La Yglesia de Ouzande, que data del siglo X, de la época de los Templarios no

5 F. X 1174.

puede ser absorbida por la de la Capital del partido que data del año 56, y que carece de recuerdos, de tradiciones, [...] pese a quien pese, en la Yglesia de Ouzande, no hay Ymagen que quede sin funcion a pesar de no tener consignacion para Culto [...]. La Yglesia de la Villa todo es amor platonico; no hay Santo que tenga funcion; y para hacer este año la del Sacramento hubo suscripciones que dieron lugar á dimes y diretes [...].

2ª La parroquia de Ouzande forma al Sur de la Villa una hermosa Cuenca [...] atravesada por tres regatos [...] y en invierno no pueden atravesarlos las muges, los ancianos ni los niños para ir á oír misa á la Yglesia de Estrada [...]. [...] en tal supuesto recurren sumisamente suplicando á V. E. Rema tenga la dignacion de mandar abrir al Culto la Yglesia de Sn Lorenzo de Ouzande pues de otro modo se abatiran grandemente los afectos religiosos de sus vecinos; que nunca los pobres han visto tranquilos ser absorbidos por los ricos, por los burgueses de nuestra época [...]; ni en vano desaparece por ensalmo de nuestra vista el sitio en que nos enseñaron á Dios cuando niños y el lugar en que consolaron sus penas nuestros padres nuestras esposas y nuestros hijos. Parroquia de Ouzande 22 Agosto de 1882”.

Santa Mariña de Agar

O 24 de xaneiro de 1706 fundou a capelanía de San Ildefonso no colateral do lado da Epístola da parroquial de Agar dona Bieita Antía Mondragón, natural de San Cristovo de Remesar, da Casa de Vilasusán, según copia de escritura conservada nos fondos parroquiais: *“por quanto siempre ha tenido, y tiene intención y decisión de fundar una Capilla de advocacion del Glorioso San Ildefonso, que sea titular, y colativa de Patronato de legos, para que a título de ella se puedan ordenar clerigos siendo ya de menores órdenes, y puedan ascender a las maiores, y digan las misas que avajo irán declaradas, por su ánima, y mas a quien tuviere obligacion [...]. Que el patrono que fuere de dicha Capilla [...] pueda nombrar otro que la sirva, y cumpla con las misas”*. Dotouna co lugar de Sorribas.

O corpo de dona Bieita de Mondragón, veciña do lugar de Gonxar, foi sepultado o 8 de abril de 1722 con asistencia de 40 sacerdotes nunha das máis sobranceiras mostras de manierismo barroco que se viran na parroquia. Era viúva de don Antón Vázquez de Castro (da parroquia de Trasariz) e antes o fora de don Antón Romero Figueroa (de Sarandón). Deste primeiro matrimonio tivera

ao capitán don Alonso Romero Figueroa e ao doutor don Gabriel Romero Figueroa, cóengo que foi de Iria. Do seu segundo matrimonio con don Antón Vázquez tivo a dona Ánxela Vázquez de Castro, que estivo casada con don Xosé Taboada Mosquera⁶.

Debía contar a súa capelanía cunha dotación de certa entidade nos lugares de Gonxar e Sorribas, xa que numerosos bens afectos a ela aparecen referenciados no Catastro de Ensenada como cedidos en arrendo a Xosé Rei Mozo, que pagaba por eles 39 ferrados de millo, 12 de centeo, 14 de trigo e 1 de fabas. Ademais, os sucesores, chegadas as postrimerías do século XVIII, acordaron que tal caudal de bens debía voltar ás súas mans. Así, no 1792, dona Magdalena Lousada Romero (viúva do tenente coronel don Froilán Ribadeneira) pediu ao Fiscal Xeral Eclesiástico a nulidade das misas alegando que *“d^a Benita Mondragón [...] en el año pasado de mil seiscientos noventa y cinco, hizo mexora de tercio y quinto de todos sus vienes, á favor de su hixo don Alonso Romero, Abuelo de mi parte [...]: Posterior a ello [...] discurrió fundar una Capellanía en la Yglesia Parroquial [...] todo lo que se estimó por de ningún valor, y efecto en las Partijas que se han celebrado entre los hijos del citado don Alonso Romero a vista de que en perjuicio de la mexora y rebocable [sic] del tercio y Quinto que había echo la D^a Benita, no podía posteriormente otorgar otra disposición ni añadir grabamen a los vienes que entonces no obiese ympuesto, pero no obstante la madre de la mía, y también esta no se detubieron en mandar decir las Quatro misas, por una deboción voluntaria, cuio echo da motivo al cura actual para que a pretesto de aquella disposición de la d^a Benita, nula é ineficaz, quiera hacer cumplir a mi parte con mandar decir las misas, y convertir lo gracioso en obligación”*⁷.

6 F. Prs. Agar, Santa Mariña. Registros de defuncions.

7 F. Prs. Agar, Santa Mariña.

Santa María de Aguións

No 1749 fíxose un informe sobre as capelanías do arcebispado. De Aguións dise que “En esta fr^a y sus términos ai dos capillas. La una esta dentro de los muros y portico de la Casa de el Preguecido, advocacion de Sn. Mauro. La otra título de N[uest]ra Señora de el Rosario sita en el Colateral de el Evangelio de esta Yglesia [...]. No ai copia de la fundacion de la de San Mauro [...]. Havría fundado la de Sn Mauro los causantes de los Azevedos que son los Dueños de la citada Casa de el Preguecido. La de el Rosario la fundó en 3 de Septiembre de 1707 Dn Juan Carbon Clerigo de menores, que se ordenó asta de Presbitero á título de ella, á cuiu muerte recayó en Juan Carbon su sobrino que se halla en Granada”⁸.

Sobre a casa do Preguecido e o morgado fundado polo cóengo Gómez Rodríguez de Riobó mediado o século XVI, hai varios estudos recentes que describen o seu paso a mans dos que serían condes de Ramirán e logo ás de Segundo Paseiro Andión⁹. A fundación da capela de Santo Amaro no pazo resposta ás intencións de Baltasar Rodríguez de Ribeira e Soutomaior.

A capelanía de Nosa Señora do Rosario, incluída na igrexa parroquial, debeuse ao presbítero veciño da Aldea Grande Xoán Carbón, que a fundara para ordearse a título dela con catro misas perpetuas. No 1741 vacara por morte do seu fundador e último capelán e quería opoñerse a ela o veciño de Cora Xoán Antón de Cora con nominación que fixera ao seu favor Francisca Carbón padroeira única e muller de Xosé de Señorán, filla de Bertomeu Carbón, irmán de Xoán Carbón o fundador. O Fiscal Xeral Eclesiástico opinaba que a capelanía debía suprimirse por non ter efectos ningún¹⁰.

8 F. X. 378.

9 Picallo Fuentes, H. *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. En *A Estrada miscelánea histórica e cultural* nº 7, 2004. Páxs. 167-227; tamén Porto Rico, D. *Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros*. En *A Estrada miscelánea histórica e cultural* nº 8, 2005. Páxs. 147-251. Nese catálogo figura a copia da escritura fundacional da capelanía do pazo.

10 F. P. C-123.



Aguíóns. Pazo e castro do Preguecido. Foto: Damián Porto.

San Pedro e San Tomé de Acorados

Na parroquia de San Pedro o máis parecido a unha fundación que poidemos rastrexar foi a doazón da casa rectoral por parte do cura Xoán Barba de Casal, soterrado o 6 de marzo de 1737, en troques da obriga de certas misas a perpetuidade.

Cónstanos tamén pola copia do testamento do licenciado André García, rector de Santa María de Troitosende, de 6 de xullo de 1638 (solicitada no seu día polo meiriño e xustiza ordinaria da xurisdición de Dubra) a existencia doutra fundación perpetua de misas que se deberían decir na igrexa de San Pedro:

“Yten digo que Juan de Marque mi hermano después del facellimiento de mis padres y suios se quedó con todas las casas y lugares, y más hacienda [...] sin darme quenta ni partija [...] nueve ferrados de centeno que en mi nombre cobra los cuales compré a Sebastián de Santa Mariña sea obligado el dho Juan de Mareque hacer decir quatro misas reçadas de pensión en cada un año [...] en la Iglesia de San Pedro de Acorados por mi ánima y de mis padres [...]; y después del fallecimiento de dho mi hermano suceda en los dichos nueve ferrados de centeno de renta María de Mareque su hija [...] y después [...] la persona que ella nombrare [...], y no se pueda vender, ni enagenar, ni dividir”¹¹.

Tamén sabemos polo mesmo volume que na visita pastoral de 1655 estaba fundada no colateral do lado da Epístola unha capela

11 F. Prs. Acorados, San Pedro.

adicada a San Bertomeu, que fundara Xoán de Brei con cinco misas anuais. No lado do Evanxeo había outra capela de advocación de Nosa Señora, que fundaran Xácome Ares e a súa muller.

Tocante á parroquia de San Tomé, mediado o XVII Bertomeu de Bascuas –por medio do seu testamento– realizou tamén unha fundación de misas: “Yten quiero y es mi voluntad que qualquiera de mis hijos y herederos que trajere, labrare y poseiere el Lugar de Brey y la parte del que yo al presente traygo y labro que herede por un hijo mío y de mi muger Dominga de Brey difunta me diga en cada un año perpetuamente dentro de la Yglesia de San Thome de Ancorados dos misas reçadas al otro día de difuntos”¹².

No colateral do Evanxeo da igrexa estaba fundada desde 1707 por Antón de Bascuas a capelanía de Nosa Señora do Rosario. Ao tempo de constituíla Antón aínda era crego de prima tonsura. Deixou disposto que logo da súa morte o sucederan André Montoiro e outros seus sobriños, colocándoos despois de André na orde de sucesión. Dotara a capelanía con bens herdados dos seus pais: unha casa, leiras, viñas no lugar dos Golmados, soutos con carballos e castiñeiros..., sitios nas parroquias de San Tomé de Ancorados, San Xiao de Arnois e Santo Estevo de Oca.

San Miguel de Arca e Santo André de Souto

O cardeal del Hoyo ofrécenos da parroquia de Arca no 1607 unha descrición eclesiástica pola que apreciamos a serodia implantación de fundacións destinadas ao culto:

“Hay en esta felegresía dos hermitas, la una de San Mamed y la otra de San Torcato. Junto a esta iglesia está la hermita y granja de San Benito de Montillón que es de los frailes y monasterio de Armentera: tiene siete feligreses a los quales administra un capellán mibile por ocho ducados”.

Precisamente en Montillón (Souto) se conserva aínda no lado do Evanxeo da capela de San Bieito, a que pode ser a pía bautismal máis

12 F. Prs. Ancorados, San Pedro.

antiga da comarca, que xa chamou noutrora a atención do polígrafo e xuíz da Estrada Fermín Bouza Brei. Cadrangular, románica, datada no segundo tercio do século XIII e portando unha inscrición no borde da súa boca que nos ofrece o nome de quen puido ser un dos presbíteros pioneiros en propagar a palabra de Deus na zona: “*Fredenandus Pr[esbiter] fecit fonts et restauravit e[cc]le[si]a vocabula s[anc]t[i] ben[e]dic[t]i*”¹³. A presenza dunha ermida e granxa fálanos en Montillón de monxes bieitos, que estenderon non só as verbas de Deus, senón tamén o cultivo autosuficiente de terras ermas e alonxadas dos núcleos urbáns. Trala reforma da regra de San Bieito promovida polos Reis Católicos, acrecentouse a facenda dos mosteiros máis importantes, quedando os máis pequenos reducidos a sinxelas granxas¹⁴ explotadas por colonos: tal sería o caso de Montillón.

No 1680 o crego de menores Xoán da Riba, veciño de Souto, fundou a capelanía de San Roque na igrexa parroquial de Arca.

E no 1681 Domingo da Fonte, tamén crego de menores, fundou a de Santa Lucía no interior do mesmo templo.

A ermida da Ascensión, no lugar do Carballal, debe datar do século XVII: o cardeal del Hoyo non a menciona nas súas visitas pero no XVIII xa estaba fundada nela unha cofradía¹. De feito, o rector Antón Fraga Hevia e Pedroso, soterrado en 15 de agosto de 1701, no seu testamento deixou estipuladas seis misas o día de Nosa Señora das Neves, que “*se an de dixir en nuestra señora de la asunzión, en su ermita o capilla sita en esta fr^a de Arca*”¹⁵. Fálanos esta última vontade dunha tradición xa asentada, empregando á Virxe como intermediaria na salvación da alma. Os que podían, permitíanse deixar entre as súas mandas testamentarias misas nos altares ou capelas que recibiran indulxencias dos Sumos Pontífices, ou ante imaxes de santos que intercederían por eles para aliviar as penas do Purgatorio.

13 Bouza Brei, F. *Pila bautismal con epígrafe de Montillón*, en *Compostellanum*, tomo XII, nº 4, 1967. Páxs. 651-652.

14 Sá Bravo, H. *El Monacato en Galicia*. Vol. I, páx. 164.

15 F. Prs. Arca, San Miguel e Souto, Santo André. Administración parroquial.

Outro rector destas freguesías, Antón Amado, morto no 1744, optou por deixar 206 misas, a decir –entre outros emprazamentos privilexiados– na capela de San Bieito de Montillón e no altar de Ánimas do convento de Nosa Señora da Cerca de Santiago. Tamén deixou disposto que o revestisen para o seu derradeiro tránsito coas vestiduras franciscanas, procurando garantir deste xeito a salvación da súa alma.

Tamén se afirma que houbo outra ermida preto do Umia, no monte San Paio, adicada ao apóstolo San Pedro, que se desfixo ao tempo de erguer a actual igrexa¹⁶. No 1746 aínda existía e dise na visita arceprestal dese ano que pertencía aos veciños, ao igual que a da Ascensión. Tamén nesta visita se menciona a de San Bieito, da que era padroeiro o duque Patiño como cobrador dos foros do extinguido mosteiro de Armenteira.

No 1742 fundárase tamén na parroquial de Arca a capelanía de San Antón.

En Souto houbo cando menos dúas capelanías na igrexa parroquial: unha baixo a advocación de Nosa Señora da O, fundada no 1681 por Gregorio Picallo. Outra, a de San Xosé, tamén na parroquial, fundada no 1734 por Gregorio de Souto.

Non podemos rematar sen adicar unhas liñas tan sequera a un senlleiro suxeito, polémico sen dúbida, natural e patrimonista doutra Arca (Santa Baia), aínda que rector de San Miguel moitos anos e profesor de Escritura Sagrada na Universidade de Santiago. A el se refire a cartela que podemos ler aínda hoxe na igrexa de San Miguel: “*Reinando Isabel II. Siendo Pontífice Pío IX y Arzobispo de Compostelano el Eminentísimo Cardenal García Cuesta. Hizo este templo en 1864 y 1865 D. Andrés Díaz y Rodríguez, párroco 25 años y Canónigo después en Lugo y en Santiago. Caballero de Carlos III y Capellán de honor de S. M.*” Tamén a cargo da súa fortuna se ergueu o monumental muro do adro da parroquia en 1865 e a torre da igrexa.

16 A ela se refire Pedro Varela Castro na súa obra *La Estrada*, 1923.

Carlista contumaz, loitou mandando un grupo de veciños contra a raíña de España Isabel II en pro do rebelde “submonarca” Carlos.

Non foi o seu un caso aillado. Moitos párrocos estradenses se viron seducidos polo carlismo como ideoloxía que garantiría o seu estilo de vida. Proba deso son os múltiples oficios que desde 1834 as autoridades civís enviaban ás eclesiásticas dándolles conta do comportamento do seu clero rural. Referidos á Estrada podemos entresacar un oficio de 24 de agosto de 1834 dirixido polo Goberno Civil de Pontevedra ao arcebispo resulta máis explícito e case amenazador:

“Por el mejor servicio de S. M. y para no verme en la dura precisión de adoptar personalmente otras providencias de que pudiera resultar perjuicio al respetable carácter de los sugetos interesados, comunico en este día las órdenes competentes respectivas a los jueces Rl. De las Jurisdicciones de Tabeirós y Montes, a fin de que en mi nombre adviertan á los SS. Párrocos D. Manuel Gómez en Sta Maria de Olives, D. José Aparicio en Sta Marina de Agar, D. José Ballesteros de Sn Miguel de Moreira, D. Manuel Afonsín ecónomo de Sta M^a de Paradela [...]; que inmediatamente deben trasladarse a la Ciudad de Santiago, con el objeto de presentarse a V. E. y permanecer a su disposición interin se desvanecen las dudas fundadas que hay acerca de su conducta política en las delicadas circunstancias actuales”.

Pasando en ocasións a actuacións executivas:

“Dn. Manuel Juan Carbon cura Párroco de Santa Cristina de Vinceiro en el Partido Judicial de Tabeirós, ha sido confinado á la Ciudad de Orense vajo la vigilancia de la Policía según sentencia de la Comisión Militar Ejecutiva del Reyno”. Datado en xuño de 1836.

André Díaz e o carlismo resultaron vencidos. A súa vida daría pé a escribir unha interesante biografía: algúns autores afirman que foi condeado a morte, posteriormente indultado e repostado no seu beneficio parroquial, ascendendo a cóengo da catedral de Lugo en marzo de 1854 e logo da de Compostela como colofón á súa novelesca existencia. Faleceu o 14 de agosto de 1876 aos 73 anos e está soterrado en Santiago no patio do Museo e Arquivo Catedralicios.

San Xíao de Arnois

O cardeal del Hoyo¹⁷ xa refire a antigüidade do culto á Santa Paderna: “*La fábrica tiene de renta tres reales en dinero y las limosnas que ofrecen a Sancta Paderna. Dicen fué esta iglesia monasterio de monjas y que una dellas fué esta Sancta Virgen, cuyo cuerpo estaba en un sepulcro de piedra arrimado a la dicha iglesia, por de fuera, al lado del Evangelio, y después por su devoción se vino a hacer en aquella parte*”.

Do 1714 data a carta na que Paulo de Silvoso e Mendoza, vicescuro de Arnois, solicita do arcebispo licenza para bendecir a capela de Santa Paderna, “*Y dice que Don Diego de Noboa y A[raujo] Rector que fue de dicho beneficio edificó una capilla para la Gloriosa Sancta Paderna contigua a dicha parroquia entre atrio y tierra profana, y quedó por vendicir y colocar dicha Sancta en ella. Suplica a V. S. Illma. Se sirva concederme lizencia para vendicirla que en ello ará V. S. Illma servicio a Dios [y] a la Gloriosa Santa Paderna*”.

O 26 de xullo de 1714 o licenciado Silvoso bendiciu a capela.

Na visita arceprestal de 1746¹⁸ cítase a fundación do doutor Pedro Valdés, cóengo lectoral da catedral de Compostela, de 12 misas rezadas con responso e unha cantada, “*hipotecando para ello un moio de vino de renta redimible*”.

Tocante ás ermidas, menciona catro: a de Nosa Señora das Neves “*en la que Pedro Sánchez Baamonde fundó 7 misas rezadas, y una cantada al año*”. A de Nosa Señora de Gundián (da que falaremos en San Miguel de Castro). A de Santo Adrián, da que era padroeiro don Mateo Mosquera. E tamén “*otra hermita que había de San Sixto ya está demolida*”.

No lugar de Ribadulla aínda perdura a casa de Silva e a súa capela, con pedra armeira na portada. Pertenceron ambas á familia Silva,

17 J. del Hoyo. *Memorias del arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto Editores, 1971. (Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome. Transcrición do manuscrito orixinal do ano 1607, que se garda no Arquivo da Mitra Compostelana; AHDS, Fondo Xeral, leg. 496). Fol. 443.

18 F. Prs. Arnois, San Xíao.

que acadou título de fidalguía. Parece que foron os señores desta casa os que construíron a fábrica de papel da Barreira, sen dúbida un dos primeiros expoñentes da protoindustrialización da bisbarra, baseada na forza motriz dos ríos. Xa con anterioridade procuraran a explotación do medio fluvial mediante un muíño e unhas importantes pesqueiras que aínda Alfredo Vicenti menciona no século XIX, nunha pasaxe da súa obra redactada ás beiras do Ulla: pola descrición que delas se nos fai, estaríamos a falar, moi posiblemente, dunha das maiores construcións deste tipo de cantas se coñecen na zona, xa que era posible atravesar o río camiñando sobre a súa presa de desvío de auga¹⁹. A capela seguiu empregándose para descargar as misas fundadas pola familia –aínda as que debían decirse na igrexa parroquial– ata ben entrado o século XIX.



Arnois. Labra heráldica da capela dos Silva en Ribadulla. Foto: Damián Porto.

San Miguel e Santa Mariña de Barcala

O cardeal del Hoyo²⁰ menciona en Santa Mariña “*una hermita en lo alto del monte que se llama San Juan de Castro Valente, donde dicen había en años pasados gran devoción y concurso de gente*”.

19 Vicenti, Alfredo. *A orillas del Ulla (Perfiles gallegos)*. Obra publicada por entregas entre 1875 e 1879. Sobre as pesqueiras da zona son de interese a obra de Manuel Reimóndez Portela e tamén Porto Rico, D. *Achegamento ás pesqueiras estradenses do río Ulla*. En *A Estrada miscelánea histórica e cultural*, nº 7, 2004. Páxs. 111-145.

20 Op. cit. Fol. 440.

Non queda a día de hoxe resto dela, máis que unha fonte (a denominada Fonte do Santo) oculta pola vexetación e que no seu tempo debeu formar parte da ermida, sinalada cunha pedra labrada na que Reimóndez Portela apreciaba a inscrición: “RECTOR. DAN b D. O DEVº. DnDIEGO P/Rª. 1705”. A presenza de petroglifos na zona (cada día máis escasos debido á explotación indiscriminada de xacementos de granito do lugar) asociados a unha ermida no cumio evócanos o proceso evanxelizador posto en práctica polos pioneiros do Cristianismo nas terras galegas. Coñecida é a práctica de construír en castros, necrópoles e outros lugares de culto dos pagáns capelas e ermidas adicadas ao novo culto: O Cebreiro, Santa Tegra, O Pico Sacro, A Franqueira... non son senón exemplos do proceder que se seguíu contra as prácticas dos indíxenas da Galaecia de Estrabón ou Silio Itálico. Prácticas que censuraba San Martiño de Dumio e que tiñan por escenario os montes, os manantiais e as fragas.

Por outra banda, na visita arceprestal de 1746 a San Miguel de Barcala, cítase a ermida de San Sidre “*que fundó Dª María Vázquez de Ulloa junto a su casa con dos misas cantadas y 4 rezadas [...], dejando para ello diferentes bienes que hoy posee Don Joseph Fociños Juez de la Jurisdicción de Vea*”.

Trátase da capela situada no lugar de Bumio, fundada pola muller do capitán Santiago Arenas “*la qual se murio en primero de febrero del año de mil setecientos y siete, que haría unos treinta años antes de su muerte que havia hedificado dha Capilla*”.

No “*lugar do Caeiro terminos de Sta Mariña de Barcala se halla fabricada una capilla advocacion de Sn Juan Ante portam latinam, la qual fabricaron los vezinos de la fra de Sta Mariña por su devocion [...] cuiu obra y capilla hará que se fabrico unos quarenta años [...] tiene su retablo pintado la ymagen del Sto y otra ymagen de Sn Roque, otra de Sta Lucia*”.

San Vincenzo de Berres

No apartado das ermidas, aínda na actualidade se segue a celebrar como festividade parroquial destacada da parroquia a Virxe

baixo a advocación do Amparo. O cardeal del Hoyo²¹ referíanos xa en 1607 a existencia da súa capela: “Hay en este destrito una hermita, que dicen Santa Maria de Rocaforte: está sita en un alto, camino de San Martín de Riobóo”.

No eido das fundacións propiamente ditas, na visita parroquial de 15 de outubro de 1625²² aparecen noticias dun monte de piedade a cargo do rector parroquial, que fundara o cóengo Pedro García. Compoñíase de gran, e contaba nese ano con 30 fanegas de pan (20 delas de centeo e 10 de miúdo) “la qual se reparte cada año a los feligreses de la feligresía de san Viçenço de Berres”. A vontade do fundador parece que fora que ese pan se repartira entre os veciños máis necesitados. Prestábase polo mes de maio aos pobres e debían voltalo en agosto. Estaba a cargo do mordomo fabriqueiro, aínda que o préstamo debía facelo con asistencia do rector. Había debedores, aos que o visitador ameaza na visita de 1627 coa excomunió se non devolvían en 10 días o que recibiran do monte de piedade.

Na visita de 1655 dise deste monte de piedade que “xamás hasta ahora se pudo hallar fundación”. E “atento el poco útil que reciben los vecinos de dicho monte de piedad, pues no hay persona que tenga cuidado de administrarlo respecto que le falta la fundación”, considerouse disolvelo. O pan estaba en poder dos fregueses na maior parte.

Na visita de 1663 reitérase o mandato de que se cobre o pan que tiñan os fregueses do monte de piedade polo novo rector, xa que non se poidera cumprir: “por la flojedad del rector no ha tenido efecto ni su merced puede castigarle por haberse muerto”. Ínstase a que se proceda con censuras contra os debedores “apercibiéndoles que pasado dicho término vendrá ministro a hacérselo cumplir a su costa con quinientos maravedís cada día”.

Na visita de 1665 aínda seguían as fanegas repartidas entre os veciños. Conmínase entón ao rector, baixo pena de excomunió, a que o fixera devolver. Mais, cando quixo proceder “se levantaron

21 Op. cit. Fol. 450.

22 F. Prs. Berres, San Vicenzo. Administración parroquial.

todos los feligreses con grandísimo alboroto, no les faltando más que apedrearme, y diciendo, Alfonso de Oca y Juan de Batallán que me habían de quemar y que se habían de sentar en el coro, y no se había de cobrar dicho monte de piedad, que ya estaba comido y que ya habían juntado veinte o treinta hombres a cien reales cada uno, para acusar ao crego, y que ellos le asentarían la mano para que no tratase de las confraderías y Monte de piedad y que las excomuniones de los visitadores no mataban, y que al clérigo le sobraba el Altar, y que allí estaba la audiencia, con que diciéndome fuesen testigos de lo que decían aquellos hombres, callaron todos”.

De menor problemática temos nesta parroquia o vínculo do bacheler don Pedro Gómez Reimóndez, crego e rector do beneficio de Berres, que fundou en 12 de setembro de 1614 medio cento de misas sobre os seus bens, que hipotecou á imaxe de Santo Amaro do retablo maior²³. En Santa Mariña de Agar tiña “el lugar de Pepe que compré a Gregorio y Pedro y Juan de Marque vecinos de Santa Mariña de Ribeira y a Juan de Barro y su madre vecinos de Santiago de Tabeirós que renta en cada un año quince ferrados de centeno y un par de capones=Yten más los perfectos y ganancias del lugar de Bentosela y Agrelo que compré a Antonio de Rego sitios en San Pedro de Acorados y Santa María de Rubín, que renta seis ferrados de centeno”. Outros bens numerosos en San Tomé de Acorados (lugar de Gontén) polos que lle pagaban renda, o lugar da Pena en San Martiño de Riobó, polo que percibía 38 ferrados de centeo e dous capóns, rendas no lugar de Vilagude (San Miguel de Moreira), en San Miguel de Sarandón, en Santa Mariña de Ribeira, en San Mamede e Santa Cruz de Ribadulla e moitas máis que recibía de veciños de Berres (entre eles 17 ferrados de centeo, 200 peros e un ferrado de castañas verdes que lle pagaba Xoán de Pazos “por razón del lugar de Ribeira en que vive”). Tamén a herdanza dos seus pais, Xoán Gómez de Gondar e Bieita Gómez Reimóndez, no lugar de Vilaboa, que deixou ao seu irmán Bertomeu Gómez ate a súa morte, estipulando que logo do seu óbito se incorporasen os bens

23 F. Prs. Berres, San Vicenzo.

ao vínculo e os desfrutase o padroeiro que fose del. Como primeiro patrono nomeou a outro seu irmán, cóengo da Colexiata da Coruña, Roi Iáñez Reimóndez, e a Antía Gómez, súa irmán.

Tocante ás capelanías da parroquia, na visita arceprestal de 1746 fálase da de Nosa Señora do Rosario e da de Nosa Señora do Socorro.

San Martiño de Callobre

A presentación do beneficio de Callobre pertenceu, como acontecía con San Paio de Figueroa, á casa dos Sangro²⁴. Porén, entre os curas da parroquia encontraremos a varios individuos desta liñaxe.

Tamén vimos como don Bieito María Bermúdez de Castro elixiu esta parroquia como lugar de repouso, logo de téla rexido durante anos e na súa probanza para recibir a ordeación en efecto dise que o padroado do beneficio “*antiguamente residió en dona Ygnés Álvarez muger que ha sido de Juan González Figueroa, y por muerte de la sobredicha, recayó en sus hijos, que han sido del número de seis*”: dona Constanza Bermúdez, don Marcos Bermúdez, don Pedro Siso Bermúdez, don Fernando Bermúdez, don Luís Bermúdez e dona María Siso Bermúdez. Logo os vericuetos da familia e do dereito a presentar fixéronse bastante complexos. Como resultado o dereito ao padroado máis que fragmentarse, esnaquizouse coas sucesivas herdanzas e doazóns. O resultado foi a aparición de preitos cada vez que vacaba o beneficio e non se poñían dacordo as distintas partes á hora de presentar, inclinándose cada póla da familia por un candidato. Como exemplo da complexidade e manierismo que se acadou, sobra o preito que referido á provisión do curato de Callobre se orixinou entre don Gregorio Carballo Preto de Miranda e don Xoán Antón Sarmiento en 1712. O primeiro deles con presentación ao seu favor de don Xoán Bermúdez de Castro, que posuía dúas sextas partes, dous tercios doutra sexta e a metade de súas sextas máis: “*Don Juan*

24 Pedro Varela Castro (Op. cit) afirma que a presentación era de “D. Melchor de Sangro, y lo fue mixto del extinguido Monasterio cisterciense de Monfero y del Condado de Alminia”.



Callobre. Capela da Casa de Baliñas. Foto: Damián Porto.

Bermúdez Caballero del Orden de Santiago como hijo y heredero de dicho don Pedro Bermúdez y este donatario de Don Jacinto, don Luis, doña Ana, dona María, don Antonio Bermúdez Maldonado todos cinco hijos y herederos de don Antonio Bermúdez Barba y doña María Maldonado nietos del licenciado don Antonio Bermúdez, bisnietos de dicho don Pedro Siso Bermúdez otro de los hijos de dicha Doña Ygnés Álvarez Bermúdez”.

Tamén estaban na liza “Pedro do Campo. Padre de don Francisco y don Matías de Ocampo sus hijos y que le quedaron de Doña Margarita Bermúdez hermana de dicha Doña Ygnés. Doña Antonia Bermúdez y don Juan Ambrosio Montenegro y este heredero de don Antonio Bermúdez cura que fue de Ouzande cinco de seis hijos y herederos que quedaron de dicha doña Antonia Bermúdez y don Antonio de la Peña, y la Doña Antonia Bermúdez heredera de don Juan Bermúdez su hermano cura que fue de Callobre”.

E “doña Francisca Antonia Bermúdez de Acevedo mujer de don Andrés Antonio de Themes y la sobredicha hija y heredera de don Benito Antonio de Acevedo y doña María Rey de Ribera, nieta de doña Teresa Bermúdez

y don Antonio Villamarín tercera nieta de doña Ygnés Bermúdez y don Feliciano Salgado, y doña Ygnés Bermúdez hermana entera del Cardenal don Diego Bermúdez y los dos hijos y herederos de Doña María Siso y Don García Núñez su primer marido, nietos de dicha Doña Ygnés Álvarez Bermúdez y don Juan González Figueroa”.

Farta a profusión de apelidos traballada durante anos e anos de enlaces matrimoniais entre membros das máis relevantes casas fidalgas.

Na visita pastoral de 1727 “Alló su merced que en dicha feligresía ay una Capilla con la advocación de San Benito de Patronato y fundación de D^a Ysabel Theresa Taboada Viuda de Don Balthasar de Rivera, la qual está sita junto a la Casa que tiene la sobre dicha en el lugar de Baliñas [...] que estava bien reparada y decente”²⁵.

Referíase á capela da Casa de Baliñas.

Na visita de 1780 fálase da capela de Santo Amaro: “Alló Su Yllma. En el Coletoral de la Epístola [...] una Capilla Aniversario lega advocación de San Mauro con la pensión de una misa cantada con seis Señores Sacerdotes y cinco rezadas [...]; Hes Patrono Don Manuel Vázquez vezino de la ciudad de Santiago”.



Callobre. Pedra armeira con cimera na Casa de Baliñas. Foto: Damián Porto.

25 F. Prs. Callobre, San Martiño. Contas da fábrica.

San Miguel de Castro

O cardeal del Hoyo²⁶ adica unha liñas á freguesía de Santa María Madalena da Ponte Ulla: “*Hay dos hermitas: Una de Nuestra Señora de Gundián, de la otra parte de la puente en una cuesta y otra de San Adrao questá anexada al priorato de Sar y metida entre heredades y prados, que toda anda arrendado en ocho cargas de trigo*”.

De San Miguel de Castro afirma que “*es anexa a Sancta Vaya de Cira, en el arcidiano de Cornado y [...]. Hay una hermita que llaman Sanctiago de Almergeria; tiene una rapada de centeno de renta*”.

A ermida de Nosa Señora de Gundián debeu estar en orixe no alto do castro. A noticia máis antiga do servizo que nela prestaba un crego é do século XVI, nunha folia de papel: unha obriga que fai Xoán Crego Francés de asistir e vivir na ermida de Nosa Señora de Gundián, anexa a San Xoán da Cova, sen deixala a menos que tivese licenza do Prior deste mosteiro, ao que pertencía Gundián.

Na visita do arciprestado de Ribadulla de 1746, unicamente se considera como pertencente á parroquia de Castro a ermida do Apóstolo Santiago, que estaba composta de novo.

No apartado de capelanías cita tamén a do Apóstolo Santiago, na mentada ermida, que fundara en 1707 don Anxo Reimóndez. E a de Nosa Señora do Socorro, fundada no 1708 por André Reimóndez e cunha nota marxinal que a calificaba como “*Mala*”, sen dúbida polo cativo ou fraudulento das súas rendas.

Máis recente e de orixe popular foi a fundación da capela do Seixo: “*Parecer de Pedro Espino y Agustin Balladares. Con el parecer del Señor Cura [...] concivieron un pensamiento en honor de la Madre de dios de las Angustias [...] dedicarle huna Capilla en la mediacion de la misma [parroquia] en el sitio llamado Cruz de la esquina en cuia puede venerarse ál Sn Alverte y a otro Mas santo del señor que sea de devocion de la parroquia por lo cual suplican a todos los vecinos y piadosos devotos de la Virgen [...] a llevarle a cavo y a divido efeuto dicha obra: Suplico[...] a*

26 Op. cit. Fol. 442 vº e 443 rº.

todos piadosos vecinos y devotos de esta ermandad [...] me ayuden a conseguir esta buena intencion [...]. Y señale cada uno con lo que tenga devoción de contribuir, advirtiendo que dicha cantidad a de ser rrecaudada en tres plazos primero en principio de dicha ovra y segundo en medio de la ovra y tercero en el rremate”.

Seguen as cantidades e nomes dos doantes, encabezados por Pedro Espiño Canicova e Agustín Valadares que aportaron 400 reais cada un. Os outros doantes ofrecen entre 6 e 12 reais. Logo figura un chamamento á boa vontade dos veciños, para que *“todos los que tengan Carro y Ganado en su casa aran el favor de Carretar asta la Cantidad de tres o cuatro Carros cada uno [...], tan vien los que no tengan Carro tan vien pueden hacer travago personal para los dias de Carreto y Servicio de Maestros que no sera mas que tres dias por casa uno o menos [...]; todos ponderan aquí su rruvrica [...]; y todos los Carretos seran en los terminos de la parroquia”*²⁷. Seguen as firmas dos veciños que ocupan varios folios. O 23 de novembro de 1879 Valadares e Espiño concertaron as condicións da obra co mestre canteiro Xosé Rei.

San Xurxo de Codeseda

A maior particularidade desta freguesía, que a diferencia de todas as demais do ámbito estradense xa nola describía en 1607 o cardeal del Hoyo:

“Esta iglesia de San George es anexa al Cabildo de Sanctiago y fué monasterio de monjas, según la fama de llamarse monasterio. Tiene ochenta feligreses. Los frutos andan arrendados en seiscientos y veinte ducados y el tenenciero tiene la jurisdicción temporal desta felegresía y de la de San Lorenzo de Sabucedo y San Juan de Leripio, que aunque es del dicho Cabildo de Santiago anda con esta tenencia. Sirve en esta iglesia un capellán con cinquenta ducados [fol. 458 v^o] de salario que le dá por congrua el dicho Cabildo. La fábrica tiene de renta dies y siete ferrados de pan. Hay en esta iglesia una dotación de una misa de Nuestra Señora cada sábado: consta, demás de lo de arriba dicho, haber sido esta iglesia monasterio de monjas por unas letras que están escritas en dos piedras, junto a la puerta colateral de la Epistola, que dicen así:

27 F. Prs. Castro, San Miguel.



Codeseda. Aspecto da Casa de Monteagudo e da súa pedra armeira. Foto: Damián Porto.

ABBADESSA MA RIANA. FERN: NOTA. BOCABAR. MUNIO.
ES. QUE. LAPIS. ISTE. MICHI. InREQUIE. DEUM.COLIE DAT.
FERNAM. ERA M.CC.II.ZQD: VII : kls: IVNII:²⁸

Aínda hoxe a ousía da igrexa de Codeseda fai que adquira un aspecto singular aos ollos máis profanos na materia, a pesares de non conservar ningunha outra sinal de que no pasado fose mosteiro. Tampouco se conservaron as pedras que cita o cardeal del Hoyo, pero si a memoria delas. Deberon ser sustraídas do seu emplazamento orixinal no século XVIII; poida que cando o mestre de obras Luís Xil, en 1744, fixo arranxos nela coa aquiescencia do cabido e o visto bo do arquitecto Fernando de Casas Noboa.

Tamén pasou a formar parte da nosa arquitectura extinguida a capela das Quintas, adicada a San Roque e na que estaba incluída a cofradía do Santo. A ermida aínda estaba en uso na visita de 1746.

²⁸ Op. cit. Fol. 458.



Codeseda. Casa de Monteagudo, á que estaba vencellada a capela. Foto: Damián Porto.

Nesta visita cítase tamén unha ermida adicada a San Antón, que tampouco se conservou.

Réstanos a de Monteagudo, adicada a San Brais, situada fronte á Casa de Monteagudo.

E tamén nos queda a monumental capela da Grela, adicada á Virxe de Guadalupe, que aínda se festexa cada 8 de setembro. Antigamente nese día os viciños de Codeseda saían da igrexa coa imaxe do San Xurxo e levábano en procesión ata o chamado monte da Cruz, preto da Grela. Ao mesmo tempo os viciños da Grela saían coa imaxe da Virxe de Guadalupe ata o mesmo cruceiro “*encontrándose alí facíanse a “venia” ou a “reverencia” todos ao patron incluso a Virxe [...], botábanse moitos fogos e todos se poñían de xeonllos; feita a reverencia baixaban todos en procesión coas dúas imaxes ata a capela da Grela. Ó San Xorxe deixábano alí ata o seguinte domingo que volvía en procesión ata a igrexa*”²⁹.

29 Reimóndez Portela, M. *A Estrada rural*. Pontevedra, 1990. Páx. 123.



Codeseda. Santuario da Grela. Foto: Damián Porto.

Na capela de Guadalupe temos un dos máis esclarecidos exemplos de devoción xurdida por concurrencia do pobo, a decir do rector parroquial:

“Advertencia- Principiaron a concurrir Debotos a visitar a Nuestra Señora de Guadalupe y ofrecerle limosnas para el aumento del Culto Divino y extensión de su Capilla luego que su ymagen fue colocada en la Capilla que se halla en el lugar da Grela [...] que fue el día diez y seis de junio del año de mil sietecientos quarenta y nueve = y considerando no tendría permanencia la deboción se formó un quaderno para en él escribir las personas que llevaban las especies fiadas de las almonedas que se celebraban desde entonces asta el diecisiete de maio del año de mil sietecientos y cinquenta en que principia este libro”.

Foi polo tanto preciso, en contra do que se considerou nun primeiro momento, elaborar un libro de contabilidade para facer frente á administración dos bens que comenzaron a afluír á ermida. E non tardaron en xurdir disputas encol dos asuntos crematísticos entre o fundador e o párroco:

“Por quanto acerca de la administración de las limosnas hubió, y hay cuestión entre mi el Rector y Don Domingo Cabada Presbítero fundador de la Capilla de Nuestra Señora de Guadalupe”³⁰.

A fundación deste santuario data do 26 de novembro de 1748 por obra e graza de don Domingo Cabada, presbítero, Paulo Cabada, Domingo Cabada e a súa muller Manuela Fernández, veciños do lugar da Grela. A súa intención era fundar unha capelánía, xa que os veciños circundantes (dos lugares da Grela, Bugalleira, Vilaboia e O Couto) non podían acudir á lonxana igrexa parroquial. Dotáranse en principio con 20 ferrados de pan hipotecados sobre o prado do Carballiño e designaron padroeiros aos herdeiros e descendentes de Manuel Cabada. Tiñan intención de erguer á súa costa no lugar do Campo unha capela.

A devoción popular debeu facer o resto, xa que pronto se ergueu un *“suntuoso templo edificado todo a expensas de las muchas y grandes limosnas de los fieles devotos que en crecido número venían a él en romería”*. Sen dúbida os 200 días de indulxencias que Clemente XIII outorgou aos fieis que rezasen na Grela as letanías de Nosa Señora o 7 de xuño de 1766, fixeron moito a prol da grandeza do santuario, que non diminuíu ata comezos do XIX. Foi entón cando *“decahido de su grandeza por la frigiscencia de la devoción, calamidades de los tiempos presentes y fallecimiento de los primeros bienhechores”*, e co gallo de *“restablecer dicho templo, vivificar la devoción a la soberana Reyna [...]”,* los vecinos de esta parroquia determinaron fundar en ella una Cofradía



Cruceiro da Grela, ao que se encamiñaba a procesión antigamente. Foto: Damián Porto.

30 F. Prs. Codeseda, San Xurxo.

vajo el título de nuestra señora de Guadalupe, y para ello haviéndose juntado en dicho lugar da Grela el día ocho del mes de Septiembre del corriente año de mil ochocientos doce” establecieron as constituicións polas que se debería rexer. A 2ª delas di que podía facerse cofrade calquera, de dentro e de fóra da parroquia, “*siendo de buena vida, y costumbres, sin que por razón de ello queden obligados a dar ni pagar alguna cosa sino lo que fuere su voluntad*”. Sen embargo, os que quixesen ser “*cofrades de caveza*” pagarían dous reais ao ano (constituición 3ª).

A 4ª das ordeanzas establecía a celebración do San Lázaro por tódolos defuntos o luns despois da dominica quinta de Cuaresma.

A 5ª fixaba a festividade o 8 de setembro, con vísperas e 8 sacerdotes que cobrarían 10 reais e unha libra de pan branco de pitanza, unha de vaca fresca e dous cuartillos de viño.

A 8ª estatuía que debía ter no seu poder seis hábitos de picote para repartir aos que llelos pagasen para soterrarse con eles.

A 12ª refírese á elección do sacristán, “*de buena conducta, abono y fidelidad, nombrado a satisfacción del Cura y Consiliarios: cuidará de la limpieza y aseo del edificio; custodiará las alhajas de él [...]; hará que la ropa blanca esté bien lavada, y los demás ornatos bien limpios, enjutos y aireados; abrirá a cada paso la Capilla para que se ventile; asistirá en ella todo el tiempo que se celebren misas y haiga gente, pidiendo y recogiendo las limosnas [...]; tendrá allí hostias, vino, incienso y demás necesario*”³¹.

San Miguel de Cora

Radica a particularidade desta parroquia no seu carácter de vicaría curada dependente do Colexio de Racioneiros do Espírito Santo, patente tanto no XVII como no XVIII:

“San Miguel de Cora, anexo de Santa Cristina de Veá. Esta iglesia de San Miguel es anexa al Collegio de los Racioneros de Santi Spiritus de Santiago. Tiene por Vicario atitulado al retor de Sancta Cristina, aquí en esta, y por ellos, lleva veinte ducados y el pie de altar el retor de congrua señala dos en la union.

31 F. Prs. Codeseda, San Xurxo.

Hay quarenta y quatro feligreses. Los fructos todos a la cura y los llevan los racioneros de la dicha capilla de Santi Spiritus”³².

A primeira capelanía da que temos noticia é a de Nosa Señora da O, fundada o 9 de febreiro de 1592 polo rector Fernando Rebolo, con carga de catro misas anuais, unha delas cantada.

Tamén sabemos existiu a de Santa Catalina, fundada por Simón Carballo o 15 de decembro de 1733, pai do que foi o seu primeiro capelán, don Xoán Carballo, calificada na visita de 1746 como “*de mui corto valor*”.

Outra das capelanías xurdidas na primeira metade do século XVIII foi a de Nosa Señora do Rosario “*que fundaron los padres de Don Manuel Ortega actual capellán [...] Declaró dicho Capellán haberle quitado los Hermanos por pleito la mitad de los bienes de esta Capellanía, y se le mandó acuda al Provisor para que declare si debe existir, o no dicha Capellanía*”³³.

Santa María de Couso

Semella que non houbo nunca ermidas nesta parroquia e unicamente atopamos mención no século XVIII a unha capelanía baixo a advocación de Santo Amaro e Nosa Señora da Concepción, posiblemente polo cativo pulo económico da freguesía. Aínda o 12 de xuño de 1841 o rector Domingo de Torres queixábase deste particular punto de pobreza que arrastraba o seu beneficio á Xunta Diocesana de Santiago:

“Dn Domingo Torres Cura parroco de [...] Couso [...] á V. E. hace presente, que á pesar de este Curato ser pequeño y su corto numero de vecinos muy pobres desde el año de 1808, con motibo de la guerra de Yndependencia, sin embargo esta Yglesia parroquial há subsistido y aun fue progresando con compartos y limosnas [...]; mas aun [...] carece [...] de una media naranja, que solo la cubre un mal tejado y por este lugar entran repetidas veces unas grandes abes que destruyen enteramente la[s] vidrieras [...], carece asi mismo de Sacristía [...] como

32 Op. cit. Fol. 454.

33 F. X. 378.

tampoco hay casa de Fabrica, ademas del cajon de los ornamentos se hallan mesas, bancos, rejas y el atauz y otros efectos arrombados en la misma Yglesia [...]. tambien solo hay una Cruz parroquial bastante pequeña partida por muchas partes, que á cada paso hay que soldarla [...]; asi mismo carece esta Fabrica de sotana, de monumento para los divinos oficios de Juebes Santo, el atauz muy indecente y viejo, que se halla ligado con mimbres [...]: por tanto á V. S. [...] Suplica [...], le conceda una limosna decente, pues á donde hay mayor necesidad allí se debe agercer mas la misericordia [...]. Domingo Torres”.

San Miguel de Curantes

Non se cita nin no XVII nin no XVIII a presenza de ermida ou capela algunha na freguesía, aínda que si de capelanías: don André de Carbia e Neira, avogado da Real Audiencia do Reino de Galicia e veciño de Callobre, fundara unha de advocación de Nosa Señora do Rosario o 20 de outubro de 1704 dentro da igrexa parroquial. Entre as fundacións cítase a de André do Porto, de dúas misas anuais. Trataríase máis ben dun aniversario de misas que databa de 1707 baixo o patrocinio de San Bieito.

Madoz cita na súa obra a ermida de Nosa Señora da Paz, no lugar de Pousada.

San Xiao de Guimarei e Santo André da Somoza

O cardeal del Hoyo non refire na súa visita de 1607 a Guimarei a presenza de ermidas.

Sen embargo, non debemos esquecer o vencello que existe entre as fortalezas e as capelas, de longa tradición no soar galego. Na nosa zona é sabido que a Barreira contaba dentro do seu recinto con unha ermida. Tamén é ben coñecida a presenza de ermidas no entorno da fortaleza do Pico Sacro (algunha delas, como a de San Lourenzo da Granxa, tivo mesmo categoría parroquial) ou en Castrovite. En Guimarei érguese desde o medievo a torre, brasón estradense por excelencia. Aos pés dela xurdiu no XVIII o pazo, señoreado por fidalgos que acadaron título de marqueses no 1716 por servizos prestados na guerra de sucesión ao Borbón Felipe V.



Guimarei. Aspecto da Capela da Casa da Algaria. Foto: Damián Porto.

Sendo lóxica e probada a presenza en todo símbolo de poder feudal dun lugar sacro, na visita pastoral de 1703 pasouse revista tamén á capela titulada de San Xosé:

“Y por quanto su mrd ha sido ynformado que en la Capilla de Guimarey que se yntitula de San Joseph se dice misa los dias festivos a los Dueños de d[ic]ha Casa y su familia y se admite a hoirla a muchos feligreses [...] en grave daño [...] Del derecho Paroquial [...] Manda su mrd a los clerigos que dijeren Misa en ella en los dias referidos no admitan a oirla en ella a p[erso]na Alguna Vez[i]na [...] sino tan solamente a los dueños de la Casa y torre de Guimarey y su familia [...]. La qual Capilla deixo Su mrd de Visitar por se le aver informado los dueños de ella estavan en Animo de des haçerla dentro de pocos dias reduciendola a oratorio”.

Na visita de 1716 sinálase a obriga que tiña o padroeiro de cumprir dúas misas semanais na capela de Nosa Señora da Piedade, a cargo do capelán que tiña alí posto. Debía ser o oratorio que substituíu á anterior capela:

“Capilla. Ytem se visito la Capilla de adbocacion de nra s^a inclusa en terminos de esta d[ic]ha fi^a y dentro de la casa y fortaleza de guimarei que corre a cargo de dn Antonio mical mosquera, Dueño de ella, la qual se allo con dez[enci]a”³⁴.

34 F. Prs. Guimarei, San Xiao. Administración parroquial.



Guimarei. Casa de Xerliz ca súa labra heráldica. Foto: Damián Porto.

Reiterábase a orde ao cura de limitar a presenza de fregueses que fosen oír misa nela en días festivos, dándosele facultade para multalos. Tentábase deste xeito que non xurdisen conflitos competenciais entre os eclesiásticos da parroquia.

Asemade, a vella e desaparecida igrexa de Guimarei non debía resultar moi acolledora nin de gran aforo. Precisamente nesas datas procedíase á construción da nova, que é a que hoxe coñecemos:

“Adbertencia y memoria del Costte de la Yglesia nueva de Ssn Julian de Guimarey y quien lo dio. El Hallarse la Yglesia que tenia mi Patron S[a]n Julian en la qual fui baptiza-

do, y ansimismo indigno Capellan, ttotally amenazando ruina en medio de averse conpuesto un esquinall della en ttiempo de Dn Anttonio Mariño de Lobero mi anttecesor: fue el mottibo y Causa de animarme y animar a los feligreses a la rehedificacion de ella: y el de mudarla al sittio donde oy se halla: el asegurar maestros de la Arte el que la presa que pasaba por arriba della aber sido mucha Causa para la ruina della [...]: y no el que acaso algunos de mala inclinacion y envidia quisieron suponer, ô por algun interres partticular [...]: Que las Paredes de la Yglesia nueva en la manera que oy se halla se concertaron â Andres de fonttayña Maestro de Cantteria y V[e]llo de San Esteban de Pedre [...] en Seis mil r[e]ales de Vellon [...]: La qual se empezo á fabricar el dia 21 de Marzo de 1708 [...]: y fue bendicida por mi el Rettor [...] el dia 5 de Agosto de 1709: y el dia siguiente se canttó en ella la primer misa [...], saliendo en procesion con sus fuegos”.

Era a festividade do Santísimo, 24 de setembro de 1710.

A parroquia dos mortos tamén mudou de lugar poucos anos máis tarde:

“En cinco de novi[embre] de Sietezientos y quinze hize la traslacion de los guesos de la Yglesia Vieja, â la nueva con diez Sazerdotes, Ubo Sermon [...]: y toda la semana Ubo atos por las Animas: y enterraronse en el Atrio a la puerta prinçipal”.

Precisamente na mentada visita parroquial de 1716 o visitador dou a aprobación aos actos descritos e ordeou a sacralización do vello camposanto mediante o erguemento dun cruceiro que aínda hoxe está situado moi preto da nova igrexa, sobre o vello lugar de repouso dos defuntos de Guimarei:

“otrosí Haviendo Su mrd visto los apuntamientos que Antecedan asi en la traslacion de guesos de los difuntos que se allavan sepultados en el semiterio de la yglesia que se a desecho, como en lo mas que anuncia Aprueba uno y otro y manda que a costa de los vecinos se cierre con todo seguro dicho semiterio haciendo sacar toda la piedra y mas que en el aya, poniendo Un Cruzero, o Capilla en d[ic]ho sitio teniendole como a lugar Sagrado Sin consentir que en ninguna manera, ninguno de dichos feligreses le apropree a sus labrados ni que en el entren ganados”.

No 1764 fundouse a capela da Virxe das Dores polo rector da parroquia don Xosé Pastoriza, mediante a doazón aos curas sucesores seus dunha casa e bens no lugar de Gudín.

Este mesmo rector edificou tamén á súa costa a casa rectoral da parroquia “*en sitio que se hallaba á monte inculto y en terminos del lugar de Gudín*” no mesmo 1764 e coa horta adxunta “*la dejó á sus subcesores cargada con la pension anual de doce misas rezadas locales y dos arrobas de aceite para el alumbrado de las lamparas de las dos Iglesias*”.

Na visita pastoral de 1768 inspeccionouse a capela de San Ildefonso “*que se alla sitta en el Lugar de la Algalia que fundo para Capellania titular Dn Alonso Martinez de Barcia, Racionero que ha sido en el Colegio de sanctis Prittus de la Ciudad de Santiago con la adbocacion [de] San Yldefonso, ha que ypotecó diferentes vienes haun no se expiritualizaron, y la Capilla se alla muy decente [...] encarga al cura cele el cumplimiento de sus cargas*”³⁵.

A capela “*de la Algalia o sea de Sn Yldefonso*”, foi fundación de don Alonso Martínez de Barcia, sendo o seu primeiro capelán o seu sobriño Xoán Bautista Rodríguez Martínez, morto en 1778. Ambos foron racioneros do Colexio do Espiritu Santo de Santiago e a eles

35 Idem.

pertenceu a denominada Casa da Algaria, á que estaba adscrita a capela. Posuía pingües rendas forais en Guimarei, Somoza, Lagartóns, Cereixo...

No 1816 mudaran os tempos de bonanza das fundacións, e o seu posuidor, Felipe Antón Bermúdez Martínez, subdiácono e aveciñado en Guimarei, presentou no Provisorato demanda para que fosen reducidos a legado pío os noutrora sobranceiros bens da capela de San Ildefonso. Afirmaba na súa exposición que na parroquia de Santa María Salomé de Santiago, o 20 de xullo de 1760, pola última vontade que fixo ante escribán o racioneiro do Colexio do Espírito Santo don Alonso Martínez de Barcia fundara a capellanía, dotándoa con bens suficientes para a congrua do capelán. Á súa morte quixo o testador fose primeiro capelán o presbítero sobriño seu e tamén racioneiro do Colexio do Espírito Santo, don Xoán Bautista, *“a quien dio por libre de residir esta capellanía y de la obligación de las misas”*. Tamén lle daba facultade ao seu sobriño para nomear padroeiro e capelán no caso de que el morrese sen facelo. Don Xoán Bautista Martínez Rodríguez posesionouse no ano 1770 e elixiu por sucesor ao don Felipe Antón Bermúdez Martínez, sen obriga de ordearse. Aos demais que fosen sí llela impuxo, polo menos de subdiáconos aos 21 anos, e de presbíteros aos 24. Polo tanto, afirmaba Felipe Antón que el unicamente tiña obriga de facer decir as misas, mais *“en principios del mes de junio de año de mil setecientos noventa y tres sufrió por espacio de tres meses continuos, una fiebre mui complicada que ha llegado a dejarle quasi sin movimiento todos los miembros por tiempo considerable y de resultas por espacio de quatro años padeció continuos vaídos de cabeza y cortedad de vista hasta el año de mil setecientos noventa y siete, que viéndose algo mejorado y con vocación de ordenarse hasta de presbítero se dedicó a la lectura y ha conseguido ordenarse de subdiácono en el año de noventa y nueve. Mas en breve tiempo se ha renovado la cortedad de su vista, le han repetido con más frecuencia e intención los vaídos de cabeza, y ha perdido en tal extremo el uso de la Memoria que ni se acuerda de lo que sabía cuando se ha ordenado de subdiácono, ni puede retener periodo ni propusición alguna*



Guimarei. Restos da capela da Casa de Xerliz. Foto: Damián Porto.

que oía leer. En este estado sobrevinieron a mi parte los gastos ocasionados en defender los bienes de la Capellanía por no comprendidos en la venta de obras pías: En seguida se ha saqueado su casa por las tropas enemigas”.

Tras este cúmulo de desgrazas, non lle quedaba máis saída que pedir do Provisor “*se sirva declarar a mi parte exento de la obligación de recibir los órdenes sagrados que le faltan, y de la del pago de limosna de dichas misas por los insinuados casos fortuitos y vicisitudes ocurridas; declarando [...] y convirtiendo en legato pío los reducidos bienes restantes de la Capellanía [...] con sola obligación de satisfacer la limosna de misas”.*

Pronto veu en restar unicamente da grandeza da casa a muda testemuña das súas paredes e da capela. Nela aínda o 26 de xullo de 1960 se celebrou o enlace matrimonial do fillo dos caseiros da familia Varela.

Santo Estevo de Lagartóns

O cardeal del Hoyo³⁶ escribía no 1607: “*Hay en esta felegresía una hermita que llaman de Nuestra Señora del Viso, tiene todo recado para decir misas y de renta una fanega de pan de una heredad, la qual, y las ofrendas que se hacen en esta hermita que lleva el atitulado a ella”.*

³⁶ Op. cit. Fol. 456.

Tamén nos queda a “*Visita de la hermita de nra S^a del Viso del año de 1647 [...] de la qual parece es capellán el Licenciado Francisco de Cortes Rector de Santa María de Teo*”, aínda que non presenta copia da fundación dela³⁷. Nela Cortes “*goça la renta que tiene y las limosnas y Candelas que se ofrecen día de santa Cruz y San Marcos*”.

Non lle debía ser difícil atender o beneficio de Teo ao mesmo tempo, xa que dun preito de 1651 constaba que esta ermida era “*de libre colación ordinaria, ni tener obligación de residencia ni otra carga alguna [...] y no obstante esto algunos vesitadores que an ido a besitar la ygl^a de dicha fr^a lo an echo tambien dicha capilla y an dado autos y deçernido censuras contra mi parte para que manifestase la fundación della de que jamás hubo noticia*”. Según o auto de 1651 non tiña obrigación algunha. A provisión ordinaria correspondía ao arcebispo “*por lo qual no debe aber fundación nenguna*”.

Á morte de Cortes o rector secuestrou os bens para reparar a ermida.

Resumindo, no 1670 dela non constaba “*aver patrón más que a ella fue atitulado el licenciado Francisco de Cortes difunto [...] consta tener de renta nueve ferrados de centeno en cada un año los cuales están en depósito desde al año de sesenta y quatro; y dicha Capilla está mal reparada*”.

Mandou o visitador que a compuxesen e mercasen tella e madeira co depósito, que se debía vender según prezo dos mercados.

Tocante ás memorias de misas hai unha dotación de seis misas e responso todos os domingo, que tiña feita o licenciado Domingo de Sosa, rector da parroquia, desde 1640. Fixera e fabricara unha casa rectoral nos lindes do igresario, gastando máis de 300 ducados. Todos os rectores quedaban obrigados por tal fundación³⁸ a decir as misas.

Tamén había na igrexa a capelanía (ou máis ben memoria de misas) de San Xoán, fundada a comezos do XVII por “*Diego de Castro el viexo y Graçia Rodríguez su muger con pensión de seis misas día del Señora San Juan Evangelista [...] y un responso cada Domingo sobre*

37 F. Prs. Lagartóns, Santo Estevo. Administración parroquial.

38 F. Prs. Lagartóns, Santo Estevo. Administración parroquial.

su sepultura” e que cumprían os seus herdeiros. Era padroeiro dela o veciño de Guimarei Martiño Varela.

Desde 1724 tomábanse as contas dos réditos anuais dos censos “*que dexó a la luminaria del Santísimo Sacramento de dicha Ygl^a el licenciado Dn Bartolomé Barbeito y Padrón ahora difunto [...], quien fundó esta obra pía p^a que estuviese enzendida de noche y de día dicha luminaria*”³⁹.

Non ofrece a impresión de ser unha fundación de moito calado, xa que entre 1724 e 1729 importaron os réditos dos censos 105 reais e 8 maravedíes. En 1746 o vicario de Lagartóns, Xoán de Ribadulla afirmaba “*que la luminaria desta yglesia referida toda se compone de réditos redimibles, sino es una propiedad, que esta no se puede redimir, y se arrenda en el maior postor*”.

Tiña pagadores de censos e rendas en moitas freguesías, pero sobre todo en Callobre e Guimarei. A herdade de Ouzamerxe (Guimarei) era da Luminaria “*y siempre se arrienda en el maior postor cada y quando que se fenece el arriendo por tres, seis o nueve años*”.

Na data das contas de Alonso de Outeiro, atrasadas, de 1705 ata 1723, menciónase o acto de “*Mudar el Santísimo Sacramento, Pila bautismal, ornatos y más alaxas de la Ygl^a parroquial antigua desta fr^a de Lagartones que antes lo estaba inmediata a la Casa Rectoral della; por ser muy pequeña, allarse arruinada, é indezente, á la hermita muerta de Santa Cruz del Viso; por ser más espaçiosa, segura y dezente; donde se alla desde entonces erigida tal Yglesia Parroquial [...]* en virtud del auto y mandato de dicha Visita”. A igrexa antiga estaba no lugar de Outeiro, e debido ao seu deterioro ordeara o prelado que se fixera esta mudanza de obxectos litúrxicos á capela do Viso.

San Xoán Bautista de Liripio e San Lourenzo de Sabucedo

O cardeal del Hoyo⁴⁰ dinos: “*En esta felegresía de San Joan hay treinta feligreses. Los frutos son todos del retor, que valdrán, con los del*

39 Id.

40 Op. cit. Fol. 457.

anexo San Lorenzo de Sabucido, quarenta cargas de todo pan. Presentación del Cabildo de Santiago y de su tenenciero de Codeseda. La fábrica tiene de renta un celemin de pan”.

Como vemos, ningunha referencia a ermidas nin capelas. Tampouco se cita ningunha na visita arceprestral de 1746. E no período intermedio faise alusión repetidas veces á pobreza do templo parroquial e ao cativas que resultaban as rendas da fábrica para o seu decente sostemento. Así no 1716 “*se halló el enlosado de la Capilla mayor muy indecente y desigual y a la parte del levante con mucha ymundicia donde se enciende lumbre en la qual dejan la ceniza, pedazos de palos [...] con muchos aujeros los colaterales, sin retablos. Candeleros de palo y los Santos que se hallan en los Altares de dichos colaterales indecentes y carcomidos todo ello derijido del poco cuidado que a tenido y tiene dho cura y sus escusadores*”⁴¹.

De data máis recente, e motivada polo hirto do terreo, é a fundación da capela de Santo Domingo de Cabanelas. A licenza solicitoulla ao Gobernador Eclesiástico frei André Solla García, dominico, “*Lector de filosofía de la misma orden y Cura Economo [...] de [...] Sabucido y [...] Liripio en union con los infrascritos vecinos del lugar de Cabanelas de la misma parroquia [...] hacen presente que el espresado lugar [...] compuesto de veinte y cuatro vecinos dista tres cuartos de Legua de la Yglesia [...] cuijo camino ademas de ser todo por monte alto y desamparado se halla cortado por varios riachuelos que en [...] invierno llegan á formarse rios caudalosos [...]. De aquí resulta que los achacosos y viejos del lugar [...] no oien misa casi todo el [...] invierno [...].*

Suplican se digne dar facultad para la ereccion de una Capilla publica en [...] Cabanelas, la que ademas de construir obligan los esponentes a conservar [...]. Santiago 27 de Julio de 1839”⁴².

Non tardaron en xurdir os xa mentados conflitos competenciais entre membros do clero parroquial: Manuel Castro, cura de Sabucido, o 7 de abril de 1861, alegou que tiña problemas para misar nela:

41 F. Prs. Liripio, San Xoán Bautista. Administración parroquial.

42 F. X. 1175.

“Es perjudicial se digan misa en ella, por que prescindiendo de que es mas bien propia para una Cuadra, que para un lugar Santo [...], es la causa impulsiva de que los dos lugares esto es, los vecinos de Liripio estén en completa pugna con los de Cabanelas, por que estos tienen abandonada la Yglesia del anejo, efecto de que pasan meses, y años sin entrar en ella [...], lo que no sucedía antes [...], pero desde que erigieron aquella, se hicieron rebeldes, y pertinaces [...]. Por tal pugna pasa de veinte y tres años que no rindieron cuentas ni quieren hacerlo de las Cofradías [...]: nada dan para la yglesia [...]; siendo tal la perversidad, y malicia de los vecinos de Cabanelas, que ni en el tiempo Santo de Cuaresma se presentaron a oír la Palabra de Dios en su yglesia [...]; y que importa que en la Capilla oigan misa? Nada, por que en ella no se le predica el Santo Evangelio, ni explica la doctrina [...] efecto de que los que la celebran no lo hacen, ni pueden hacerlo, lo que hacen si es sublevar, y poner en pugna contra el Cura a los 25 ao 26 vecinos de que se compone [...].

En vista de lo espuesto [...] le ruego [...] se sirva autorizarle para recoger la llave de la citada Capilla, y de que en ella no se diga misa [...] sin previa anuencia, y consentimiento del que suscribe [...]. Sabucedo y Abril 7 de 1861”.

O Arcebispo atendeu a súa súplica e suspendeu o privilexio de 27 de xaneiro de 1847 para a celebración da misa en Cabanelas.

Os anxeios do párroco Manuel Castro por acaparar en exclusiva aos fregueses de toda a zona voltan a se manifestar poucos anos despois, en 1855, de forma inequívoca:

“D. Manuel de Castro cura parroco de San Lorenzo de Sabucedo y su unido San Juan de Liripio [...] dice: que su parroquia de Sabucedo consta de unos 53 vecinos y todos reunidos, pero los vecinos del lugar que se dice Barbeira y debesa, que serán de ocho a diez, y pertenecen a la parroquia de Santa Maria de Tomonde Arciprestazgo de Montes, se hallan tan inmediatos a la de Sabucedo, que todos los días festivos vienen á misa á esta, y no á la de tomonde, y hasta festejan el día del patron San Lorenzo, y no el suyo, por que distarán de Sabucedo tres minutos o cuatro. Además que tienen un riachuelo que pasar para tomonde sin puente, por cuyas razones deben agregarse a la de Sabucedo. Así mismo, el lugar de lebozo que pertenece a la parroquia de Santo Thomas de Quireza debe agregarse á Sabucedo, porque todos los días festivos vienen á misa á esta parroquia [...].

[...] también hay otro lugar que llaman piñeiro y es de esta parroquia de Quireza, que distará de Sabucedo seis ao siete minutos, y mucho mas de su parroquia. Del mismo modo deben agregarse á la de Sabucedo los lugares de Vilaboa y Portela porque todos los días festivos vienen á misa a esta [...] que distarán siete u ocho minutos, y de su parroquia de San Jorge de Codeseda lo menos tres cuar-

tos de hora [...], y ademas tiene que pasar un monte bastante medroso. Por estos lugares tiene el que habla á V. E. que pasar para el Anejo de Liripio. Como igualmente tiene que pasar por otro lugar que se llama Grela, y tambien es de Codeseda, que está mui inmediato á San Juan de Liripio, y a no haber alli un sacerdote que dice misa en una Capilla irian todos a misa a la de Liripio, y no a la suya. [...] y a no agregarse a Liripio el lugar de Grela, debe unirse el de la Bugalleira [...] por que Bilaboa y Portela ya se dijo que deben unirse á Sabucedo, de este modo el Parroco de Sabucedo, podra transitar al Anejo sin tener que pasar por Parroquia agena que causa admiracion". E aproveita a ocasión para arremeter de novo contra os veciños de Cabanelas, que "tienen contratado con un religioso que reside alli en Cabanelas que le diga misa" procurando nun alarde de manierismo inxerirse na parroquialidade de Rivela: "Cerca de la yglesia de Liripio [...] se hallan unos vecinos deseminados, que corresponden a Santa M^a de Ribela [...], que debían declararse de Liripio, por estar muy inmediatos".

Santa María de Loimil e San Pedro de Orazo

Preto da igrexa de Loimil existiu a capela da Concepción, fundada polo cura don Rosendo Vaamonde por medio do seu testamento de 1690 redactado ante o escribán André Nodar, polo que destinou 800 ducados a este fin.

No 1703 foi visitada e dise na acta que estaba "*sita en junto al Atrio desta dicha Ygl^a que fundó don Rosendo Vaamonde Cura que fue de la dicha feligresía con pensión de una misa semanaria la qual cumple el cura [...] y dicho fundador dispuso la cumpliese asta que se ordenase Rosendo Vaamonde Vz^o del Valle de Lorenzana [...] a quien nombró por Patrono [...] que asta ahora no se ha ordenado [...] y a dicha Capilla agregó mucha Partida de hacienda Raíz así en esta fr^a como en el Rivero de Avia, Censos y más renta y hacienda que adquirió en las Feligresías circunvezinas*"⁴³.

Na capela, aínda sen rematar, había un retablo novo pintado e dourado coas imaxes de Nosa Señora da Concepción, San Xosé, San Rosendo, Santa Ana, San Gabriel e dous Cristos, un no alto do retablo e o outro no altar.

O padroeiro era don Rosendo de Estúa e Vaamonde, que foi depositario ademais de 800 ducados da fundación. Deixou por pri-

43 F. Prs. Loimil, Santa María. Administración parroquial.

meiro capelán e padroeiro ao seu irmán, Francisco Vaamonde, cura de Dornelas.

Tal capela, aumentada e modificada en tempos do rector Ramón Valenzuela⁴⁴ pasou a denominarse da Saleta:

“Para gloria de Dios, como recuerdo de la aparición de la Virgen Santísima en el monte de la Saleta y para bien de nuestras almas: el cura actual de Loimil, sus feligreses y otras personas piadosas de las parroquias vecinas, han proyectado, llebado á término y dedicado a aquella Señora en el campo de Loimil la pequeña capilla de la cual había tan solo cuatro paredes restos de la que en otro tiempo fuera dedicada a la misma Señora bajo la advocación gloriosa de la Concepción Inmaculada.

Estamos en el año de 1870 que sin duda será de triste memoria en los anales de la Yglesia: la impiedad, la blasfemia y la heregía son públicas y lo peor patrocinadas por la mayor parte de los gobiernos que rigen la Europa: la Yglesia se halla perseguida de un modo el más perverso é hipócrita”⁴⁵.

Tocante a Orazo debemos lembrar que tivo como parroquial filial a Dornelas ata 1553. Polo arranxo parroquial que comenzou a rexir en xullo de 1869 pasou a sélo de Loimil.

O cardeal del Hoyo⁴⁶ fala de “*San Pedro de Oraço, caveça*” e de “*Santa María de Loimil, anexo de Oraço*”, ambas parroquias incluídas no arciprestado de Piloño. “*San Pedro de Oraço [...] Hay una hermita de Santa Marina de Castrovite, questá en un alto; antiguamente fué parrochia y dicen tiene dos lugares, y los diesmos dellos se hazen tres partes y lleva la una el retor y la otra el Collegio de Sanctiago y la otra el prior*”.

Efectivamente ostentou Santa Mariña de Castrovite parroquialidade propia, según podemos comprobar nos foros outorgados polo Priorato de Santa María de Sar:

“En 22 de junio de 1580, el señor prior del Real Priorato de Sar hizo foro a Juan Vázquez de Vaamonde y a Ygnes Torres su mujer, del lugar y casal nombrado de Besteyros da Devesa, sito en la feligresía de Santa Marina de Castrovite, arriba del Puente Ulla”.

44 Varela Castro, P. Op. cit. Páx. 176. Afirmo que a remodelación debeu efectuarse en 1860, mentras que a documentación consultada nos ofrece a data de 1870.

45 F. Prs. Loimil, Santa María. Cofradías.

46 Op. cit. Fol. 405.

Na visita arciprestal de 1746 únese á ermida de Santa Mariña a de San Luís, no lugar dese nome.

E xa no século XIX, temos o testimonio da fundación da capelanía de San Pedro Apóstolo adscrita a San Pedro de Orazo, obra do arcebispo Payá Rico conforme auto dado en Madrid o 11 de maio de 1886⁴⁷.

Santa Baia de Matalobos e Divino Salvador de Baloiira

Cómpre lembrar que Baloiira estivo unida a Matalobos ata 1867 en que quedou reducida a capela. En 1875 restituíuselle o Santísimo Sacramento.

Teremos que agardar ao século XVIII –concretamente ata 1703– para atopar en Baloiira unha capelanía, advocación de Nosa Señora das Neves, que se debe ao licenciado Xoán Calvelo, de San Xiao de Veá, “*que sólo la fundó para ordenarse a título de ella, y después expresamente dice que sea Vínculo, y Maiorazgo, que pueda gozarlo el Patrono pariente, el que si quisiere puede ordenarse a título de él*”. Fundouna con catro misas e o memorial de bens afectos incluía o prado de Pereiro de Riba (que lindaba co Camiño Francés), leiras, a devesa de Bouzamar, un día e unha noite de muíño no chamado do Reguengo de 10 en 10 días “*que además del servicio de casa vale de renta ocho ferrados, los que reducidos a dinero importan sesenta y cuatro [reales]*”... Todos bens sitios en San Xiao de Veá, San Xurxo de Veá e Baloiira.

No 1749 definíana como “*una fundación o agregacion con gravamen de vínculo preferiendo el pariente estudiante para ordenarse*”.

No 1802 vacara por morte de don Bieito Rebolo, soterrado en Santo André de Xeve (parroquia da que era veciño, aínda que natural de Santo André de Veá). Opositou a ela o aínda estudante Bieito da Pedra. Manuel Calvelo, de San Xiao de Veá, bisneto do irmán do fundador, era o único padroeiro.

47 F. Prs. Orazo, San Pedro.

San Miguel de Moreira

O cardeal del Hoyo⁴⁸ decía que a presentación era de San Martiño Pinario e non mencionaba capelas nin fundacións. Tampouco había ningunha en 1746, ao tempo de efectuarse a visita arceprestal. Nesta cítase ao párroco e benfeitor da parroquia Xoán Antón Fraga “*que ha hecho de nuevo y bien la Iglesia, y tiene hecho testamento dejándola por heredera*”. A única fundación da que temos noticia en Moreira tamén foi obra deste sacerdote, falecido o 8 de novembro de 1757, pero radicaba en Souto, parroquia da súa natureza: “*Hizo testamento [...] deixo en el dispuesto que se mandasen decir por su anima seiscientas misas, por una vez, mas dejó una de fundacion en la fr^a de Sn Andres de Souto [...] a cargo de sus hermanas, Antonia, y Ana Fraga, vecinas de dha fr^a de Souto [...]; deixo por su unico y universal eredero de lo residuo de su erencia a[l] Glorioso Sn Miguel Patrono de esta*”⁴⁹.

Santa María de Nigoi

Sabemos que con anterioridade á igrexa actual existiu unha capela adicada á Virxe da Piedade a uns 40 metros de distancia “*en la que sólo se celebraba misa algunas veces, por lo que los vecinos de Nigoy acudían a las de Codeseda, reuniéndose para ellos los domingos y días de fiesta de guardar, a toque de bocina, en un punto determinado de antemano: por eso les llamaban bujinos*”⁵⁰.

Debemos inferir deste relato a existencia dunha primitiva igrexa parroquial que acabaría arruinada ou derrubada no século XVII e substituída pola parroquial de Codeseda ou pola capela da Piedade como lugar de culto durante un longo período de tempo.

48 Op. cit. Fol. 453.

49 F. Prs. Moreira, San Miguel. Libros Sacramentais.

50 Varela Castro, P. Op. cit. Páx. 182.

Santo Estevo de Oca

A máis antiga capela da que temos noticia debeu ser a fundada por María de Neira, muller do rexedor de Santiago Gonzalo de Luaces no lugar de Oca de Abaixo, onde tiña residencia:

“En el año de 1567 Doña María de Neira fundó en el lugar de Oca de Abajo donde al presente vivía una capilla de advocación del glorioso San Antonio de Padua. Y para su perpetua memoria y reparos dotola en 12 ferrados de centeno que pagan en cada un año los herederos que han fincado de Bertolamé de Silba por las heredades que traen de dicha capilla en el puerto de Castro Caneiro”⁵¹. Dos doce ferrados de gran, “seis son para la fábrica de la Capilla y los otros seis se deben pagar a los abades que sean o fueren del beneficio de San Hesteban de Oca [...] que hayan de dezir en cada un año de siempre xamás quatro misas resadas [...]. Pasó esta escritura delante de San Juan Reymóndez escrivano de su magestad y del número del Coto de Oca”⁵².

Outra antiga ermida da parroquia foi a que existiu en Castrotión, no entorno dun antigo monumento megalítico do que tampouco quedan restos salientables⁵³. A capela foi devoción de Bertomeu Reimóndez Figueroa e Castro “*vecino de la Ciudad de Santiago [...] E dijo que por quanto el habia echo y edificado a su propia costa y en su propio territorio la Hermita y Capilla de Castrotión [...] a la qual habia dotado con los lugares de Outeyro y Moymenta de Arriba y otros vienes para que andasen juntos en una persona de su Generacion*”.

A dotación semella ser do 3 de novembro de 1589 e na copia da escritura que consultamos aparecía a ermida ben dotada para o seu sostemento, con rendas “*en los lugares de Paços da Mota*” e noutros moitos, ademais das ofrendas que nela se fixesen. Debían decirse dúas misas o día de marzo da festa da Anunciación, unha delas na propia ermida⁵⁴.

51 F. Prs. Oca, Santo Estevo. Administración parroquial.

52 F. Prs. Oca, Santo Estevo. Cláusulas de testamentos.

53 Non nos resistimos a mencionar -ao referirmos a Castrotión e á posible antigüidade do culto nese lugar- a fundación dun mosteiro por Theodiselo, discípulo de San Froitoso de Braga, nun lugar chamado Castrum Leonis no século VII. O insigne Hipólito de Sá Bravo (*El Monacato en Galicia*, vol. I, páx. 50) identifica o lugar con Castrove, ao sur do val do Salnés, a partir de transcricións antigas como Castropheon ou Castroveon.

54 F. Prs. Oca, Santo Estevo. Administración parroquial.

O cardeal del Hoyo dinos en 1607:

“Hay en esta felegresia una hermita que llaman de Nuestra Señora de Quiñons o de Castro y la qual edificó Bartolomé Reimonde. Tiene de dotación una carga que cobra el mayordomo de la parrochia con cargo de que se digan catorce misas, las dos en el altar privilegiado de Sanctiago y las doce en esta hermita, quatro el dia de San Juan Baptista y otras quatro de San Bartholomé y dos el dia de la vocación, una en el dia de San Amaro y otra el dia de San Roque. La otra se llama de San Antonio de Padua está dotada en una carga de pan, la mitad para reparos y la otra mitad para el retor de la dicha iglesia de Sant Esteban con cargo de decir quatro misas”⁵⁵.

Despois de Bertomeu Reimóndez foron donos do padroado da capela de Castrotión Antón Reimóndez, Sebastián Reimóndez, o presbítero Ignacio Reimóndez e o tamén presbítero e párroco de Freáns, Bieito González Reimóndez⁵⁶.

De feito, na visita do ano 1703, sendo padroeiro Antón Reimóndez (irmán do fundador), apercíbuno o visitador de que cumprira as misas dela, baixo pena de excomunió maior. Ademais “*Y prosiguiendo su merced la Visita hizo de la Capilla de Nuestra Señora de Monte Tión [...] halló su merced que la dicha Capilla de halla muy indecente y menesterosa de muchos reparos como es el rebocarla y calearla por la parte de adentro, fayarla, ponerle Puertas, Bidrieras en la ventanilla de la Capillanía*”. Mandou o visitador que se reparase con fondos da fábrica parroquial, que era beneficiaria dunha carga de pan das deixadas polo fundador⁵⁷.

Na visita de 1714, era capelán o licenciado André Reimóndez, presbítero e veciño de Vinseiro. A porta seguía sen reparar, sen chave e con pouca seguridade; as paredes sen revocar; “*el Misal viexo y muy antiguo y el techo mal seguro del Agua*”⁵⁸. O mordomo da igrexa non reparara a ermida.

55 Op. cit. Fol. 45.

56 Reimóndez Portela, M. Op. cit. Páx. 193.

57 F. Prs. Oca, Santo Estevo. Administración parroquial.

58 Nas contas de 1724 figuran 18 reais “de la composición del Misal de la Capilla de Castrotión, cuyo recibo presentó del Librero Alonso Carbón vecino de Barbude”. F. Prs. Oca, Santo Estevo. Administración parroquial.

A pesares destas incidencias, a ermida de Castrotión permanecía en pé aínda a comezos do século XX á beira da escola parroquial. Non tardou en derrubarse e en disgregarse as súas pedras. O solar foi excavado nos anos oitenta, accedendo os arqueólogos á lauda sepulcral do fundador e poida que da súa esposa e mesmo comprobando a presenza de restos humanos alí soterrados. Xoán André Fernández Castro, hoxe director do Museo Reimóndez Portela, foi un dos artífices da prospección e posterior publicación dos achádegos.

Tivemos a sorte de atopar unha copia do testamento de Bertomeu Reimóndez, redactado o 6 de marzo de 1597. Por el coñecemos non só a súa intención de ser sepultado na capela, senón todo un abano de mandas e últimas vontades do que puido ser o mellor representante da fidalguía da zona no século XVI:

“que quando Dios nuestro señor fuere servido de me llebar desta presente vida que mis carnes pecadoras sean sepultadas dentro del arco de la hermita de Santa María de Castrotión que yo ice y sobre de mi sepultura pongan una piedra labrada sobre la qual pongan mi nombre y como la içe y fundé a mi costa = y mando al clérigo que me tubiere por la mano y me iziere el oficio de pasamiento quatro reales. Y si no lo yciere no le mando nada. Y a la Santa Cruzada [...] un real”.

Dispuxo que se dixesen seis misas o día do seu enterro e dúas máis anuais na capela de Ánimas de Santiago. Ás lumbres ou luminarias do Santísimo Sacramento de Oca, Arnois e Loimil destinou dous reais, “y otros dos reales a la obra de Nuestra Señora de Gundián por que sea mi abogada”.

Tocante á súa familia, prezamos que é estensa e confusa. Non deixamos de apreciar unha inquedanza por deixar aos varóns cando menos con estudos (para que poidesen acceder ao estado eclesiástico ou se fixesen escribáns) e os cuantiosos bens que posuía en Riobó, Orazo, Arnois, Ponte Ulla, Berres, Castro... unidos:

“Yten digo que por quanto soi casado con María Corda y le tengo en mi poder y por ser donçella le mando quatro bacas de las que tengo y dos uchas [...]. Y la cama de ropa que tengo en Santiago [...] con que de mis bienes no pueda llebar ni llebe otra cosa [...] y más dos cargas de pan cada un año en tanto que no se casare.

Yten digo que por quanto yo crié a Mariña Carballa de niña y dicen ser mi hija por bia de herencia [...] le mando para siempre el mi lugar de Río mao en que bibe Fernán de Río mao sito en Santa María de Loimill con el qual la aparto de todos mis bienes [...] que más no pueda llebar ni heredar dellos [...] por que confieso no ser mi hija ni la tengo por tal [...].

Yten digo que por quanto la dicha María Corda al presente anda preñada si el parto que pariese biniere a lumbre siendo hembra mando y encargo a San Juan Reimóndez escrivano mi pariente persona honrrada [...] la dote nescesaria y si fuere barón lo crie y enseñe a leer y escribir de suerte que si quisiere ser clérigo o escrivano o pueda ser y para el tal ofiçio le de corenta ducados por que lo pueda alcançar lo qual le encargo lo aga so pena de mi bendición y maldición = Con que mando que el tal hijo o yja que la dicha María Corda pariese no pueda llebar ni llebe de mis bienes [...] otra cosa alguna [...].

Yten digo que yo crio a Bartolomé de Castro y por causas que a ello me mueben mando que el dicho Juan Reimóndez [...] a costa del usufructo de mis bienes le crie y alimente y enseñe a leer y escribir [...] para tomar ofiçio de escrivano o clérigo [...].

Yten digo que por quanto yo içe y edificué en mi propio territorio y a mi costa y mención la capilla y ermita de Santa María de Castrotión y en ella puse las ymájinés de Nuestra Señora y San Juan Baptista y San Bartolo y otras [...] y en el altar mayor se pusieron y están unas reliquias de Santa María y mi intención fue y es de unir y encorporar a ella y poner en un cuerpo y manera todos mis bienes y que anden siempre juntos en una persona de mi xeneración, sin se partir [...] la Casa de Quiñones en que yo bibo y moro que yo y San Juan Reimóndez abemos echo con su biña y arboleda que está junto de ella con el palomar [...] con la casa en que bibe Pedro de Balboa [...] y los árboles que ban en la rigueira que yo planté en la aldea de Castrotión”.

Tamén houbo unha capelanía adicada a Nosa Señora da Presentación no interior da igrexa, do lado do Evanxeo, fundación do rector Brais de Outeiro de 1628.

O 4 de outubro de 1665 notificou o rector por medio dun auto “a los caseros que pagan renta al Licenciado Fernán Cançela Capellán de las monjas de Villagarcía y patrón de la capilla de nuestra señora de la presentación ynclusa en dicha mi yglesia parroquial para que no le acudiesen con dicha renta asta que pagase la limosna de las misas que están fundadas en dicha Capilla”. Afirmaban os caseiros que “dicho Licenciado Cançela avía empeñado dicha Renta de la Capilla a un mercader vezino de [...] Santiago por muchos años que se llama Juan do Casal el qual bino a cobralla [...] ni pueden guardar el pan por causa de los soldados que

*todos los días pasan por allí y que aunque quieran açer diligencias con dicho Licenciado Cançela no pueden porque está lexos y ai dos años que no pareció ni le an visto*⁵⁹.

No 1703 era padroeiro e administrador Domingo Cancela, da Poboia do Deán. Bertomeu Vázquez, rector de San Vicenzo de Berres e administrador dela, aumentouna e agregoulle máis bens con posterioridade.

Na visita de 1647 cítase no altar colateral do lado da Epístola, a capela de San Alberte que

“dexó Pedro de San Martiño do Abelao con carga de dos misas [...] y para ella dotó tres rapadas de çenteno que haçen oy nueve ferrados [...] patrón Antonio de Remesar al qual mandó su merced que dentro de dos meses adereçe y repare el techo y simborio de maderaxe [...] que amenaça ruyna y se puede venir al suelo”⁶⁰.

A capelanía de Santa Margarita e San Sebastián estaba situada nun dos colaterais da igrexa parroquial; “*fundola, y dotola, perpetuamente, el Lcdo D. Sebastian Alvares de Mera, clérigo presvitero [...], de esta dha fr^a en 3 de Diciembre del año de mil seiscientos y ochenta y ocho*”⁶¹.

A súa intención era estatuir “*una capilla colativa para todos sus parientes que se hallaren hábiles dentro de tercero grado*” a costa do uso-froito da súa facenda.

No 1746 era capelán dela don Agustín Fandiño, residente en Astorga.

Para constatar o estado destas institucións no século XIX e os actos posteriores polos que se engadiron máis misas ás orixinais, tivemos que botar man dun memorial de misas de fundación da parroquia, sen datar, que situamos nos albores do terceiro cuarto do século. Nel dise que a capela de Castrotión estaba “*casi en ruinas*”. Aparte das misas de Bartolomé Reimóndez, fundadas “*sobre su casa de Quiñones en dicho lugar*”, tamén por fundación de Catalina Méndez

59 F. Prs. Oca, Santo Estevo. Administración parroquial.

60 F. Prs. Oca, Santo Estevo. Administración parroquial.

61 F. X. 378.

“sobre su casa y lugar ao bienes de Cruz de Agra en Castrotión, otra casa en Puente Ulla, lugares y casas de Moreira, S. Andrés de la Somoza, y varias rentas”.

“En la misma Capilla y á cuenta de los alquileres de la casa con su huerta, esquina á Pitelos y casa de la Inquisición en la calle del Horreo de Santiago deben decirse dos misas anuales, [...] fundación de D^a Francisca Reimondez [...].

Todas estas misas están sin cumplir, por lo menos desde el año de 1820.

En la de N. Señora de la Presentacion al lado del Evangelio de esta Yglesia [...] de Oca, de patronato lego, fundada en el año de 1628 por D. Blas de Outeiro, Cura que fue de la misma [...], tres misas cada semana [...].

En la de S. Sebastián y Sta Margarita, Colateral del Evangelio de esta Yglesia [...], colativa, fundada por D. Sebastian Alvarez de Mera, Pbro, sobre su casa, huerta, varios bienes que radican en el lugar de Oca de Arriba y varias rentas (según consta de la escritura de fundación, deben decirse doce misas anuales habiendo Capellán que sea pariente del fundador dentro del tercer grado [...].

En la de S. Antonio, propiedad de los Sres. Marqueses de S. Miguel das Penas y la Mota habia cuatro misas anuales, que fueron redimidas por dichos Sres. En 24 de setiembre de 1869.

San Lourenzo de Ouzande

Desde a máis vella documentación consultada, non se citan ermidas nin outras fundacións nesta parroquia. A única que poderíamos situar, con algunhas reservas, nos outrora límites de Ouzande é a da Peregrina á que xa nos referimos en San Paio de Figueroa.

Os donos da Casa de Sangro eran tamén presenteiros do curato de Ouzande, polo que aparece dividido desde antigo entre varios legos: deste beneficio fora único padroeiro Xoán González Figueroa marido de doña Inés Álvarez “y de él haber recaído en seis hixos y here-deros, que tuvo el matrimonio, con Doña Ygnés Álvarez que han sido Marcos Bermúdez, Pedro Siso Bermúdez, María Siso Bermúdez que de primer matrimonio estuvo casada con García Núñez, y de segundo con Pedro Vázquez de Puga, Fernando Bermúdez y Luis Bermúdez, Doña Constanza Bermúdez”.

Deste xeito disgregouse o dereito entre as diversas polas da familia e incluso pasou ao mercado circulando como un ben máis⁶². O seu

62 Do ano 1733 hai escritura de doazón outorgada por Miguel da Hermida aos sucesores no vínculo da Casa de Figueroa da parte dos dereitos de padroado e presentación que tiña do curato de Ouzande, e do simple sen cura de Calobre.

máis egrexio representante na Idade Moderna, Xosé Bermúdez de Castro Mera e Sangro e a súa muller Dorotea Teixeira Pardo de Andrade, veciños do pazo de Figueroa, outorgaron testamento o 27 de marzo de 1754. Aínda que longo, como correspondía a persoas do seu estado, non poidemos menos que resacar del o que consideramos máis significativo, e que revelaría a presenza dunha capela adicada ás Ánimas dentro da igrexa:

“Primeramente, mandamos nuestras Almas a Dios Nuestro Señor que las redimió con su preciosísima sangre en el Santo Árbol de la Cruz, y los Cuerpos a la tierra de que fueron fundados y que sean amortajados en hábitos de nuestro Padre Seráfico San Francisco y moriendo aquí sepultados en la parroquial Iglesia de esta feligresía, la otorgante en una de la primera hilera de junto a la puerta principal [...] e yo el otorgante en una de las dotadas de mi Casa que se hallan grabadas con las armas de ella [...] que esté desocupada, y moriendo en la Ciudad de Santiago en mi nicho que tengo en el convento de Santo Domingo [...], y en la Capilla en que se venera la imagen de San Pedro Mártir; y lo mismo la otorgante; y que se me digan [...] doze misas rezadas por una vez [...] en la Capilla de ánimas de la Parroquia de San Lorenzo de Ouzande, y se llamen para mi entierro cuantos señores sacerdotes puedan ser habidos, despachando para ello mi cumplidor las veredas correspondientes para convocarlos, y se les de su limosna, y de comer, y beber según mi calidad”.

Santa María de Paradela e San Martiño de Barbude

En Paradela non había nos tempos da visita do cardeal del Hoyo ningunha ermida nin capelanía. Nembargantes, xa do 1661 quedáanos a escritura de “*Cesion de patronato de la capilla de S. Juan Bautista en S. Martín de Barbudo por Benito Carbon a favor de Antonio da Fonte*”, do tenor seguinte: “*En la fr^a de Santo thomas de [...] Caldas de Rey [...] Parescio presente Benito Carbon vx^o de la fr^a de san m[artí]n de Barbudo, e dixo que el lizd^o Ju^o Carbon clerigo retor que fue de santa m^a de aguions por clausula del testamento con que se avia falescido avia mandado fundar una Capilla en dha Ygl^a de san m[artí]n de barbudo en uno de los altares Colaterales della con aniversario de tres misas perpetuas en cada un año abocacion del glorioso San J^o Bautista y dexado para ellas ipotecado el lugar de San Ju^o de Santeles sito en dha fr^a de Santeles y el*

lugar de paradela sito en la fr^a de Sta maria de paradela, y el Lugar de Bilboa sito en [...] ribeira y la heredad de espineiros sita en [...] aguions [...]. Y los dhos lugares con sus Casas Cortes eiras y salidos [...]. Y por los dhos lugares se pagan en cada un año quice hanegas de pan y mixto que asen siete Cargas y m^a y la maior parte dellas de Centeno". Antón da Fonte era o seu curmán, crego de menores e "estudiante Birtuoso Vz^o de la fr^a de Barbudo". O fundador da capelanía deixara disposto "que el que ubiese de gosar dha Capilla y vienes a ella agregados fuese Pariente suio y de su linaxe y por serlo el dho ant^o da fonte en el tercero grado de consanguinidad" correspondeulle.

Na visita arceprestal de 1746 cítase a capelanía do Doce Nome de Xesús, fundada por don Xacobe Barreiro sobre bens forais, da que era capelán o vicario de Santa María de Teo, Antón Carreira. Tamén se mencionan outras dúas, de advocación de San Gregorio e de Nosa Señora do Rosario.

Sobre a fundación da primeira delas, o libro vello da fábrica de Paradela afirma que don Martiño de Silva e Taboada, presbítero veciño de Santiago atitulado e posuidor da capelanía, solicitou en 1724 copia da escritura de fundación. Nesa copia dise que foi o fundador e primeiro capelán dela o licenciado don Xacobe Barreiro de Zamar, crego de menores, o 15 de maio de 1707: trala morte dos seus pais incorporou os bens que lle corresponderon polas partillas (a casa grande con sobrado no lugar das Covas de Arriba, con viñado anexo, o souto do regueiro de Cachón con 200 castiñeiros...) á capelanía que estaba dentro da igrexa, no colateral do Evanxeo, coa obriga de tres misas rezadas cada ano.

Por terras de Paradela corren o Ulla e o Liñares, ademais do regato chamado de Covas. Non podemos deixar pasar a ocasión de tratar a conexión existente entre os cursos fluviais de certa entidade e potencial e a potencialidade para producir congrua, que sen dúbida aclararía o feito de que Paradela (a freguesía máis pequena das estradenses) e Barbude acumulen máis de medio cento de ordeados entre 1649 e 1860 contando ambas con pouco máis de cincocentas hectá-

reas de superficie. Cifra notoriamente superior ás de moitas outras parroquias de maior extensión e menor “hidropotencialidade”. Resulta tamén un indicio nesta dirección a presenza nesta parroquia dunha das notables e antigas obras de enxeñería hidráulica da comarca: a presa de rego de Pina, curiosamente invención dun eclesiástico, de case cinco quilómetros de lonxitude e hoxe destruída en parte por unha central eléctrica de máis que dubidosa utilidade rematada no ano 2002, que asulagou, derrubou e destruíu non só unha das senlleiras mostras de arquitectura civil deste tipo do noso concello, senón os seus usos tradicionais e, porén, parte da nosa cultura:

“Según escritura otorgada en dos de Febrero de 1709 por ante el Escribano D. Manuel Vázquez, el notable Cura Ingeniero D. Adrián Rodrigo de Leis, y los vecinos Miguel Besteiro, Mateo Martínez, Domingo Carbón y Miguel de Sisto, han ejecutado con D. Francisco Escudero, Maestro Cantero, vecino de Santo Tomé de Quireza, que también estuvo presente al acto, la confección de una presa de agoa del río del Viso (río Linares), debajo del molino de Trasmonte llamado de Salgueiro, por la cantidad de tres cientos ducados de vellón, diez y seis fanegas de pan, cuatro moyos de vino, y además poner hombres de trabajo hasta terminar la magna obra, de hacer y arreglar en forma la dicha presa de agua hasta traerla arriba de la Casa Rectoral por todo el monte entre peñascos y precipicios, etc.”⁶³

A outro dos rectores de Paradela, Manuel Bermúdez de Castro, débémolle no 1760 a fundación dunha potente obra pía “*costeando una escuela para Niños, y Niñas, hijos de vecinos de ambas parroquias*” perpetuamente. Instituíu tamén unha dote de 50 ducados cada ano “*para doncellas honestas*” de ambas parroquias “*sin excepción de alguna por ser Rica, ni Pobre*” que cumpriran as condicións esixidas nas cláusulas da escritura fundacional e que lles serían entregados aos nove meses de casar, quedando “*excluída la Doncella, que antes de casarse con su marido, cause con él, ú con otro hombre nota y Escándalo en el Pueblo*”⁶⁴.

63 Varela Castro, P. Op. cit.

64 Constitución 2ª. Tamén se fai extensible esta dote a calquera filla de veciño das parroquias que entrase nun convento a tomar estado relixioso.

Suxeitou á obra pía censos e bens raíces⁶⁵, pagándolle dos réditos deles aos mestres 50 ducados “*con los que se ha de contentar, y poner de su Quenta el tal Maestro Papel, Tinta y Plumas, para los Niños, y Niñas*”, según as constituicións da fundación e nomeou padroeiros dela aos curas sucesores seus.

De Manuel García e María Chico, de Santa María de Lestedo, adquiriu 66 reais de “*censo redimible al quitar, en cada un año, que dichos otorgantes ymponen, cargan y sirben sobre todos sus bienes*”. André e Domingo Antón da Silva e Xusta Picallo, de Codeseda, vendéronlle 99 reais de censo redimible al quitar situado sobre bens en Marcenlos. Baltasar do Pazo e María Antía García, de San Fins de Sales, vendéronlle 27 reais de vellón de censo. Domingo de Valadares e Michaela de Agrelo, de San Mamede de Moalde, 33 reais. Salvador do Porto, de Moreira, 33 reais de censo (que pagaba por unha casa na Pía, con celeiro e cabaleirizas e pezas en Pontillón, Ponte Maceira...). Xosé de Riba e María Picallo, de Santo André de Souto, hipotecaron tamén os seus bens (leiras como a Veiga do Arnado, de 50 ferrados de extensión e presa de auga, con dúas rodas de batáns nela e dúas casas) por 4800 reais, debéndolle pagar desde entón 144 reais cada ano... .

Algúns dos bens foron incorporados á obra pía de forma cando menos escura, como aconteceu nas adquisicións de Paradela de Arriba (soutos, carballeiras, un pombeiro, parte dun muíño...) pertencentes ao escribán de San Mamede de Ribadulla Francisco Clemente. Encol delas houbo preito sobre pago do censo ao que estaban vencelladas, resultando penas de cárcere para o escribán e embargo dos seus predios por falsidade documental; aínda que o reo alegaba que era “*la pretensión de dicho Cura un embrollo [...] benganza de la mala fee que me profesa, por el falso y calumnioso pleito que me movió [...] le obligó su malicia y ciega Pasión, a repetirme deudas, que no le debía, pretendiendo cobrar dos veces*”. No 1779 tivo efecto o embar-

65 F. Prs. Paradela, Santa María.

go e poxa dos seus bens na parroquia de Paradela, adquirindo parte deles o veciño Francisco Codeso pola cantidade de 3500 reais, que pediu prestados ao cura Bermúdez, actuando coma o seu testaferro. Así, tamén caeron estas propiedades en mans do rector, ao igual que a renda do lugar da Devesa (San Miguel de Moreira).

Ata 1811 seguiron os curas posteriores adquirindo bens para soste e acrecentar a obra pía⁶⁶. Poida que para compensar as vendas efectuadas ao abeiro da lexislación que, como dixemos, tentou couitar desde finais do XVIII a acumulación de bens en mans mortas. Foron as fundacións e obras pías as primeiras afectadas. Deste modo “*En principios del año de mil ochocientos y dos, se vendieron por S. M. Dn Carlos quarto los bienes raizes, y palomar de la obra pía [...]; los que compraron Joseph y Francisco Clemente [...] en seis mil seiscientos setenta y quatro reales, y medio*”⁶⁷. Por eles obrigábase o rei a pagar de réditos 200 reais e 7 maravedís cada ano.

Inferimos dos anteriores datos non só a importancia da fundación (poida que a de maior caudal das da zona), senón tamén a relevancia que os medios de produción relacionados coa auga tiñan na mesma: cando menos dous batáns e dous muíños forman parte dos bens enumerados, para a xestión dos que foi preciso abrir libros de contas específicos.

Estipulaba a fundación no tocante á escola que debía asistir o mestre que resultase nomeado diariamente tres horas, salvo os domingos e festivos, impartindo clases. Para controlar o cumprimento do seu horario, tiña a obriga de avisar ao padroeiro da fundación cando chegase e saíse da escola. Tamén fala de que se debería facer unha casa escola⁶⁸.

66 Por exemplo, o 12 de decembro de 1788, o ecónomo en vacante Francisco Montenegro, adquiriu 48 reais de censo pola cantidade principal de 1600 de Diego Barcala e María Carbón, veciños de San Martiño de Riobó.

67 F. Prs. Paradela, Santa María.

68 Polos recibos podemos reconstruír a nómina dos mestres que desde 1786 ensinaron primeiras letras en Paradela: Domingo Quinteiro ata 1800 (ano do seu pasamento); Xoán Antón Silva (1800-1806); Xosé Ventura Pardevila Fernández (rector de Ames e de Paradela) cobrou por dous meses en 1806; Xoán Antón Silva (1807-1812); Dionisio Codeso (1812-1815); André Ramos Brocos (1815-1822); o veciño da parroquia Xoán Silva

En Barbude acontece unha casuística particular, que respostou á insistencia e contumacia coa que defenderon os veciños o seu dereito a ser parroquia, aínda sen ter igrexa nin camposanto. Contaban cunha capela situada baixo a advocación de San Martiño adornada por canzorros románicos, na que aínda hoxe se celebran a festa do padroeiro e a máis moderna do San Lázaro. A existencia da capela pódese remontar sen reparo ao século XII, e a súa situación, ao abeiro dun emprazamento castrexo e dunha fonte –ambos hoxe en estado máis que deplorable– fainos pensar na posibilidade dun intento de cristianización de cultos pagáns anteriores, como acontecete ca ermida de Castrotión, asentada sobre un círculo lítico vestixio de máis vellos sentires espirituais.

Sabemos que había ne capela de San Martiño unha capelanía fundada por Amaro Pose, rector de Ouzande, coa advocación de San Xoán Bautista da que se da fe hai escrituras anteriores a 1651:

“Andres Gomez de Billar, escribano publico del rreino y besino de la feligresia de Santiago de Tabeiros ha hallado unas escripturas de donacion que ha echo el bachiller Amaro Pose”. Por elas cedíanselle certos bens “para que los use, lleve y posea y me diga en cada un ano tres misas [...] dentro de la iglesia de san martiño de barbude en donde quie[ro] y es mi boluntad se haga una capella de madera en uno de los alt[ares] laterales de dicha yglesia a semejanza de una de las que estan en la y[glesia] de san miguel de moreira [...] y es mi boluntad que [el] sobre dicho lleve y posea dichos bienes por los dias de su vida”.

San Cristovo de Remesar e San Martiño de Riobó

En Remesar existiron dúas capelanías. A máis antiga delas foi a de San Sebastián, estatuída no colateral do lado da Epístola da igrexa por Sebastián de Porto en 1707.

(1822-1842); Manuel Gómez, presbítero de Santa Mariña de Ribeira (1842); de novo Xoán Silva (1843); Manuel Gómez (1843); Melitón Vila, tamén de Paradela (1843-1846); Xoán Silva (1849) e Bernardo Eo, de Barbude (1852).

No 1856 o cura Francisco García afirmaba que “*por efecto de ciertas circunstancias en las que corría peligro la escuela de esta fundación, por no haber en ella Maestro titulado, y por otras miras que se tenían acerca de ella tube que regentarla yo mismo*”.

Seguen no elenco cronolóxico de mestres Xaquín Nodar (1857-1859), Xosé López Canicova (1859) e de novo Xaquín Nodar (1859-1860).

Na visita pastoral de 1724 constatouse que a título dela “se ha ordenado dn Andrés de Oporto Presbytero residente en la Ciudad de Santiago y mediante no ha parecido a dar quenta de ella [...] y cumplimiento de misas, ni se sabe sobre las que tiene de Carga [...] por no aver en este libro copia de la escritura de fundación”⁶⁹.

Na visita de 1727 estaba vacante por morte de André Rodríguez, e aínda non constaban as cargas. Na de 1731 era padroeira María de Marque, viúva de Bieito do Porto, que vivía cos seus fillos no lugar de Remesar.

A outra foi a fundada por don Lourenzo Regueira Freixomil o 4 de decembro de 1739 no colateral do lado do Evanxeo, baixo a advocación de Nosa Señora do Portal de Belén. A escritura fundacional foi redactada en San Martiño de Meis, onde residía Lourenzo Regueira “Dueño de las casas de Villanueva e [...], dijo que a el le pertenecían muchos vienes por herencia de sus Padres y por muchas adquisiciones [...]. Primeramente la casa del lugar da Debesa con sus corrales cavallerizas entradas” e as hortas e viñas anexas que posuía Domingo Rei (e polas que lle pagaba 40 reais ao ano), fincas (entre elas unha de 30 ferrados de trigo de sembradura), soutos e carballeiras polos que cobraba 22 ferrados de castañas secas e moitos máis bens, “los quales están sitos en la fr^a de Sn Xpristoval de Remesar la de san Martín de Rioboo, y la de San Pedro de Orazo”. Fundou pois a capelanía e agregoulle os bens á imaxe “que se benera en el colacteral, del lado del Evangelio, ynclusa dentro de la Parroquial de [...] Remesar para que sean propios de dha Capilla y sus Capellanes que avajo hirán espresados; con carga y pensión de que cada uno de dhos Capellanes ha de celebrar por su persona una misa en cada mes que son Veinte y quatro cada año [...], cada uno de dhos dos Capellanes, á de rezar un sufragio echando agua bendita encima de la sepultura del otorgante y sus maiores perpetuamente [...] nombra elije, por Capellanes [...] a dn Ramón de Mondragón, clerigo ya ordenado de Epístola vezino de dha fr^a [...], y a Dn Gregorio del Río, clérigo de meno-

69 F. Prs. Remesar, San Cristovo. Administración parroquial.

res hordenes residente en dha fr^a [...] por primer patrono [...], que lo sea su hijo dn Alejos Reguera y Frejomil, y después de este sus hijos [...] y a falta [...] los de D^a Gerónima Reguera Frejomil su hija, y a falta los de Dn Leonel de Mondragón su primo y a falta los de dn Alonso Romero Figueroa, asimesmo su primo”⁷⁰. Está o documento firmado en Meis polo notario apostólico veciño de Fefiñáns, Francisco Blanco Mariño. Don Lourenzo Regueira era tamén alférez da compañía do partido de Tabeirós, según nomeamento do capitán don Bertomeu Bermúdez de Castro de 20 de xuño de 1689⁷¹ e estivo casado con dona Xacinta Fortio Bermúdez da Maza, da vila de Cambados.

Aínda no 1936 a capelanía de Nosa Señora do Portal contaba con dous capeláns e as fincas da fundación estaban en poder de varios veciños e da familia do fundador.

A Casa de Vilanova xa non existe na actualidade. Desapareceu froito do descoñecemento e da indiferenza pola conservación do patrimonio arquitectónico que tinxiu boa parte do século XX e que transformaron o rural estradense mediante o auxe dun fenómeno similar ao microchabolismo, unicamente comparable ao doutros países terceiro-mundistas; mais sabemos que da súa xenea saíron aínda nos séculos XVIII e XIX persoeiros que portaron os apelidos máis senlleiros da freguesía ao servizo das armas e da clerecía. Tal era o caso do bisneto paterno do fundador, don André Regueira Mondragón, coronel do rexemento provincial de Pontevedra en 1803, fillo de don Xosé Regueira Freixomil e Mondragón, e de dona María Ignacia Valadares Vilariño e Figueroa, que desde 1760 pertencía ao rexemento de milicias provinciais. Tamén pertenceu á familia o “*Excmo. Señor D. Phelipe Gil Taboada, Colegial que fue en el Maior de Cuenca, Obispo de Osma, Comisario Xeneral de Cruzada, Presidente de Castilla y Arzobispo de Sevilla*”, curmán do “*Ilmo. Señor D. Caietano Gil Taboada, Colegial que ha sido en el Maior de Santa Cruz, Inquisidor en el Santo Tribunal de esta Ciudad de Santiago,*

70 F. Prs. Remesar, San Cristovo. Administración parroquial.

71 Pérez Constanti, Pablo. *Linajes Galicianos*. Consorcio de Santiago de Compostela, 1998. Páx. 98.

Canónigo de su Santa y Apostólica Iglesia; Administrador del Gran y Real Hospital de dicha Ciudad, Obispo de Lugo y Arzobispo de Santiago". Según Pérez Constanti, desta casa descendeu o primeiro marqués de Santa Cruz de Ribadulla, afirmando ter consultado unha información de limpeza de sangue recibida na vila de Mondragón (Guipúscoa) no 1627, da que resulta "*que André de Zubieta Mondragón, hijo legítimo de Pedro de Zubieta y Águeda de Echevarría, moradores en la Casa solar de Zubieta en Santa Águeda de Guesalibar, vino a Galicia y tierra de Tabeirós hacia mediados del siglo XVI*"⁷².

Os anxeios de perpetuar o propio recordo levou a outros párrocos, benfeitores de datas máis modernas, a realizar fundacións con contido distinto ás anteriores: o rector Ramón Silva Señoráns, morto en 1913, deixou á igrexa de Remesar no seu testamento varias fincas e a dotación para unha parte dunha bolsa no Seminario Conciliar de Santiago. En compensación debía decirse pola súa ánima unha novena con misa, unha misa solemne o día de Nosa Señora da Concepción...

Outro párroco, Francisco Arias Diéguez, morto en decembro de 1959 tamén deixou fincas, ademais dunha bolsa no Seminario de Santiago e outra no de Lugo⁷³.

En Riobó estivo fundada no colateral do Evanxeo, polo menos desde 1749, a capelanía de San Xoán Bautista, que debemos a Bieito de Pazos.

Santa Mariña de Ribeira

O cardeal del Hoyo⁷⁴ cita en Ribeira a presenza de dúas ermidas xa vellas no 1607:

72 Id. Páx. 99.

73 Vid. por exemplo o B. O. A. S. n° 3250 de 20 de xullo de 1974. Hai un edicto de bolsas para o curso 1974-75. A denominada "Silva Señoráns" estaba destinada a naturais de Remesar, Riobó e Vinseiro. A "Arias Diéguez" debía adxudicarse en primeiro lugar aos descendentes de dona Serafina Arias Diéguez; en segundo turno aos descendentes de dona Filomena Arias Diéguez; e en terceiro termo aos aspirantes fregueses de Remesar e Riobó indistintamente.

74 Op. cit. Fol. 450.

“Hay en esta felegresia dos hermitas, una de Sant Anton, abad, está bien proveida de ornamentos, calis y vinajeras de plata con su platillo y un relicario con muchas reliquias. Edificáronla Pedro Vázquez de Puga y su muger María Siso, que dexó en su testamento que su marido dotase la dicha hermita en una carga de pan para sus reparos; la otra se llama de san Vicencio martir, no tiene dotación, pero dicen está encargada dellas una cofradia de la vocación del sancto”.

No 1687 concedeu bula e indulxencias á ermida de San Vicenzo o pontífice Inocenzo XI⁷⁵. Esta capela estivo noutrora no lugar de Marque, nunha paraxe que aínda hoxe recibe o nome de “Veiga da Igrexa”, comenzando o seu traslado no 1778 ao emprazamento no que hoxe a coñecemos:

“La Capilla de Sn Vizente Martir sita en términos del lugar de Marque. Es mui Antigua, y es voto de la feligresía a cuja devocion los vezinos erigieron Cofradia de Caridades, y Cera para los entierros y funerales de los Cofrades, no tiene otra renta mas que dhas Charidades”.

Neste ano 1778 foi preciso recurrir á munificencia dos veciños para mudala ao lugar de Constenla, xa que estaba

“bastantemente arruynada y en un sitio lagunoso, y empantanado, reducido, e yndecente para el grande culto que se debe al Glorioso Santo [...] dio lugar a que Dn Bernardo Antonio Cuervo, Cura Parroco de esta dicha fra lo hiciesse presente, por medio de un Memorial al Señor Visitador ultimo que le tocava, concluyendo a que havia de permitir se remobiesse dicha Capilla al Monte de Costenla terminos de este dicho Lugar y fra por ser sitio mucho mas decente, y comodo para el Culto [...], y que para que tenga efecto la exposición de dicho Cura, necesita sitio en el nominado Monte de Costenla, y tener parte de el para su Edificio, Ferias, y Romerías [...], y para el rreferido de Remober dicha Capilla, por el thenor de la presente, y en la forma que mas aya lugar, desde oy Dia de la [...] de esta [...] y para en todo tiempo de siempre xamás, Ceden, sueltan, y desembargan a dicho Santuario de San Vicente, y para edificar su Capilla, y mas yncidente, es a saber Tierra de llebar en sembradura quatro ferrados de pan, medidos por la Bara, puesto en Quadro que ya estan marcados y amoxonados [...], lo ceden, renuncian, relaxan, y traspasan en dicho Santo y para dicha Mudanza de su Capilla [...] por todo tiempo de siempre jamas por esta Escripura de Cesion [...], en testimonio de lo qual ansi lo otorgaron, firmaron de sus nombres [...] Joseph Recarey, ducho Cura, y el Balthasar Rodriguez, y por los demas que Digeron no saber hizolo a su Ruego un testigo de los presentes que lo fue-

75 F. Prs. Ribeira, Santa Mariña. Administración parroquial.

ron Joseph Bouzon vezino de la fra de San Julian de Guimarey, Domingo Canosa Vezino de [...] Olibes, y alverto Garcia vezino de esta fra de Riveyra”.

O cura pasou a recoñecer co arquitecto do cabido compostelán e outros peritos, e decidiron, visto o mal estado da capela, trasladala.

O 20 de novembro de 1778, douselle licenza ao cura para proceder á construción.

E “*en seis de Henero de este año de mil setecientos setenta y nueve se trasladó la ymagen del Glorioso Martir San Vicente de su Capilla vieja sita en el lugar de Marque, a la que se esta actualmente fabricando en el de Costenla [...], con toda solemnidad y devoto concurso de gentes de ambos sexos. Y p^a que conste y que en el dia antecedente he vendicado dicha Capilla*”⁷⁶. Firma o rector Bernardo Cuervo Arango.

Outra bula e xubileo outorgouse á ermida de San Antón Abade no mesmo ano 1687, que estivo situada no lugar de Vilar. Parece que xa estaba construída no 1594, aínda que as primeiras visitas conservadas son de mediados do XVII: na de 30 de setembro de 1647 inspeccionouse

“la hermita de San Antonio de Villar [...] sita en los límites de dicha Iglesia de Santa Mariña de Ribeyra que fundó Pedro Vázquez de Puga la qual no está dotada [...] y halló que se dicen ocho misas con puntualidad en diez y siete de henero que es la abocación de dicha hermita”⁷⁷.

Dous anos máis tarde sabemos que o padroeiro dela era Gabriel de Mos e no 1665 Bernardino Sarmiento. Xa no século XVIII vólta-se a falar dela en termos máis ambiguos:

“La Capilla de Sn Antonio Abbad Sita en el lugar de Vilar de esta dha feligresía [...] cuyo Patronato es del señor Marques de Mons, Conde de San Bernardo [...], no consta quien la fundó, ni menos la renta que tiene; si que en el dho lugar de Vilar pagan renta algunos labradores al rreferido Señor Marques”⁷⁸.

E na visita de 1780 constátase a súa ruína definitiva, cumpríndose as misas dela na igrexa parroquial e pagándoas “*unos vecinos del mismo lugar foreros del Marqués*”.

76 Id.

77 Id.

78 F. X. 378.

No 1665, “*prosiguiendo Su Yllm^a esta visita hallo [...] junto a la puente Sarandón [...] una capilla de la abocación de San Benito junto a la casa de Jacinto Campelo de que es patrón el sobredicho. Y el biceretor declaró estaba decente y atento en este libro no consta de la fundación de dicha Capilla ni licencia que haya tenido para edificarla y si hay en ella fundadas algunas misas*”. Sen dúbida alúdese á capela da casa fidalga de Araúxo, no lugar de Ponte Ribeira.

Na visita de 1667 inspeccionouse de novo a capela, resultando

“que don Jacinto Campelo patrón della hace decir misa los domingos y días de fiesta antes de la misa parroquial tocando campana y abriendo las puertas, a la qual acuden los vecinos y feligreses de dicha feligresía [...] por tanto mandó se notifique al dicho don Jacinto Campelo no consienta se diga misa en dicha su Capilla antes de la parroquial [...] ningún clérigo diga misa en dicha Capilla los días de fiesta si no fuere con las puertas cerradas excluyendo a todas las personas que no fueren criados de su casa y de sus hermanos”⁷⁹.

Na visita parroquial de 1724 a capela de San Bieito estaba mal

“y que el techo por el peligro que tiene de caerse está posteoado con unas vigas sin haberse compuesto”.

No século XIX constatamos unha vez máis a decadencia deste tipo de ermidas e fundacións, aparellada coa das familias promotoras. Nunha carta dirixida ao Arcebispo

“D. Antonio M^o de Miranda Valcarcel de Castro, Capitan de Ynfanteria vecino de esta Ciudad [Santiago] con el debido respeto hace presente a V. E. Que en la Santa Visita que se hizo, en ultimos de Noviembre del año antecedente [...], se verificó tambien en la Capilla del Glorioso S. Benito del Puente Sarandon pegada a su Casa, sita en la Parroquia de Santa Marina de Riveira, en la que tubo V. E. a vien mandar se Pavimentase el Centro de tabla a pesar de ser Peña viva, y se cerrase el Enrejado de dicha Capilla tambien con tabla, no obstante de llevar mas de 200 años en la misma disposicion sin que se alterase este orden por tener su Atrio Cerrado de Piedra; y como dicho Edificio tiene poca altura es muy probable quedará escasa de Luces. Sin embargo [...], se vé en la precision de hacer presente a V. E. que su actual Situacion no se lo permite en el día por ser muy escasas sus facultades, y muy numerosa su familia [...], a pesar de que la Suma que se necesita, no podrá exceder de 1000 reales pero no puede juntarla [...].

79 F. Prs. Ribeira, Santa Mariña. Administración parroquial.

Suplica se digne anular su providencia [...], o proporcionarle medios aunque sea en calidad de Prestamo [...]. Santiago Abril 14 de 1831”.

O Arcebispo prorrogoulle o prazo de cumprimento do mandato en dous anos, como única graza.

Entre as fundacións da parroquia temos a que poida que sexa unha das máis importantes da zona, xunto á do rector de Paradela arriba mencionada. Trátase do aniversario de misas disposto polo testamento de Xoán Reimóndez, con máis de 24000 reais de capital principal xenerador de rendas aínda máis de século e medio despois.

O aniversario fora fundado en Madrid o 29 de outubro de 1628 por testamento de Xoán Reimóndez “*Portero de la Caballeriza de la Reyna [...] estando en la cama enfermo y en todo su entero juicio*”, ante escribán e sete testemuñas⁸⁰. A noite do 17 ao 18 de decembro dese ano faleceu. Nestas súas derradeiras vontades intitúlábase Xoán Reimóndez

“Criado de la Reyna Nuestra Señora, Portero en su Real Caballeriza, natural del lugar de Villar, tres leguas de la Ciudad de Santiago, junto al Puente Sarandón, hixo lexítimo de Rodrigo de Sarandón y Antonia Fernández su mujer, vecinos de esta villa de Madrid, estando com estoy en cama en todo mi siso, juicio y entendimiento natural [...]. Primeramento encomiendo mi alma a mi Señor Jesuchristo que la creó y redimió por su preciosa sangre, y el cuerpo a la tierra [...]. Yten mando que mi cuerpo sea sepultado en el Convento de la Vitoria de esta villa en una sepultura que pareciere a mis testamentarios y sua enfrente de Nuestra Señora de la Soledad [...]. Yten mando que mi cuerpo vaia metido en el hábito de el señor San Francisco y acompañe la cruz de la parroquia y veinte y quatro clérigos, doce frailes de la Vitoria, doce de San Francisco y doce de Nuestra Señora del Carmen y los niños de la Doctrina y lleven mi cuerpo cuatro hermanos del Santísimo Sacramento de la parroquial de San Martín donde soy Cofrade, y trayendo doce hachas y el paño bueno para el dicho acompañamiento, se les den doscientos reales de vellón de limosna. Yten mando me acompañe la hermandad de los Mozos de Coches de la Caballeriza de la Reina [...] donde soy hermano y dénese de limosna cien reales”.

Deixou disposto se dixesen tamén 20 misas rezadas de corpo presente, 30 máis en altares privilexiados pola súa ánima e 400 máis pola

80 Testemuñas que eran do seu gremio: Diego de Angulo “*ayuda de Cochero Mayor*”, Xoán Ortiz de Tamayo “*Ayuda de Guardarnés de la Reyna*” ou Xerome de Vilanova “*mozo de oficio del guardarnés*”.

ánima “*las más de ellas en Altares privilexiados*”. Tamén 20 misas en altares privilexiados polas ánimas dos seus pais, un cabo de ano con misa cantada. En definitiva todo un aparato cerimonial que precisou 46 páxinas para a súa redacción, tipicamente barroco e encamiñado á salvación da alma incluso polo lugar da deposición dos seus restos⁸¹.

No referido ás mandas “*inter vivos*”, deixou disposto se lle entregasen 100 ducados á súa sobriña Antía de Souto, filla de María Festa “*mi hermana*” e de Domingo de Souto;

“Yten mando a otra hermana de dicha Antonia de Soto que es mayor en días, que no ella, que no me acuerdo de su nombre [...] otros cien ducados [...]. Yten mando a otra hermana de las dichas mis sobrinas que es la maior que ya está casada, cinquenta ducados por una vez, y no me acuerdo cómo se llama. Yten mando a Gerónima de Castro mi sobrina hixa de Bartolomé Rodríguez Portero que fue de la Casa de los Paxes de Su Majestad cien ducados. Yten mando a Alonso de Sanmartín, primo hermano de Ana de Sanmartín mi mujer cien ducados [...] y estos no entren en su poder ni se le entreguen hasta que tenga edad de veinte y cinco años [...]. Yten mando a Ana de Sanmartín mi mujer trescientos ducados por una vez. Y la esclava que tengo que se llama Mariana de Meneses para que sea suia y haga de ella lo que le pareciere y le pido me perdone. Yten mando a María Axenxo muchacha que está en mi servicio trescientos reales por una vez para ayuda de su remedio y quiero que cumpla el tiempo que falta de la escritura que se me hizo al tiempo que entró en mi servicio y sirva a la dicha mi mujer [...]. Yten digo y declaro que todos los bienes y hacienda que tengo son bienes comunes míos y de la dicha Ana de Sanmartín mi mujer, ganados y adquiridos por ambos [...], y así ella ha de haber la mitad dellos [...] porque ni ella traxo dote ni yo capital [...] los declaro así que son los siguientes. Primeramente unas casas en esta villa en la Corredera de San Pablo que compramos del Contador Juan de Mendieta en precio de diez y ocho mil y seiscientos reales [...]. Yten dos mil y doscientos ducados [...] que están en poder de [...] Juan de Salzedo Aranguren [...]”.

81 Aspectos maxistralmente tratados os relacionados coa morte nos séculos XVII e XVIII por Domingo González Lopo: *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 2002. Ou tamén *Un aspecto de la mentalidad religiosa gallega de los siglos XVII y XVIII: La fundación de Obras Pías*. En *Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González* (tomo I). Santiago: Servizo de Publicacións da Universidade, 1987. Tamén do mesmo autor *Mentalidad religiosa y comportamientos sociales en la Galicia Atlántica (1550-1850)*. En *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 11 (2002).

Este home, Salcedo Aranguren lles xestionaba varios milleiros de reais máis, según cédulas por el firmadas, ao que intitulan como Caixeiro.

Tratábase pois de fidalgos acomodados orixinarios de Ribeira, propietarios de escravos e con propiedades e xestores na vila de Madrid. Tamén no seu enxoval doméstico apreciamos un inventario de bens de maior entidade e calidade que os doutros testamentos da época (desde logo ben distinto dos atopados e consultados de veciños das freguesías estradense) e que sería arquetípico da fidalguía do XVII do mesmo xeito que o de Bertomeu Reimóndez Figueroa o sería do XVI e o de Xosé Bermúdez de Castro do XVIII:

“Yten declaro que en mi Casa hay en dinero y en piezas de plata y en doce vueltas de cadenillas de oro hasta en cantidad de seis mil reales. Yten hay más el Ajuar, ropa blanca, vestidos de hombre y mujer, que de todo se haga inventario. Yten digo y mando que dos gargantillas y las sortixas de oro y agnus Dei y Verónicas guarnecidas que tiene la dicha Ana de Sanmartín mi mujer, éstas sean suias y no se inventaríen. Yten digo que el Marqués de Almazán mi Señor me debe hasta en cantidad de ocho mil reales de diez años de Servicio a razón de doce mil maravedís de salario cada uno y del alquiler de la Casa y aposento para mi vivienda en ellos y alquileres de camas que he dado para sus criados, suplico a Su Señoría pague hasta en cantidad de cinco mil reales a Ana de Sanmartín mi mujer con la comodidad que Su Señoría fuere servido y pudiere [...]. Yten a honra y Gloria de nuestro Señor y de su Bendita Madre [...] fundo e instituyo Patronazgo Capellanía de Legos [...] de bienes míos seglares de setenta y una misas rezadas en cada un año perpetuamente [...] en la Iglesia Parroquial de Santa Mariña de Ribeira [...] junto al lugar de Vilar donde yo nací [...]. Y mando que luego que yo falezca [...] se tomen de mis bienes dos mil y cien ducados y se compre juro sobre alcabalas en la Ciudad de Santiago, Orense, Lugo, Tuy o Mondoñedo [...] y si dentro de quatro meses después de mi falecimiento no se hallare empleo de Juro [...], mando que los dichos dos mil y cien ducados se empleen y den a censo en esta villa de Madrid a personas seguras y abonadas con buenas hipotecas de bienes raíces [...]. Y esto lo hago porque si el dinero se llevase a Galicia para dar a censo [...], como la tierra es flaca será fuerza se pierda presto, y esta tierra es Grasa y estará más seguro”.

Tamén se afirma que

“el Capellán que ha de decir las misas ha de cobrar y llevar la renta de los dos mil ducados [...]. Y la renta de los cien ducados restantes la haya y lleve el Patrón que fuere”.

Nomeou primeiro capelán a Pedro Bermúdez de Souto, o seu sobriño, fillo de María Festa súa irmán. Ela sería a primeira padroei-

ra, e logo Gregorio de Souto, o seu fillo maior, continuando os seus fillos e descendentes.

Nomeou por testamentarios e albaceas a don Bernardino de Sarmiento e Soutomaior, Comendador da Orde de Santiago⁸², a Bieito Campelo, a Vincenzo Palomino o mozo, a Xoán Ortiz de Tamayo e a Ana de Sanmartín.

Aínda no 1780 seguían a nomearse capeláns para o aniversario das 71 misas e seguían por tanto a cobrarse as rendas do mesmo⁸³, aínda que desde 1704 padecera a fundación unha mengua considerable debido á baixada que o monarca español fixera naquela data dos réditos de censos. Posiblemente esta baixa foi a causa da agregación de bens que o 18 de febreiro de 1733 fixeron á capelanía no lugar de Vilar María Gómez (viúva de Alberte de Souto) e o seu fillo –e padroeiro– Miguel de Souto e Bermúdez, xa que a renda non lles parecía suficiente para soste ao capelán. Porén engadiron á fundación un souto e outras propiedades labradías. Cónstanos o cumprimento das misas ata polo menos 1783, cando estaban a cargo de Xoán de Outeiro, veciño de Riobó.

Tamén cómpre que lle adiquemos unhas liñas á igrexa parroquial, peculiar obra de estilo neoclásico datada a finais do século XVIII. De antigo correspondían o padroado e a presentación do curato de Ribeira á capela de Alba sita na catedral de Santiago, levando o padroeiro dela a metade dos dezmos e primicias recollidos na freguesía⁸⁴ e tendo de antigo sepultura reservada na capela maior do templo de Ribeira.

82 Ademais de Primeiro Cabaleirizo dos pazos reais na vila e corte de Madrid e marido de dona Berenguela de Noboa, dama da raíña Margarita e filla de don Pedro Vázquez de Puga e de dona María Siso, “nobles originarios del pazo de Ouzande”. Vid. Pérez Constanti, P. Op. cit. Páx. 297.

83 Pagaba “don Joseph Aguilera vecino y Regidor perpetuo de la villa de Madrid doscientos y diez reales de vellón”; 90 reais pagaban os herdeiros de Domingo Balseiros (veciño de Mamuela, San Pedro de Ancorados); 63 pagaban Silvestre Maravexáns e consortes (do lugar do Pereiro, Berres); 45 Rosendo de Silva (de San Mamede de Ribadulla); 84 Domingo e Gregorio de Fares (de Ribeira); 235 Francisco Ribadavia (de Moreira)... .

84 Aínda en 2 de novembro de 1913 Ribeira era de “patronato laical inherente al de la Capilla de Alba, advocación de la Transfiguración del Señor, sita en el Claustro de la S. I. Catedral de esta Ciudad; A presentación del Ilmo. D. Ramón Gutiérrez de la Peña y Quiroga, veci-



Ribeira. Capela de San Vicenzo. Foto: Damián Porto.

Na Visita de 1780 dise da igrexa que o visitador a atopou “hermosa, fabricada de nuevo con su Pórtico de columnas toda ella a expensas de don Felipe de la Vega y Calo Canónigo Cardenal Dignidad de la Santa Apostólica Yglesia del Señor Patrono de este Curato a excepción de los carretos que hicieron los vecinos, pero faltosa del preciso adorno de Retablos”. Dispuxo tamén que cando existiran caudais se fixera o

adro cun muro “de cuiro coste exonera S. Y. a los vecinos por tenerlo, y habérseles desecho con motivo de la traslación y obra de Yglesia, y ejecutado pongan dichos vecinos Via Crucis de cantería en el cuiro importe arreglará el cura entre ellos según el posible y caudal de cada uno. [...] Visitó S. Y. la capilla que frente a la Yglesia mandó fabricar a Zimentis el Señor Cardenal Don Phelipe de la Vega y Calo en el sitio de la Yglesia vieja con la advocación de las Benditas Ánimas: necesita retorcar la efigie del Santísimo Christo [...], y asegurar el lintel [sic] de la puerta y poner vidrios en el tragaluz”⁸⁵.

Deste fragmento podemos deducir onde se erguía o antigo e desaparecido templo e constatar a sacralización que se fixo do seu solar mediante unha nova capela, da que hoxe tampouco nada queda salvo un cruceiro con peto que segue a lembrar ás ánimas. Tamén comprobamos que se estaba a realizar unha reforma completa dos espazos de culto, pois da ermida de San Vicenzo dísenos “que se está fabricando de nuevo en el monte llamado Constenla a donde se trasladó desde el lugar de Marque”. Coinciden estas dispendiosas reformas co auxe do programa iconográfico barroco, nas mesmas datas nas que se ergueron de novo outras igrexas (Couso, Guimarei...) e se reformaron as portadas da inmensa maioría delas a costa das vellas fábricas medievais románicas ou góticas.

no de esta Ciudad, como patrono de la Capilla de Alba [...], a cuyo patronato se halla anejo el del citado beneficio de Santa Marina de Ribeira”, según un libro de padroados sen catalogar que poidemos consultar grazas á amabilidade nunca ben loubada dos membros do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.

85 F. Prs. Ribeira, Santa Mariña. Administración parroquial.

Santa Mariña de Rivela

Nos tempos da visita do cardeal del Hoyo⁸⁶ non se mencionan ermida nin fundación algunha. Daquela estaban unidas no eclesiástico Rivela e Meavía; unión que perdurou durante os séculos XVII e XVIII. No XIX, en virtude da entrada en vixencia do arranxo parroquial en 1868, uníronse Rivela, Meavía e Liripio (que foi segregado de Sabucedo).

Unicamente resalta entre as fundacións de Rivela a de Xoán Baliño e María Saborido

“marido y muger vecinos de San Miguel de Arca y lugar de Carballal en el día 3 de septiembre del año de 1680, por ante D. Pedro Rodriguez da Fraga Escribano de S. M. y vecino que fue del antiguo Coto do Viso, instituíron la capilla de la Concepción con 12 misas rezadas perpetuas la dotaron con la casa que tenian en el dicho lugar de Carballal”⁸⁷

máis tres fincas de 90, 80 e 40 ferrados de sembradura, radicantes en Rivela. Estaba instituída no colateral da Epístola.

Na visita arceprestal de 1746 dise dela que “*no vale la tercera parte de la congrua*”.

Tamén nesta visita se menciona a ermida de San Gregorio, que “*es del común, y sólo se dice Misa en ella el día del Santo*”.

Santa María de Rubín e San Breixo de Lamas

O lugar dos Balseiros de Rubín foi doado mediante cláusula testamentaria do 3 de xullo de 1377 por dona Sancha Rodríguez de Bendaña ao Colexio de Racioneiros do Espírito Santo de Santiago logo da morte do seu fillo, o cóengo Roi Martínez, coa obriga dunha misa cantada cada ano:

“os seus Casares que ela havia en Taveirós en que mora Domingo Balseiro, é seus fillos, é que lle diseran por eles en cada un ano una Missa Cantada [...], é

86 Op. cit. Fol 457.

87 F. Prs. Rivela, Santa Mariña. Administración parroquial.



Lamas. Capela de Riamonde.
Foto: Damián Porto.



Rubín. Capela do Foxo.
Foto: Damián Porto.

que os ditos Casares, que os tevesse Ruy Martinez de Vaamonde, é que desse por eles en cada un ano a os ditos Clerigos trinta mrs para a dita Missa”⁸⁸.

O cardinal del Hoyo non nos da na súa visita de 1607 a Rubín noticia de fundación algunha.

Singular exemplo na zona e con carácter supraparroquial é a Congregación de San Ignacio, que comenza a súa andanza coas constituicións de 1680, sendo rector de Rubín Rodrigo Romai; Antón Carreira, de Curantes; Antón de Castro, de Olives; Gregorio Bascuas Barreiro de Agar; estando presentes os tamén licenciados Domingo de Bascuas, Domingo Martínez, Gregorio Vázquez, o licenciado Somoza, o secretario Xoán Gómez

“y otros todos los cuales juntos en la yglesia de Santa María de Rubín dijeron que por quanto el Padre Maestro Thirso biniendo a aser misión a este Partido de Taberós abía dejado fundado en la yglesia de [...] Rubín una Congregación de Nuestra Señora en la qual al de presente se allan más de

sien Congregados, y porque dicha Congregación baya en aumento [...] instituyeron las ordenansas siguientes”⁸⁹.

Na visita arceprestal de 1746 non se menciona xa ningunha capelanía en Rubín, mais si unha ermida, a de San Antón de Padua, na que estaba incluída a cofradía da mesma advocación. Aínda hoxe segue a celebrarse nela, no lugar do Foxo, unha romería xa en vías de extinguirse e durante anos foi escenario dunha concorrida feira.

Tocante a Lamas, a ermida de Nosa Señora do Rosario estaba erguida cando menos desde 1607. Na visita arceprestal de 1746 vóltese a mencionar esta capela sita en Riamonde que “*es del común; y sólo le falta faïarse*”, na que estaba incluída a cofradía. As constitucións desta dispoñían a celebración anual na capela da Natividade de Nosa Señora.

Unicamente existía unha capelanía en Lamas, baixo a advocación de San Bieito e nun colateral da igrexa, que fora fundada en 1707 por Matías de Andúzar para o seu fillo Leonardo⁹⁰. Cómpre suliñar que no lugar de Sobrado existiu noutrora unha casa fidalga pertencente a esta familia⁹¹, das máis acomodadas da parroquia, que hoxe forma parte do acervo de arte e arquitectura extinguidas do noso concello.

San Xoán Bautista de Santeles

Unicamente sabemos que Marcos de Andrade fundou unha capelanía sen renda nen capelán no 1749, a de San Antón de Padua.

Santiago de Tabeirós e San Pedro de Parada

O cardeal del Hoyo⁹² dinos:

“En esta felegresía de Santiago hay quarenta y seis feligreses. Los frutos se hacen tres partes, la una y un desmero lleva el retor que valdrán treinta cargas de pan sin el anexo [...]. Presentación del Cabildo de Santiago. La fábrica tiene

89 F. Prs. Rubín, Santa María. Congregación de San Ignacio.

90 F. X. 378.

91 Varela Castro, P. Op. cit. Páx. 174.

92 Op. cit. Fol. 457.

de renta veinte y dos ferrados de centeno y quatro de mijo con más una fanega y medio de centeno y una de mijo, que dexó Juan Pinto, retor que fué de la iglesia, con cargo de sesenta misas que atrás se dixo en la fábrica de San Pedro de Parada, anexo desta iglesia, que se han de decir las cinquenta en ella y las diez en la hermita de la Madaglena questá en esta felegresía. Tiene el iglesario una casa en que vive el retor”.

Do que inferimos a presenza no XVII en Tabeirós dunha ermida adicada á Magdalena, da que hoxe non queda restos, poida que polas novas tendencias postridentinas, que non consideraban esta advocación acorde aos seus postulados.

Tamén se refire o cardeal visitador á fundación do rector Xoán Pinto, que polo seu testamento deixou a esta igrexa 23 fanegas de centeo de renda cunha misa semanaria de pensión, nove máis rezadas e unha cantada o día da Presentación de Nosa Señora. Estas disposicións seguían a cumprirse na visita arceprestal de 1746.

Hai un autor que pretendeu que, con posterioridade a estas datas, houbo na parroquia de Tabeirós dúas ermidas máis que foron base e fundamento da que hoxe é a ermida de Nosa Señora da Consolación. Referímonos ao que foi rector da freguesía desde 1963 ata o seu falecemento, Camilo Eiras Eiras⁹³, que deixou escrito un libríño no que nos informa que “*Se comenta en Tabeirós que la capilla se hizo por el año 1680 a base de otras dos que estaban dedicadas a San Sebastián y al Espíritu Santo sitas en el lugar del Outeiro*”.

Non atopamos ningún indicio arquivístico que confirme a veracidade deste aserto ou comentario. Desde logo a capela da Consolación aparece citada na visita arceprestal de 1746, cargada con sete misas anuais a cargo dos herdeiros de Pedro Hurtado, rector que foi da parroquia. Tamén se cita no colateral do Evanxeo dela a capelanía fundada por Manuel Marzoa.

Peor sorte que a da Consolación correu outra ermida das mencionadas na visita de 1746: a adicada a San Xoán Bautista no lugar

93 *Novena en honor de la Santísima Virgen de la Consolación y Correa*, de 1981.



Taboairós. Capela da Consolación. Foto: Damián Porto.

de Xerliz⁹⁴, da que era padroeiro nesa data don Baltasar Gómez. Hoxe apenas quedan dela unhas paredes –que foron empregadas como alpendre moito tempo– xusto fronte á da Casa de Xerliz. Un dos posuidores desta vivenda, Xoán Gómez do Vilar, foi tamén o fundador da capelanía de Santa Margarita na igrexa parroquial de Taboairós, o 15 de xuño de 1681⁹⁵. Da súa xenea foron varios persoeiros da milicia e escribáns.

Xa nos referimos á fundación do rector Xoán Pinto, que deixou bens para o sostemento da Lámpara do Santísimo Sacramento.

No colateral do Evanxeo da igrexa de Parada estivo a capela de Nosa Señora do Rosario ou da Asunción de Nosa Señora: “*N^a S^a de la Assumpcion en el colateral del Evang^o que comunmente llaman de N^a S^a del Rosario*”, da que non quedaba copia da fundación xa no século XVIII⁹⁶. Descoñecemos pois a data na que se instituíu, mais sabemos que foi fundada por don Xoán de Leira.

Foi esta acaudalada familia dos Leira (ou Aleira, como tamén aparecen nomeados na documentación máis antiga) sen dúbida a

94 O lugar de Xerliz, aínda que hoxe pertence á parroquia de San Xíao de Guimarei, foi sempre da de Santiago de Taboairós.

95 F. X. 378.

96 Id.



Parada. Capela da Casa de Leira coa súa labra heráldica.

máis destacada promotora de obras da freguesía de Parada, e non só de obras eclesiásticas. Aínda hoxe perdura a súa casa noble con capela adxunta (sobre a que voltaremos), outro símbolo propagandístico do seu poder transformado agora en baliza turística de aldea. Tamén a presa de Leira, que fertilizaba as grandes propiedades da familia e movía os rodicios dos muíños que servían de congrua aos seus segundóns, conserva o apelido dos seus posuidores desde o século XVIII. Conserva tamén esta canle algún exemplo funcional

de arquitectura rural da época, xa que atravesa o Umia mediante un acueducto elevado sobre un arco que nos dá idea do dispendioso da súa construción –e da súa durabilidade.

Xa de comenzos do XVII son as primeiras noticias sobre o seu papel pseudocaciquil na zona: no 1634 entablara preito contra Xoán Rodríguez de Leira o tamén todopoderoso Bernardino González de Cisneros e Castro e os seus caseiros no lugar de Eiriz, sobre partilla de bens neste lugar e no de Paredes. O motivo fora que pretendendo estes facer estibada nos montes adxuntos aos lugares mencionados o xuíz de Tabeirós

“por orden del dicho Juan Rodríguez de Leira por ser su escribano y poderoso en la tierra sin justificación ninguna le impide hacer dicha estibada y [...] les manda prender y les molesta y saca sus bienes”⁹⁷.

No 1677 Pedro Rodríguez de Leira fundou o vínculo do lugar dos Muros, en Parada,

“para que se edificase una Capilla al Santo Angel Custodio, y en ella se celebrase perpetuamente una misa cada semana”.

Sucedendo o falecemento do primoxénito, Manuel, sen sucesión,

“El segundo hijo y subcesor dn Juan para obtener la licencia necesaria del Sr. Provisor para edificarla, otorgó escritura en 19 de setiembre de 1686 por la cual hipotecó á la permanencia, reparacion y ornato de ella, y al pago de la limosna de las misas referidas los mismos bienes, y otros mas de su pertenencia.[...] y no es imposible, como el dicho Antonio supone, antes si muy facil con la Escritura hipotecaria al frente ecsigir esta responsabilidad de cualesquiera poseedores de las fincas que comprende”.

No século XIX pasaba a fundación (e a preeminencia dos Leira, desposuídos xa do seu tradicional oficio de escribáns) por momentos difíciles: nunha carta dirixida ao Arcebispo compostelán o 25 de xuño de 1841 Antón de Leira e Castro di que non pode facer fronte ás cargas dela, xa que a herdanza non lle quedou enteira e

“la Escribania de la jurisdiccion de Tabeyrós y Coto del Viso dejó de ser propiedad particular [...]; de las hipotecas ya no hay los veinte y cuatro ferrados, de suerte que las rentas estan reducidas a la nada hallandose imposibilitado el poseedor de pagar la limosna para las misas y lo mismo de componer la Capilla [...]. Sin embargo [...] que la voluntad del fundador no há sido que todo el producto del lugar de Muros y de la Escribania se emplease en la Capilla”.

Nun informe de setembro dese mesmo, realizado co fin de acadar a redución das misas da capela, dise que

“las haciendas ecsistentes en la actualidad son: una casa bastante deteriorada sita en el lugar dos Muros confina por el N. Con camino real [...] á Codeseda, por los mas aires con vienes del esponente, la que habita un casero y nada paga por ella; una huerta unida; un [...] campo de pasto llamado prado das eiras [...], se halla un molino bastante deteriorado [...]; asi mismo se hallan en la pieza las paredes de la Capilla [...] tres prados de hierva [...]; asi mismo un trozo de monte bastante espacioso con una cerrada de muro deteriorada a robleda y tojal [...]; una pieza labradio llamada Mourella [...] [segue enumerando rendas por outros bens aforados]; la Escribania de Numero ao su producto que eran cincuenta

ducados anuales que por arriendo pagaba su ultimo poseedor D. Manuel Vazquez de jo de ecistir el año de 1829, por muerte del mismo, y ordenes superiores expedidas al efecto”

e aínda de enumeran as rendas que percibían os donos por outros bens aforados, que lles permitían ser fidalgos absentistas dunhas propiedades en franco deterioro. Atenderon as súas súplicas os gobernadores do Arcebispado, que con data de primeiro de xuño de 1842 reduciron as misas a vintedúas rezadas e unha cantada “y *cien reales anuales para la reparacion de la Capilla, por no alcanzar á mas el producto liquido anual de las fincas ecistentes*”.

Non contento

“Asi las cosas insiste el patrono en que V. E. se sirva declarar que la misma reduccion se extienda a las atrasadas, y en que le permita descargarlas en otra Capilla que tiene de la misma advocacion en la parroquia contigua de [...] Vinseiro, hasta que aquella se reedifique”.

Santo André de Veá

Dinos o cardeal del Hoyo⁹⁸:

“En esta iglesia dexó Esteban de Castro, retor que fué della, treinta cargas de pan de renta para que se repartan entre los pobres desta felegresia y de la de San Giao, su anexo y de San Jorge de Veá y de Santa Maria de Frades; dexó más cient cargas de pan para una arca de misericordia; las sesenta se presentan en esta iglesia y su anexo y las quarenta en San Jurjo y Santa Maria de Frades. Parte de las treinta que se reparte entre pobres se reduxo a dinero en cenço; dánse al visitador del Arçobispado de Santiago, por visitar esta obra, treinta reales, y veinte y quatro por quatro misas que se dicen el día que murió el dicho Esteban de Castro, dos en esta iglesia y dos en la de san Jurjo. Hay en esta felegresia una hermita de Sant Bartolomé”.

¿A que se debe a inclusión da ermida de San Bertomeu por parte do visitador del Hoyo na freguesía de Santo André? Obviamente non a un descoido nin a un lapsus. Indagando nas moreas de papeis do fondo do mosteiro de San Martiño Pinarío, fai tempo atopamos

98 Op. cit. Fol. 453 e 454.

indicios inequívocos de que Santo André e San Xiao de Veá estiveron unidas ata 1757. Deste ano poidemos consultar os autos obrados polo Arcebispo sobre desunión e separación das parroquias de Santo André e San Xiao de Veá, unidas anteriormente e gobernadas por un único rector. Ambas eran de padroado do mosteiro de San Martiño de Santiago e considerouse que os froitos detraídos de ambas (9000 reais cada ano dos dezmos de San Xiao e 11000 dos de Santo André) eran suficientes para ter cadanseu cura, trala morte o ano anterior de Estevo González Fuensalida.

Voltando ao monte de piedade que menciona o cardeal del Hoyo, sabemos que foi creación do bacharel Estevo de Castro, que

“dejó 20 cargas de pan de renta y 12 ducados de censo, para repartir anualmente a los Pobres de esta feligresía y del anejo. Y además de ello dejó otras 100 cargas de pan para que de ellas se prestasen 60 a los vecinos de esta feligresía y del anejo; y 40 a los de San Jorge de Veá y su anejo”.

Estas últimas afirmase que foron vendidas por mandato do arcebispo Andrade para facer unha cruz de prata co seu produto, considerando que o culto estaría así mellor servido, aínda que fose en detrimento dos máis necesitados. E xa na visita arceprestal de 1746 dise que

“de todas las demás sólo quedaron, según refieren las anteriores Visitas, 115 ferrados y 10 reales y medio [...]. Se mandó continuar, y que [...] el rector procure recobrar la renta que pudiese [...] dando quenta al Fiscal, y usando para ello de los 481 reales que tiene depositados en poder de Juan Caramés”.

Cónstanos que entre os necesitados de Santo André de Veá continuaron a repartirse ata 1805 uns 77 ferrados e ? e gran (centeo e miúdo). Nese ano a lexislación desamortizadora da coroa española dou conta do monte pío, que según as nosas pescudas podería remontarse ao século XIII, constituíndose como a máis antiga fundación estatuída nas terras estradenses.

Nesta mesma visita non se mencionan capelanías nin ermidas, aínda que si fundacións ou memorias de misas, como a do licenciado Bautista López, que foi cura da parroquia no século XVII e edificou ao lado da Epístola a capelanía de San Cosme e San Damián, fun-

dando nela once misas rezadas e unha cantada, ao cumprimento das que vencellou varios bens “*de los que se vendieron muchos para pagar deudas*”. Levaba os bens no 1746 don Clemente de Leira, da Casa de Leira de Vinseiro. Fixera agregación o doutor Antón Rodríguez de Leira “*haciendo los bienes en ella contenidos Capellanía colativa, para que ordenándose con ellos cumpliese el capellán dichas misas*”.

Santa Cristina de Veá

A capela de Nosa Señora de Aránzazu é a obra devocional máis destacada da parroquia. Polo que sabemos foi o párroco Francisco Bretal García, trasladado a esta freguesía de Santa Cristina no 1790, o promotor da obra no Campo da Gándara, coa intención de que os días de precepto poidesen escoitar misa os asistentes á feira que alí se celebraba.

Nesta parroquia houbo dúas capelanías: a de Nosa Señora do Rosario, que fundaran no 1708 Domingo Lourenzo, Santiago Paseiro e Antón de Carbia, da que se apunta na mesma visita que “*Es mui corta*”⁹⁹.

A outra era a de San Antón e Ánimas, fundada o 24 de maio 1733 por Mateo de Pazos, veciño de Sorribas, coa condición de que o seu primeiro capelán fose o seu fillo e crego de prima tonsura Gabriel de Pazos. O seu neto, de igual nome, proporá no 1813 por capelán a Francisco Antón Fanxul, natural da vila de Pola de Siero, bispado de Oviedo, aínda estudante e residente en Santo André de Veá. Dela dise na visita arceprestal de 1746 que “*Esta Capellanía parece que no es buena*”, aínda que no memorial de bens da mesma figuraban unha casa no lugar de Riba de Veá, horta, un anaco de viña adxunto, un prado en San Xurxo de Veá, un plantío de castiñeiros, ameneiros... . A imaxe de San Antón xa se veneraba con anterioridade á fundación de Mateo de Pazos na igrexa parroquial, no altar do lado da Epístola.

99 F. X. 1267.

Tamén estivo vencellado a esta freguesía don Manuel Ventura Figueroa e Barreiro, bautizado no Hospital Real de Santiago o 21 de decembro de 1708. Era un dos fillos de Manuel Figueroa (natural de San Pedro de Tenorio e Practicante Maior do Hospital) e de dona María Barreiro. Faleceu en Madrid o 3 de abril de 1783. A el poderían adicarse milleiros de páxinas, xa que acadou e acumulou cargos eclesiásticos ata ser Nuncio na Sé Vaticana e parte integrante e imprescindible no Concordato de 1753 entre Roma e a Coroa dos Borbóns. Foi ademais membro fundador do Banco de San Carlos, Colector Xeral da Bula de Cruzada, Presidente do Consello Real e da Cámara de Castela, Arcebispo de Laodicea...

Por testamento de 27 de marzo de 1783 don Manuel instituíu a Fundación Figueroa concedendo dotes a rapazas e pensións a escolares que chegaron a acadar relevantes postos. No Arquivo do Museo de Pontevedra gárdase abondosa documentación persoal e unha árbore xenealóxica dos seus parentes de 24 metros de lonxitude, redactada en 1882.

San Xiao de Veá

A ermida de San Bertomeu érguese sobre un antigo asentamento castrexo posiblemente desde o século XV, aínda que a obra que hoxe vemos semella que se refundou o 8 de abril de 1733. De feito, na visita de 1746 menciónase dela “*que es del común, y se está haciendo de nuevo*”¹⁰⁰, e na súa porta hai unha inscrición indicando que a capela se fixera de esmolos dos fregueses no ano 1754.

Entre as capelanías da parroquia tamén estaba a de San Bertomeu “*que en su Hermita fundó Domingo Rebolo, y Andrés Rebolo su hermano, con 4 misas*”. E outra de Santa Lucía “*que fundó don Francisco de Ribas y Miranda Canónigo de Padrón con una misa todos los sábados del año [...], y con la cláusula de que hayan de ser los capellanes parientes del fundador*”. Esta foi fundada mediante cláusula testamentaria polo cóengo

100 F. X. 1267.



San Xiao de Veá. Inscrición na capela de San Bertomeu. Foto: Damián Porto.

da Colexiata de Padrón Francisco de Ribas e Miranda o 10 de marzo de 1674, que a dotou entre outras partidas de bens con 60 cañados de viño branco no Ribeiro. No 1749 afirmaba o rector de San Xiao que

“oi posehe, y goza esta fundación Dn. Francisco de Rivas y Miranda Presbítero y feligrés de la dicha parroquia de Sn Julian, se que la administra y come; pero no se so todos los bienes existen ni me es posible”¹⁰¹.

Tamén se fala na visita arciprestal de 1746 da capela do Santo Cristo “de la que se dice era Patrono Juan Pedreira, que tenía en ella dos sepulturas y la obligación de decir tres misas anualmente y dar 20 reales para la Fábrica”.

San Xurxo de Veá e Santa María de Frades

No século XVIII había na parroquial de San Xurxo dúas capelanías: unha adicada ás Ánimas, fundada polo rector Pedro Xil Carballido o 24 de febreiro de 1703,

“con la pension de una misa de alba todos los dias festivos al santo fin de que se aprovechasen de ella los vecinos [...] que por causas muy ordinarias en los pue-

101 F. X. 378.

blos rurales no pudiesen asistir a la popular, dotandola el fundador con mas que suficiente renta anual”.

Dela era padroeiro no 1749 Xoán Estevo Reboredo “*vezino y residente en esta fr^a quien percibe los vienes de dha Capellania*”¹⁰². No século XIX era padroeiro dela Manuel Rodríguez, veciño de San Xurxo de Veá, que escribiu ao Arcebispo o 29 de marzo de 1849 solicitando permitira

“que como Patrono de la Capilla de San Francisco y Benditas animas sita en dicha Parroquia, ha satisfecho hasta el año ultimo las Misas de fundacion, mas como el altar se halle [...] arruinado precisando [...] hacerse de nuevo, sin que la Capilla cuente con otra renta mas que el censo anual de 311 Rs que quedaron reserbados para el cumplimiento de cargas, de la benta general echa por el Gobierno en 1805; cuando por otra parte el Parroco le estrecha al cumplimiento de las Misas [...].

Suplica se digne disponer que por cuenta de la indicada renta censual se proceda a la construccion de nuevo retablo”.

Vemos que a capelanía asociara un novo Santo, o mendicante San Francisco, tamén vencellado á salvación das almas e á saída do Purgatorio. Tamén vemos que tralas primeiras medidas desamortizadoras viron estas capelanías reducido o seu caudal:

“en el año de 1805 sufrio [...] la misma suerte que las demás vendiendose gran parte de ella”.

Outra capelanía foi a de Nosa Señora do Rosario, fundada no 1708 por Francisco e Brais Lourenzo, pai e fillo, con catro misas de pensión. No 1780 vacara pola morte do seu capelán Domingo de Torres, veciño do lugar da Torriña de San Xiao de Veá. O 28 de maio de 1782, Xoán Pedreira, veciño de Bouzamar, correspondéndolle o dereito de presentación como padroeiro por fillo lexítimo de Rosa Lourenzo, neto de Brais Lourenzo e bisneto de Francisco Lourenzo e Dominga da Torre, fundadores da capelanía, presentou a Henrique López, acólito veciño de Santa Cristina de Veá.

102 Id.

En Frades tivemos a ermida de Nosa Señora da Piedade, transformada hoxe en santuario de gran concorrencia no día da súa festividade. Descoñecemos a súa primeira orixe, máis xa debía ser antiga no século XVIII, cando sabemos que foi refundada polo cura de San Tomé de Xaviña, Pedro Antón de Aboi. Os veciños de Requián tivérona sempre por lugar de culto preferente, debido á distancia que os separaba da igrexa parroquial, ata o punto de que en novembro de 1839 escribiron aos gobernadores do arcebispado pretendendo que se dixese nela misa polas esmolas que alí se poidesen recadar:

“esponen que en el propio Lugar se alla [...] la Capilla de la Virgen de la piedad [...] suficiente para celebrar en todos los dias festivos misa [...] la yglesia parroquial de [...] Frades se alla una Legua de distancia y de montaña, sospechosa por la situacion de lobos, mal echores, y otros motibos [...].

Suplican, se dignen disponer á que se celebre misa todos los dias festivos, en la recordada Capilla de la Piedad, por la limosna que se reuna en dicha Capilla”.

O cura non se opuxo á petición e xunto co arcipreste, (o párroco de Santa Cristina de Veá) tomaron razón dos libros de contas para avaliar a rentabilidade da petición en termos económicos. Ás esmolas da Virxe da Piedade uníranse as ofrecidas á Virxe dos Milagros:

“Tambien me informé del libro en que se toman las Cuentas de la renta y limosna de la Virgen de la Piedad que es la Patrona de la Capilla, y al reconocerlas S. E. el Arzobispo [...] en Santa visita del año de 1831 notó, que la grande limosna de la Virgen de los Milagros, que tambien se venera en la mencionada Capilla, estaba mezclada y unida con la de aquella”.

Estableceu entón a obrigatoriedade do emprego de chaves para os esmoleiros, a prohibición de entregalas en man ao párroco e a presenza de testemuñas contadoras.

“Las limosnas mas grandes y otras alhajas se pondran en publica postura [...], rematandolas en el mas ventajoso postor”.

Parece que con anterioridade a inversión do recadado era prerrogativa exclusiva do párroco:

“en el dia veinte y ocho de Agosto de cada año, se celebra la funcion de los Milagros, a que concurre crecido numero de fieles, y la Cuantiosa limosna de

granos y alhajas, que se junta, se veneficia en posturas, recogiendo el Cura, como los mas lo hacian, el importe de todo, invirtiendolo, en lo que les dicta su devocion, y conciencia”¹⁰³.

Posteriormente o arranxo parroquial impuxo ao párroco de San Xurxo de Veá a obriga de decir misa todos os días festivos na capela de Requián. A igrexa de Frades quedou reducida a capela¹⁰⁴; mais non deixou conformes a todos os veciños esta nova demarcación parroquial imposta artificialmente a golpe de decreto. O dez de agosto dese mesmo ano 1868 os veciños de Vilares, Ladeiras e Martos (parroquia de San Miguel de Valga, no arciprestado de Iria), manifestaron a súa disconformidade ás autoridades eclesiásticas por ter que pasar a depender doutro concello, doutro xulgado e mesmo doutro arciprestado, escribindo

“que con sorpresa ha llegado a su noticia, que en el arreglo parroquial, que acaba de publicarse, dichos lugares pasan a componer parte del anejo de Requián dependiente de la parroquia de San Jorge de Veá”. Protestaban porque “les separa de aquélla la Sierra de Jesteiras, intransitable en muchos días del año, por lluvias, nieves y fieras de que abunda”.

Por outra banda,

“El párroco de San Jorge de Bea, y su unido Sta María de Frades, teniendo la convicción de que no transcurrirá mucho tiempo, sin que se dée principio al arreglo, y nueva, y trascendental demarcación de parroquias [...], espone: que por el Centro de las parroquias de la Comarca de Bea, que están al Oriente y Poniente, corre un río de Sur, á Norte, que vá a incorporarse con el Ulla entre Couso, y Cora. El tal río conocido con el nombre de Rivadebea, es el linde natural, y fijo, que separa las parroquias de la parte del Oriente, de las que están al Poniente, a saber: á Sn Julián de Sn Andrés; á Sta Cristina de Sn Jorje; á Cora de Sn Jorje y de Sta María de Couso; de suerte que estas últimas parroquias nada tienen a la parte Oriental del mencionado río, ni tampoco las primeras a la parte Occidental de él; si se esceptúa la parroquia de Sn Julián; pues esta, en la parte que está en frente de Sn Jorje, tiene tres pequeños lugares a la parte Occidental del mencionado río, conocidos con los nombres de Rejenjo uno, Torriña, otro, y Vilanoba, otro; cuyos pueblos están contiguos y unidos al de

103 F. X. 1176.

104 B. O. A. S. de 1º de febreiro de 1868.

Bouzamar, e interpuestos entre el Rosallo, y Souto do Outeyro, pertenecientes los tres últimos a la de Sn Jorje [...].

Por todo lo espuesto, el que suscribe, confía que al tiempo de llevar a efecto la nueva demarcación de parroquias, hará Vuestra Emma, desaparecer la anomalía que se advierte unicamente entre Sn Julián, y la parroquia de S. Jorje, haciendo sea el deslinde, a lo sucesivo, de una, y otra parroquia el citado río, como lo viene siendo desde inmemorial tiempo, de todas las otras parroquias vecinas, agregando [...] los tres mencionados pueblos a la iglesia de Sn Jorje, compensándola de este modo, sino del todo, al menos en lo posible [...], de la [...] pérdida de Riquián”.

Tamén algúns dos veciños de San Xurxo de Veá manifestaron directamente ao arcebispo as súas peticións, desconfiando do seu propio rector:

“Emmo Señor:

José Duro, José Castelao, Domingo Antonio y Ramón Meda, Rita Chorén y Juana Rivas, vecinos del lugar de Casa do frade parroquia de san Jorge de Veá, Arciprestazgo de este nombre, Ayuntamiento de la Estrada, á V. Emma con el mas profundo respeto exponen: que en treinta de Abril último presentaron en la secrtaría de Cámara de esta diócesis una instancia solicitando por virtud del ar[r]eglo parroquial, que como más inmediato para el culto divino y administración de sacramentos se agregue y una el referido lugar de Casa do frade á la parroquia de San Miguel de Barcala del mismo Arciprestazgo y Ayuntamiento. Sabemos Emmo Señor que dicha instancia por virtud de vuestro digno decreto pasó al informe del Arcipreste del Partido, quien aseguró verbalmente que evacuado dicho informe la devolvió a la secretaría de Cámara.

Creemos y es evidente que la espresada instancia se devolvió por el señor Arcipreste, por que habiéndose hecho pregunta á vuestro Secretario de Cámara por la motivada instancia, manifestó que ecsistía en poder de nuestro párroco de San Jorge de Veá, por haberla este recojido para vista.

Tememos que nuestro referido señor párroco trate de dilatar la devolución reteniéndola la solicitud en su poder para que entre tanto transcurran los términos legales á fin de que no logremos éxito favorable, y por tanto con la mayor consideración á V. Emma.

Suplicamos se digne disponer se oficie con nuestro señor Cura párroco de San Jorge de Veá, para que dentro de un breve término [...]”.

Á marxe estampou seu mandato o arcebispo accedendo ás peticións:

“Santiago y Julio 15 de 1868. Comuníquese a los párrocos que el lugar de Casa do Frade se une desde ahora á la parroquia de S. Miguel de Barcala y que hoy pertenece a S. Jorge de Veá. El Arzobispo”.

Parece que os máis perxudicados por estas actuacións foron os veciños de Requián, que noutra instancia posterior informan ao Arcebispo do incumprimento das súas disposicións:

“Los que suscriben, por si y á nombre de los más vecinos de Riquián anejo de San Jorge de Bea, á V. Ema. Humildemente exponen: que desde primero de Enero del presente año que declaró V. Ema. Publicado el arreglo parroquial del Arzobispado; y después que vieron incorporado á San Jorge el anejo de Frades, reducida su iglesia á Capilla y erigida en ayuda de parroquia la de este pueblo, con obligación de decir la misa en ella el párroco los días de precepto, creyeron de buena fe que así sucedería desde principio de año; mas biendo pasar semanas y meses sin que la misa se digese, se presentó una comisión de Riquián á V. Ema, y tubo la satisfacción de oír de sus sagrados labios que desde primero del que rige se diría la misa en este pueblo.

Van transcurridos Señor Emmo dos días festivos sin misa; [...] por una parte se les da derecho por la necesidad á tener misa, y por otra se le niega al menos prácticamente.

V. Ema que tubo tan presente el artº 24 del Concordato de mil ochocientos cincuenta y uno para remediar las necesidades espirituales de los esponentes; V. Ema que sabe bien la larga distancia a que se hallan de Frades, y la elevada montaña que los separa; V. Ema que tubo la caridad de pagarle años pasados la misa en dicho Requián; V. Ema que sabe que los vecinos de dicho pueblo componen las tres cuartas partes de población del anejo, y que no tienen ninguna de las ventajitas que reunen los de Frades, de proximidad y buen camino para San Jorge; se convencerá cada vez más de la necesidad de los exponentes, que humildemente Suplican se digne remediarla mandando se les diga la santa Misa en su capilla hoy ayuda de Parroquia [...]. Requián Julio diez y ocho de mil ochocientos sesenta y ocho”.

Firman Manuel Outeiro, André Pardal, Lourenzo Trasande, Xosé González, Xosé Outeiro, Henrique Fontes, Francisco Igrexas, Pedro Outeiro e Francisco Maceira.

O arcebispo pediu informes sobre o particular ao párroco de San Xurxo, que respostou informando negativamente:

“Los que suscriben esta solicitud, con la excepción de tres individuos, son todos hijos de familia y algunos de 14 años, sin que expresen, si firman por sus padres, ó por voluntad propia. Mas: [...] aparecen firmantes un padre con dos hijos, cuales son= José Otero, Manuel Otero, y Pedro Otero, todos de una misma Casa. Aunque se contasen todos los vecinos de Riquián están muy lejos de componer las tres cuartas partes de la parroquia, supuesto no pasan de la tercera parte y por

consiguiente hasta en esto hai exajeración y mucho más. Si se atiende á que solos siete vecinos de Riquián, y en su mayor parte hijos de familia, son los que aparecen quejosos; pues ¿en donde quedan los 14 vecinos restantes del mismo pueblo? ¿por qué no figuran también en la solicitud? Seguramente no dejarían de desear la Misa allí como los 7; pero palpablemente ven los inconvenientes, y la imposibilidad de hacerlo desde Sn Jorje, y se dan por muy servidos, y satisfechos [...] en la Iglesia de Frades compartiendo las distancias de ese modo el Cura, ó Coadjutor, y los vecinos de Riquián.

Estos tienen, sin exageración, l atercera parte de camino menos a la Iglesia de Frades, que la que media de Sn Jorje á la Capilla de dicho pueblo.

En días invernosos, y de viento, es más fácil atravesar la Sierra cara al Oriente, como ellos tienen que hacerlo, que al Occidente, como tendría que hacerlo el Cura para ir allí decirles Misa.

En la travesía de la Sierra ¿Quién defiende, y libra al Cura, ó Coadjutor de ser pasto, y servir de alimento a la multitud de Lobos, que por allí se guarecen. Ellos, los vecinos de Riquián, pueden venir, y vienen á Frades muchos reunidos para, en caso preciso, defenderse de enemigos tan temibles; pero el Cura, ó Coadjutor tienen, cuando se les presentan, que habérselas a solas con tales Bichos. Por otra parte, además de los inconvenientes, que van enunciados, por servir a los peticionarios de Riquián, perjudicaríamos á once vecinos, por lo menos, de la parroquia de Frades, que distan de su pueblo a la Iglesia de Sn Jorje, tanto, como aquellos a la de Frades, privándolos de un derecho y una posesión antiquísima en que están de que se les diga Misa, y hagan las demás funciones religiosas en aquella Iglesia, sin duda la más antigua de la Circunferencia.

Por último [...] el único instigador, y que no viene día al Mundo, en que cese de azuzar a los de Riquián, como lo hizo con los de la Casa del frade, para que no desistan de acudir a V. Emma con instancias hasta conseguir allí la Misa por de pronto, y después la Iglesia parroquial, prometiéndoles al efecto, su protección y amparo [...]. Todo el afán de ese hipócrita perverso, está concentrado en ese punto, yá para cumplir la palabra promiti á dos feligresas suyas, casadas en aquel pueblo, con quienes esta en gran armonía, bien sabe por qué, e yá para vapulear a los Curas de Sn Jorje, contribuyendo con sus mentidos informes á que se les priven de los pueblos inmediatos a la Casa rectoral, y vayan administrar otros, á dos, ó tres horas de distancia, atravesando sierras, y cerros, por encima de tojos y piedras, abusando de un modo tan infame del honor, que V. Emma Rma le dispensa, y de la Confianza, que, para nuestra desgracia, le merece, sin duda por no tener pleno conocimiento de su perversidad, como los que tienen ocasión de observarle más de cerca.

Ruego de todo Corazón á V. Ema Rma se digne dispensar la difusión de este informe, y dar la bendición Apostólica al más humilde de sus Capellanes. Benito Godoy. Sn Jorje de Bea 26 de Julio de 1868”.

Santa Cristina de Vinseiro e San Xurxo de Cereixo

Nas parroquias de Vinseiro e Cereixo houbo tres capelas:

“Una la fundó el Dn. Antonio R[odríguez] de Leira, en el lugar de Correanes [...]; y se intitula del Angel de la guarda [...]. Y en la parroquial de Sn Gorge de Cereijo se halla una capilla [...] fundada por dn. Francisco Reimondez Figueroa Cura que ha sido de ella advocacion del S[an]to n[omb]re de Jesus”¹⁰⁵.

A primeira delas é sen dúbida a fundada no lugar de Correáns polos señores de Leira, fronte ao seu pazo e que o doutor Antón Rodríguez de Leira edificou e dotou “*para los reparos y ornatos en diez y ocho ferrados de zenteno y dos gallinas que cobraba de renta en el lugar y heredad do Mato, sin obligación de misas*”¹⁰⁶. Voltamos a topar con esta familia, que gañou real providencia de fidalguía no 1797 e conservaba parte do dereito de presentación do beneficio de Vinseiro e Cereixo. O exercicio do padroado estaba dividido en tres partes: unha residía nos veciños e no mordomo fabriqueiro como seu representante, outra no posuidor do vínculo dos Muros (esto é, na familia Leira) e a última nos sucesores do vínculo fundado por Gregorio Núñez. No ano 1709 houbo preito entre varios opositores ao beneficio: Antón Pulleiro (Colexial no de Pasantes de Santiago), o licenciado Antón Andújar, Antón de Leira Fernández, Francisco de Leira... . A sentenza dirimiu que lle tocaba presentar unha terceira parte a Xoán Núñez Moscoso, veciño de Compostela, como fillo de Estevo Núñez de Miranda, sucesor no vínculo creado polo licenciado Gregorio Núñez. Outra aos veciños das freguesías. E a última a Xoán de Leira, como sucesor de Pedro de Leira.

Uns anos despois, a 21 de maio 1768, o monarca español nunha real orde a xeito de circular poñía de manifesto situacións como esta, que non debía ser estranas:

“han llegado a noticia de la Cámara con mucha certidumbre los escándalos, simonías y sobornos que comunmente intervienen en las Provisiones de

105 F. X. 378.

106 F. Prs. Vinseiro, Santa Cristina. Administración parroquial.

Beneficios por la maior parte curados que hay de presentación popular, familiar y gentilicia en crecido número en Asturias, León y Galicia, de lo cual se sigue daño en lo espiritual y temporal a los pueblos y feligreses por la dilatada vacante de las iglesias que ocasiona la multitud de voces y los porfiados pleitos que suele haber entre los diferentes presentados a un mismo beneficio”.

Mostra do sinalado pola cámara do rei é o que voltou a acontecer no 1796, cun novo preito sobre o establecemento de alternativa para os turnos de presentación de ambas parroquias entre dona Xacoba Moscoso Taboada Núñez e Miranda (filla de don Bernardo Moscoso), “*educanda en el Real Monasterio de San Payo de Antealtares*” co fabriqueiro e outros veciños e con don Manuel Ramón de Leira e Castro, tenente de cabaleiría e dono da casa e pazo dos Muros, agregado á praza de Tui. Xacoba decía que por morte dos seus pais era posuidora dos vínculos e morgados da familia. Pola súa parte os veciños, previa xuntanza no adro parroquial, chegaran á conclusión de “*que a dicha presentación no tiene parte doña Jacoba Moscoso y Taboada ni la han tenido sus antepasados y si la hicieron en alguna vacante ha sido corruptela y apropiamiento*”, outorgando poder a procuradores para que se opuxesen ao suposto dereito de Xacoba. E Manuel Ramón de Leira sostiña tamén que na súa persoa residía a maior e mellor parte do dereito de presentación (de feito o seu irmán Antón era xa rector de ambas freguesías).

Solventouse o trámite co recurso ao sorteo de quendas de presentación, por medio de “*tres boliches preparados [que] se entraron en un sombrero*” do que un rapaz sacou ao chou un deles¹⁰⁷.

Posteriormente, por sentenza de 6 de Abril de 1906 declarouse

“ser de presentación y patronato laical, divide su ejercicio por terceras partes iguales pertenecientes una al sucesor en el vínculo fundado por el Rc. Gregorio Núñez, Cura que ha sido de Santo Tomé de Quireza; otra al dueño y poseedor de la Casa, pazo y vínculo, titulado de los Muros, sitios en la parroquia de San Pedro de Parada y la tercera restante en la Corona; haberse establecido alternativa turnaria para el uso del derecho de presentación”.

107 F. P. V-87.

E aínda o 15 de xullo de 1927 seguían os Leira exercitando o seu dereito:

“Escritura de presentación. En el lugar de Senra, de la parroquia de San Salvador de Escuadro, [...] Silleda, a catorce de Julio de mil novecientos veintisiete. Ante mi Don Agustín Rodríguez Porto, Notario eclesiástico, asignado al Arciprestazgo de Tabeirós, [...] comparece el Sr. Don Gerardo Leira Ogando, de sesenta y dos años, viudo [...], con residencia accidental en este lugar y vecino de Santiago, [...] y dice: Que por legítima titulación de sucesión hereditaria, viene ejercitando el derecho de presentar el beneficio curado de santa Cristina de Vinceiro y su unido San Jorge de Cereijo [...], que se halla vacante por defunción del que lo poseía; [...] expone: Que lo presenta en primer lugar en Don Manuel Costa Caramés, Cura párroco de Santiago de Tabeirós y [...] Parada; en segundo lugar, en Don Manuel López Constenla, Presbítero de San Andrés de la Somoza [...], y en tercer lugar, en Don Senén Constenla Costa, Cura Párroco de la villa de San Andrés de Cabañas [...], en el partido de Puente deume, todos ellos aptos e idóneos [...]. Jura que para hacer la presentación de orden señalado, no ha mediado simonía, oferta o dádiva [...]. Suplica al Reverendísimo Ordinario de la Diócesis, e Ilustrísimo Sr. Provisor de la Jurisdicción a que el beneficiado corresponde, se digne darle colación e institución canónica”¹⁰⁸.

Da capela do Bo Xesús, incluso no colateral da Epístola da vella e desaparecida igrexa de Cereixo, sabemos que no século XVIII era padroeiro Xaquín Reimóndez, “*vezino del Rivero de Avia*”, que cumpría cas seis misas anuais¹⁰⁹.

Poidemos consultar unha copia do ano 1728 da escritura de fundación orixinaria, pola que sabemos que no 1681 o rector Francisco Reimóndez Figueroa

“tenía voluntad de instituir una Capellanía de la Advocación del Santo Nombre de Jesús con seis misas rezadas perpetuas [...] en [...] Cereijo [...], en el Altar Colector del Santo Xpto della, del lado de la Epístola”. Dotouna coa casa que tiña “en la Villa de la Puente de la Ulla [...], con su parral, y viña [...], con más el lugar que se dize de Puente Roris con sus propiedades, montes, Árboles [...], con más el prado y heredades de la Puente Liñares, [...] que llevaran de sembradura diez cargas de zenteno, y el dicho lugar de la fuente Roris seis cargas, con más una casa que tiene en el lugar do Viso son su alto [...], con más doze

108 F. Prs. Santiago de Tabeirós e San Pedro de Parada.

109 Tamén os Leira figuran como liñaxe orixinaria desa parte da xeografía galega, vencellados ao dominio de zonas vinícolas.

ferrados de zenteno que le paga de renta cada ano Francisco Figueiras vz^o de [...] Moreira, sobre el lugar de Moreira [...] nombro por Patrono Yn solidum de la dicha Capellanía a Bartolomé Reimóndez Figueroa, escribano de Su Magestad vz^o de [...] Lagartones, y después de el sus hijos lexítimos”.

Mediado o século XVIII realizouse unha agregación de bens á capellanía: na freguesía de Santo Adrián de Bieite, o 24 de agosto de 1754 pareceu presente Bernardo Reimóndez de Figueroa

“vezino de dicho lugar y dijo que como sucesor en la Casa y maiorazgo que fundó Don Francisco Reimóndez de Figueroa Cura y retor que fue de Santa Xpina de Vinzeiro por muerte de Don Bartolomé Reimóndez de Figueroa su padre [...] le compete y corresponde la presentación de la Capillanía [...] que actualmente se alla baca por muerte de Don Jorje de Andújar [...] que existe en San Jorje de Zereijo [...], y por lo mismo [...] la avía presentado en Don Fernando Joaquín Reimóndez de Figueroa su hijo primo xénito estudiante. [...] dicha Capellanía a la que por avérsele obscurezido algunos vienes por discuido de sus Capellanes el expresado Don Bartolomé Reimóndez su primer patrono y Padre del referido [...] para que más bien llegase a la congrua y sufiziente sustentación de los Capellanes [...] le agregó [...] el Casal de Fuente Rariz que se compone de una Casa [...] y dos huertas con sus frutales [...] reeditaré por un quinquenio veinte y un ferrados de zenteno y trigo por mitad”, outros anacos de prado en Lagartóns... “sólo a fin de que a título de dicha Capellanía pueda hordenarse asta de horden Sacro el mencionado Don Joaquín Reimóndez de Figueroa su hijo primo xénito”.

Suplica ao Provisor que admita a agregación dos bens¹¹⁰.

Unha terceira capela estivo no lugar de Viso de Baixetes, fundación de Antón Bermúdez da Pena e da súa muller Xacinta Reimóndez Figueroa “a la qual agregaron diferentes bienes”¹¹¹. A escritura de fundación, de 2 de abril de 1703, confirma que don Antón e dona Xacinta tiñan intención de erexir unha ermida e capela de advocación ao Santo Anxo da Garda no lugar de Viso de Baixetes, con fundación e aniversario de misas (unha cantada e cinco rezadas cada ano). Para tal fin aportaron bens ante o escribán Pedro Pérez de

110 F. Prs. Cereixo, San Xurxo. Administración parroquial.

111 Id.

Ibías. O rector de Vinseiro informou da idoneidade do lugar no que pensaban erguer a capela:

“Camino Real para muchas partes, y distante de la Iglesia [...] un gran pedazo”. “Y en dicha feligresía de Vinseiro donde es vecino el contenido en dicha petición hay una capilla que erixió el Doctor don Antonio Rodríguez de Leira en el lugar de Correáns advocación del Santo Ángel de la Guarda”. Mais pide o cura que, outorgándolle licenza para facela “no consienta que los feligreses de estas dichas mis feligresías los días festivos oigan misa en dicha Capilla”.

Eran ambos fundadores de rexa familia e aínda no 1762, con motivo do conflito con Inglaterra, dous netos deles, don Xosé e don Carlos Bermúdez Figueroa, alistáronse como fidalgos na 1ª compañía de nobles de a pé de Santiago, ao mando do marqués de Astariz¹¹².

Debemos adicar unhas palabras á actual igrexa de Cereixo, debido ao seu carácter de santuario e centro espiritual, tamén baixo o control dos Leira durante boa parte do século XVIII. No seu entorno celébrase aínda unha romería en catro domingos sucesivos, mais convén facer fincapé sobre o feito de que con anterioridade existiu outro templo que facía as funcións parroquiais e que foi substituído polo que hoxe vemos.

Conclusiones

A capacidade produtiva dun determinado territorio ou circunscripción (neste caso a parroquia) para producir rendas susceptibles de destinarse ao culto e, polo tanto, de ser detraídas das canles habituais, semella ser un dos factores relevantes que condicionan a presenza ou ausencia de fundacións e capelanías nas diversas parroquias. Debido a que estas figuras se sustentaban sobre bens raíces ou rendas provintes deles, a posibilidade de dispoñer destes recursos dependía moitas veces máis do propio ecosistema, da súa extensión e das posibilidades de explotación do mesmo por parte dunha poboación, que da densidade desta en cada parroquia.

¹¹² Pérez Constanti, P. Op. cit. Páx. 20.

Así, freguesías de escaso potencial demográfico soportaban un elevado número de fundacións e mesmo de ordeados en sagradas ordes (que debían demostrar que tiñan bens suficientes para producir a congrua que lles esixía a ordeación sacerdotal).

Quere esto decir, de forma sucinta, que condicionantes do medio natural e físico de cada parroquia, como a maior dispoñibilidade de recursos agrarios ou mesmo de cauces fluviais provocaban unha maior profusión de cregos e de capelanías. Desta forma e non doutra podemos explicar que freguesías como Paradela (de escasa superficie e poboación) soportasen, proporcionalmente ao seu tamaño, un número máis elevado de cregos e fundacións eclesiásticas que outras de maior pulo demográfico.

Esperamos afondar proximamente neste tema, do que o anterior inventario non é senón un instrumento de traballo que, xunto a outros indicativos, semellan demostrar a relación existente entre os cursos fluviais e o seu aproveitamento tradicional (o noso concello, por exemplo, conta con máis de 600 muíños de ribeira) e o número de ordeados ou a carga de fundacións que soportaba cada parroquia.

Mais o obxecto fundamental das páxinas anteriores era dar a coñecer o importante elenco fundacional das nosas parroquias, figuras nas que subxacen moitas das celebracións que aínda a día de hoxe –cada vez menos– festexamos sen saber ben o motivo. Velaí o xérmolo de romerías como a do Santuario da Grella de Codeseda ou as de Nosa Señora das Neves e a de Santa Paderna en Arnois, que non deixan de ser fundacións das que xa se perdeu a memoria, mais non o costume da festa. Deste xeito, unhas creacións propias do que poderíamos denominar relixiosidade das elites locais pasou a integrarse na relixiosidade popular, a cotío máis vencellada ás cofradías e a outras formas de expresión cultural.

Tamén queríamos facer fincapé noutros casos, nos que o que se botou a perder non foi a memoria colectiva da festividade, senón incluso o propio lugar de culto: a capela de Xerliz en Guimarei, a das Quintas de Codeseda, a do Espírito Santo de Figueroa, a de

Castrotión de Oca, a da Virxe Pelegrina na Estrada... e con elas estragouse o noso patrimonio e a nosa cultura. Pasaron a formar parte desa categoría que, non sen certa sorna, denominamos arquitectura extinguida. E continuamos a facer méritos ollando impasibles como o que queda se derruba froito da desidia, a ignorancia, a especulación ou a comenencia.

Fontes arquivísticas e abreviaturas

O material arquivístico consultado custodiase nos fondos do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela:

F. Prs: Fondos parroquiais, seguida da advocación da parroquia en cuestión.

F. X: Fondo Xeral do Arcebispado de Santiago de Compostela

F. P: Fondo do Provisorato.

E nos do Museo de Pontevedra:

F. X. 2. 2. 1.

Bibliografía

AZURMENDI IGLESIAS, Francisco. *Capelas e Santuarios do concello da Estrada*.

En: A Estrada. Miscelánea histórica e cultural, nº 6 (2003).

BAJÉN ESPAÑOL, Melchor. *Beneficios y Capellanías: manifestación de la devoción popular*. En: Memoria Ecclesiae, nº IX (1996).

Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago. Santiago: Imprenta del Seminario, 1862-2005.

BOUZA BREI, F. "Pila bautismal con epígrafe de Montillón". En: *Compostellanum*, tomo XII, nº 4, 1967. Páxs. 651-652.

Código de Derecho Canónico y Legislación Complementaria. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1957.

Código de Derecho Canónico. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1991.

Colección de los Concordatos y demás Convenios celebrados después del Concilio Tridentino entre los Reyes de España y la Santa Sede. Madrid: Imprenta de D. José C. de la Peña, 1848.

DEL HOYO, Jerónimo. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto Editores, 1971. (Edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome. Transcripción do manuscrito orixinal do ano 1607, que se garda no Arquivo da Mitra Compostelana; AHDS, Fondo Xeral, leg. 496).

Diccionario de Ciencias Eclesiásticas: Teología Dogmática y Moral, Sagrada Escritura, Derecho Canónico y Civil, Patrología, Liturgia, Disciplina Antigua y Moderna, Historia Eclesiástica, Papas, Concilios, Santos, Órdenes Religiosas, Cismas y Herejías, Escritores, Personajes Célebres, Arqueología, Oratoria Sagrada, Polémica, Crítica, Misiones, Mitología, Errores Modernos, etc., etc., y principalmente cuanto se refiere a nuestra España. Barcelona: Librería de Subirana Hermanos, Editores, 1883-1890 (10 vols.).

Diccionario de la lengua castellana en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrasas o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua. Madrid: Imprenta de la Real Academia Española, 1732.

El Sacrosanto y Ecuménico Concilio de Trento, traducido al castellano por Don Ignacio López de Ayala. Madrid: Imprenta Real, 1785.

FERNÁNDEZ CASTRO, J. A. *La capilla y el círculo lítico de Castrotión-Oca*. En: El Museo de Pontevedra, vol. XXXVI (1982).

FERRERES, Juan B. *Instituciones Canónicas con arreglo al Novísimo Código de Pío X, promulgado por Bedenicto XV y a las prescripciones de la disciplina española y de la América Latina*. Barcelona: Subirana, 1920. 2 vol. (3ª ed. correxida e aumentada).

GARCÍA GARCÍA, RICARDO. *Constitucionalismo Español y legislación sobre el factor religioso durante la primera mitad del siglo XIX (1808-1845)*. Valencia: Tirant lo Blanch, 2000.

GONZÁLEZ LOPO, Domingo. *Un aspecto de la mentalidad religiosa gallega de los siglos XVII y XVIII: La fundación de Obras Pías*. En: Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González (tomo I). Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade, 1987.

GONZÁLEZ LOPO, Domingo. *Mentalidad religiosa y comportamientos sociales en la Galicia Atlántica (1550-1850)*. En: Obradoiro de Historia Moderna, nº 11 (2002).

- GONZÁLEZ LOPO, Domingo. *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 2002.
- MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. *Diccionario de la Administración Española: Compilación de la Novísima Legislación de España Peninsular y Ultramarina en todos los ramos de la Administración Pública: Comprende la definición de todas las voces de la legislación administrativa; un extenso y razonado repertorio de las disposiciones del Derecho Civil; el texto de los Códigos, Leyes, Reales Decretos, Reglamentos e Instrucciones vigentes sobre cada materia hasta 1891; los puntos resueltos por la Jurisprudencia del Consejo de Estado, del Tribunal Supremo y del Contencioso-Administrativo; doctrinas, dictámenes, informes y otros datos sobre los más importantes ramos de la Administración, etc, etc., y un esmerado índice cronológico general de toda la obra*. Madrid: Administración, 1892. (5ª ed.).
- Novísima legislación sobre capellanías colativas de sangre y otras fundaciones piadosas*. Reseña histórica, precedentes legales, aclaraciones, notas y comentarios para más fácil inteligencia del convenio celebrado con la Santa Sede y publicado por real decreto con fuerza de ley de 24 de junio de 1867 [...] publicada por la redacción de El Amigo del Clero. Madrid: Imprenta de D. Pedro Laserna, 1867.
- PÉREZ CONSTANTI, Pablo. *Linajes Galicianos*. Consorcio de Santiago de Compostela, 1998.
- PICALLO FUENTES, H. *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. En: *A Estrada miscelánea histórica e cultural*, nº 7 (2004).
- PORTO RICO, D. “Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros”. En: *A Estrada miscelánea histórica e cultural*, nº 8 (2005).
- REIMÓNDEZ PORTELA, M. *A Estrada rural*. Deputación de Pontevedra, 1990.
- SÁ BRAVO, Hipólito de. *El Monacato en Galicia*. A Coruña, 1972. 2 volumes.
- VICENTI, Alfredo. *A orillas del Ulla (Perfiles gallegos)*. Obra publicada por entregas entre 1875 e 1879.